Geres-Xeres	232.687,20	36.793,20	36.793,20	----	19.5817,77	----
Cazorla, Segura,	210.116,67	210.116,67	210.116,67	----	----	----
Bejar-Francia	199.203,76	199.203,76	199.203,76	----	----	----
Sierra Nevada	172.238,04	172.238,04	172.238,04	----	----	----
Eo-Oscos-Burón	159.293,53	159.293,53	159.131,52	162,01	----	----
La Siberia	155.380,82	155.380,82	155.380,82	----	----	----
Lanzarote	125.645,00	125.645,00	84.467,62	40.488,07	----	----
Leza, Jubera,	121.827,84	121.827,84	121.827,84	----	----	----
Maríñas Coruñesas	117.282,45	117.282,45	114.359,57	2.866,45	----	----
Monfrague	116.161,80	116.161,80	116.161,80	----	----	----
Manzanares	105.823,96	105.823,96	105.823,96	----	----	----
Gran Canaria	103.594,42	103.594,42	65.994,42	37.600,00	----	----

Táboa 3.7. Reservas de Biosfera españolas declaradas no ano 2022 que posúen máis de 100.000 ha de superficie. Datos: OAPN & UNESCO

A Reserva de Biosfera Terras do Miño contacta con outros compoñentes da Rede Española e Galega de Reservas da Biosfera. Polo W establécese o contacto coa Reserva de Biosfera Maríñas Coruñesas e Terras do Mandeo, establecéndose a divisoria entre ambas as reservas a través de pequenas unidades montañosas integradas nas Serras Centrais de Galicia, que serven ademais como límite entre as provincias da Coruña e de Lugo. Polo NW o contacto realízase coa Reserva de Biosfera Eo – Oscos e Terras do Burón, empregando a divisoria de concas entre o Miño e os ríos que verten ao Cantábrico como límite ente ambas as Reservas. Polo Sur e dando continuidade ao eixo principal do río Miño, prodúcese un amplo contacto e continuidade coa Reserva de Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel.

A Reserva de Terras do Miño é pois un elemento crave en ámbito das Reservas de Biosfera distribuídas na Rexión Atlántica Ibérica e en consecuencia ten un papel determinante na configuración da Rede Española de Reservas de Biosfera e da Rede Galega de Reservas de Biosfera.

Rede Española de Reservas de Biosfera




Figura 3.3.- Rede Española de Reservas de Biosfera. Configuración no ano 2022. Fonte: OAPN.

A Rexión Biogeográfica Atlántica inclúe na Península Ibérica un amplo territorio que abarca a franxa costeira Cantábrica e a do Norte do Atlántico, discorrendo desde a fronteira con Francia ata a zona central de Portugal. Desde a área litoral a Rexión Atlántica prolóngase cara ao interior a través de vales fluviais, depresións sedimentarias e pequenos contrafortes ata alcanzar os relevos de maior altura que serven de divisoria coas áreas continentais ibéricas. Os factores ambientais e os usos humanos determinaron que a área Atlántica posúa unha configuración paisaxística propia e diversa, que sustenta unha gran diversidade de hábitats e especies de flora e fauna silvestre considerada como endémica, rara ou ameazada de extinción. No seo da Rexión Atlántica Ibérica declaráronse 20 Reservas de Biosfera que se distribúen en territorios pertencentes á Comunidade Autónoma do País Vasco, Cantabria, Asturias, Galicia, Castela-León e o Norte de Portugal, que representan unha superficie de 1.891.426 ha.

Rede Española de Reservas de Biosfera

Rexión Bioxeográfica Atlántica

Nome abreviado da Reserva de Biosfera	n	Galicia / Portugal	Superficie	Año
Terras do Miño	01	Galicia	363.752 ha	2002
Transfronteriza Gerés-Xurés	02	Galicia - Portugal	330.874 ha	2009
Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel	03	Galicia	306.535 ha	2021
Río Eo, Oscos y Terras de Burón	04	Asturias - Galicia	159.379 ha	2007
Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo	05	Galicia	116.724 ha	2013
Valles de Omaña y Luna	06	Castilla y León	81.159 ha	2005
Picos de Europa	07	Asturias, Cantabria, Castilla y León	64.315 ha	2003
Ancares Leoneses	08	Castilla y León	56.786 ha	2006
Muniellos	09	Asturias	55.657 ha	2000
Ancares Lucenses	10	Galicia	53.664 ha	2006
Las Ubiñas - La mesa	11	Asturias	45.163 ha	2012
Babia	12	Castilla y León	38.146 ha	2004
Redes	13	Asturias	37.803 ha	2001
Alto Bernesga	14	Castilla y León	33.442 ha	2005
Los Argüellos	15	Castilla y León	33.260 ha	2005
Somiedo	16	Asturias	29.121 ha	2000
Urdaibai	17	País Vasco	22.041 ha	1984
Valle de Laciana	18	Castilla y León	21.700 ha	2003
Área de Allariz	19	Galicia	21.482 ha	2005
Ponga	20	Asturias	20.506 ha	2018
		Total	1.891.426 ha	

Reserva de Biosfera [Reserva de Biosfera]. Número representado no mapa de figura 1.4 [Nº]. Comunidade Autónoma á que pertence a Reserva de Biosfera [Comunidade Autónoma]. Superficie da Reserva de Biosfera en hectáreas [Superficie]. Ano de declaración da Reserva de Biosfera [Año].

Táboa 3.8.- Reservas de Biosfera designadas na Rexión Atlántica da Península Ibérica.

Reservas de Biosfera na Rexión Atlántica Ibérica




Figura 3.4. Mapa das Reservas de Biosfera ubicada total ou parcialmente na Rexión Bioxeográfica Atlántica na Península Ibérica. Os números correspóndense coa relación de Reservas indicadas na táboa 3.8

3.1. Espacio xeográfico

A Reserva sitúase no NW da Península Ibérica, quedando delimitada na súa maior parte pola conca alta do río Miño, terreo de topografía predominantemente chá que se sitúa entre os 600 m e os 350 m de altitude, xunto cos rebordes montañosos da conca que configura a divisoria fronte aos cursos que desembocan no Mar Cantábrico (Crecente Maseda & Ramil-Rego et al. 2001; Gómez Orellana et al. 2008; Ramil Rego & Crecente Maseda 2009). O reborde montañoso Norte, está delimitado pola Serra do Xistral (1.050 m) e outros contrafortes montañosos (Serra da Carba, Serra da Faladoira). O reborde montañoso W vén marcado polas Serras Centrais de Galicia (Sierra da Cova dá Serpe, Sierra da Loba, Sierra do Careón) e ao W polos contrafortes occidentais da Cordilleira Cantábrica (Serra de Meira, Serra do Miradoiro, Serra do Puñago). O peche Sur da Reserva de Biosfera coincide co denominado tramo medio de Río Miño, no que este curso fluvial sofre un progresivo encaixonamento (Otero Pedrayo 1926, Pérez Alberti 1986), que contrasta coa horizontalidade que marca a conca alta.

Dacordo coas clasificacións efectuadas a nivel Peninsular (Rivas-Martínez 1987, 1996, 1997; Rivas Martínez & Loidi 1999) e Gallego (Rodríguez Guitián & Ramil-Rego 2007, 2008), a Reserva de Biosfera inclúese integramente dentro do "Macrobioclima temperado". A área montañoso setentrional (Serra do Xistral) correspondería ao "Bioclima Hiperoceánico - Subhiperoceánico", mentres que o resto do territorio adscribiríase ao "Bioclima Oceánico - Semihiperoceánico" (Rodríguez Guitián & Ramil-Rego 2007, 2008).

As diferentes propostas de sectorización bioxeográfica do NW Ibérico inclúen a área da Reserva da Biosfera dentro da Rexión Bioxeográfica Atlántica ou Eurosiberiana na Provincia Atlántico Europea (Rodríguez Guitián & Ramil-Rego 2007). A zona montañoso setentrional (Serra do Xistral) pertencería ao Sector Galaico-Asturiano, mentres que o resto da Reserva adscribiríase ao Sector Galaico interior (Rodríguez Guitián & Ramil-Rego 2007).

Esta Reserva alberga unha importante superficie de humidais, tanto de montaña como asociados a depresións, incluíndo humidais lacunares, higrófilos e higróturfófilos, constituíndo o complexo de humidais de maior importancia para a conservación da biodiversidade do SW Europeo (Ramil Rego et al. 1995, 2005a; Martínez Sánchez 2006; Ramil Rego & Domínguez Conde 2006). As características morfolóxicas, hidrolóxicas e sedimentolóxicas da conca propician a existencia dun complexo sistema de humidais topóxenos, así como un gran número de pequenos acuíferos interrelacionados co sistema fluvial, o cal posúe unha gran importancia (Seara Valero 1996, Ramil Rego et al. 1996).

A área montañoso setentrional alberga unha importante superficie de humidais de montaña conformada por queirogais húmidos, turbeiras altas e turbeiras de cobertor (Izco & Ramil Rego 2001). As turbeiras de cobertor da Serra do Xistral constitúen a mellor e máis ampla representación deste hábitat prioritario na Península Ibérica. O mosaico conformado polas turbeiras de cobertor, as turbeiras altas e os queirogais húmidos son o reflexo da dinámica climática e ambiental acaecida nesta área montañoso ao longo do Pleistoceno e o Holoceno. Un mosaico configurado por hábitats de interese comunitario de carácter prioritario que sustenta unha rica biodiversidade de especies de flora e fauna características dos humidais de montaña (Ramil Rego et al. 2008a, 2008b).

Pola contra, nas zonas de menor altitude, o sistema de humidais mostra unha menor proporción de medios turbosos, estando ausente as turbeiras de cobertor, con presenzas puntuais de turbeiras altas e moi escasa de turbeiras baixas, mentres que persiste unha importante superficie de queirogais húmidos, así como de formacións herbáceas (herbais de Molinia, xunqueiras, espadanaís, tifais, carrizais), así como unha importante representación de distintos tipos de medios lagunares e de bosques húmidos (bosques de ribeira, bosques aluviais, bosques pantanosos).

Configuración territorial da Reserva de Biosfera Terras do Miño




Figura 3.5.- Delimitación xeográfica da Reserva de Biosfera Terras do Miño. Imaxe da esquerda: Principais elementos xeográficos. Imaxe da dereita: Hipsometría.

A hidroloxía superficial da conca alta do Miño, configuran unha importante rede de corredores ecolóxicos fluviais, que se desenvolve de forma continua desde os cursos de orde xerárquica inferior (1-2) emprazados na zona de montaña, ata cursos medios (3-4) e maduros (5-6-7), que mantén unha dinámica natural ou próxima á naturalidade. Nos corredores fluviais, xunto cos ecosistemas e hábitats característicos dos medios fluviais (medios acuáticos e anfibios), atópanse distintas superficies representadas por ecosistemas e hábitats higrófilos e lagunares, que se mesturan con áreas representadas por ecosistemas e hábitats climácicos. Os distintos tipos de hábitats sustentan unha rica e variada diversidade de comunidades e especies de flora e fauna, tanto acuática como higrófila, cun importante número de elementos endémicos, raros ou ameazados. O conxunto dos corredores ecolóxicos fluviais da Reserva de Biosfera Terras do Miño, dada a súa naturalidade e diversidade, constitúen unha das mellores representacións da Rexión Atlántica da Península Ibérica (Amigo et al 1987, Rodríguez Guitián et al. 2001, Ramil Rego et al. 2005a, Rodríguez Guitián, 2004; Rodríguez González, 2008; Rodríguez González et al. 2004, 2008; Rodríguez Guitián & Ferreiro da Costa 2011).

Por outra banda, a Reserva de Biosfera alberga tamén unha rica representación de bosques climácicos (Rodríguez Guitián 2004) conformados por diversos tipos de carballeiras (*Quercus robur*, *Quercus pyrenaica*), cunha gran diversidade de especies vasculares. Estes bosques constitúen o límite de distribución occidental de numerosas especies, entre as que cabe destacar *Fagus sylvatica* (Rodríguez Guitián et al. 2001, Rodríguez Guitián & Ferreiro da Costa 2011).

Configuración territorial da Reserva de Biosfera Terras do Miño








Figura 3.6.- Modelo digital del terreno (MDT) da Reserva de Biosfera Terras do Miño.

Configuración territorial da Reserva de Biosfera Terras do Miño



Mapa de pendentes da Reserva de Biosfera Terras do Miño. Fonte Reques et al.

Configuración territorial da Reserva de Biosfera Terras do Miño



Mapa de pendentes da Reserva de Biosfera Terras do Miño. Fuente Reques et al.

3.2. Climatoloxía

A caracterización climática da Reserva de Biosfera confeccionouse a partir dos traballos previos realizados por Díaz-Fierros (1971,1996), Carballeira et al. (1983), Castelao & Díaz-Fierros (1992), Izco et al. (1997); Martínez Cortizas & Perez-Alberti (1999) e Uña Álvarez (2001) e Ramil-Rego et al (2009). Na Reserva de Biosfera existe un importante número de estacións meteorolóxicas, situadas tanto na zona periférica montañosa (3), como na zona central (10). A máis antiga das estacións é a de Punto Centro, (Aeródromo de Rozas, Castro de Rei) con rexistro continuo desde 1961 e pertencente á rede xestionada pola Axencia Estatal de Meteoroloxía, mentres que o resto das estacións (12) son da rede de Meteogalicia, xestionadas pola Xunta de Galicia.

A precipitación anual oscila, entre as distintas estacións, entre 900-1.400 mm. Os meses máis chuviosos correspóndense con novembro, decembro, xaneiro e febreiro, que habitualmente rexistran máis do 40-50% da precipitación anual. Pola contra, nos meses de xuño, agosto e setembro, as precipitacións diminúen, sen rexistrarse un período de seca (tres meses consecutivos sen achega pluvial). Nos últimos 50 anos a neve é un fenómeno meteorolóxico cada vez máis raro, na maioría dos anos o acumulo de neve soamente permanece unha ou dúas semanas nas áreas de maior altitude, mentres que nas zonas máis baixas dificilmente se rexistra a presenza de neve durante máis de 3-5 días.

Climograma estación de Lugo (Lugo)





Figura 3.7. Climograma da estación de Lugo. Fonte: Climate-Data.org.

Os rexistros térmicos obtidos nas estacións da Reserva e Biosfera Terras do Miño permiten tipificar o clima da zona como "fresco". A temperatura media anual oscila entre as diversas estacións entre 11-12 °C nas estacións situadas nas zonas baixas (<450 m) mentres que se establece entre 10-11 °C nas estacións situadas nas zonas máis altas (>450 m). A oscilación térmica anual é de 10-13 °C.

O período máis frío correspóndese frecuentemente cos meses de Decembro-Xaneiro-Febreiro, sendo xeralmente o mes máis frío o de Xaneiro. A temperatura máxima anual tende a coincidir co mes de Agosto, aínda que en ocasións rexístranse igualmente valores elevados en Xullo. Os valores de evapotranspiración son relativamente baixos, os mínimos localízanse nas zonas de montaña, provocados tanto pola maior nebulosidade e humidade ambiental como polas frecuentes néboas que reducen a taxa de insolación. Estes valores xunto coas elevadas precipitacións existentes darán como resultado valores positivos do balance hídrico en toda a zona.

Estación meteorolóxica: Xistral (Muras)




Estación meteorolóxica: Xistral (1.031 m). Ubicación: Pico Xistral. Termo Municipal de Muras. Período de rexistro: 01/01/2020 a 30/04/2023. Fonte de datos: Meteogalicia. Xunta de Galicia.

O clima da Reserva de Biosfera Terras do Miño vén determinado tanto pola súa proximidade ao litoral Cántabro-Atlántico, como pola súa condición de área interior no contexto do territorio galego. Deste xeito, Rio Barja (1969), adscribía o clima deste territorio dentro do macroclima "Océanico" e do tipo "Subcontinental Húmido". López Andion et al., (1996) matiza esta clasificación, considerándoo como "subcontinental". Utilizando a Clasificación de Strahler (1964) o clima da Reserva de Biosfera tipifícase


dentro do tipo "Clima de Latitudes Medias" e do subtipo "Marítimo da Costa Oeste". Segundo a clasificación da UNESCO-FAO, corresponderíalle o tipo "Temperado húmido" e na clasificación de Kopen-Geiger (Geger & Porhl, 1953) identifícase como "Temperado chuvioso de veráns secos e cálidos".

Estación meteorolóxica: Cospeito (Cospeito)



Estación meteorolóxica: Cospeito (408 m). Ubicación: Lagoa de Cospeito. Feira do Monte. Termo Municipal de Cospeito. Período de rexistro: 01/01/2020 a 30/04/2023. Fonte de datos: Meteogalicia. Xunta de Galicia.

Estación meteorolóxica: Lugo (Lugo)



Estación meteorolóxica: Lugo (400 m). Ubicación: Lugo, Campus Universitario. Termo Municipal de Lugo. Período de rexistro: 01/01/2020 a 30/04/2023. Fonte de datos; Meteogalicia. Xunta de Galicia.

3.3. Xeodiversidade

As primeiras referencias sobre a xeoloxía do Alto Miño proceden de H. Schultz (1835) que nos seus traballos de campo indica a existencia de sedimentos terciarios na zona, á vez que describe diversas explotacións e aproveitamentos dos recursos mineiros e xeolóxicos. Os datos aquí expostos baséanse fundamentalmente nos traballos de: Sole Sabaris (1952); Parga Pondal (1958); Medus & Nonn (1963); Lautensach (1967); Capdevila et al. (1964); Parga Pondal & Aleixander 1966; Parga Pondal et al. 1983; Medus (1965); Nonn (1966); Capdevila (1966; 1969); Mathe (1968), Walter (1968); I.G.M.E. (1981); Álvarez Menéndez et al. (1975); García Salinas et al. (1975); Arce Duarte et al. (1978); Pérez Alberti (1986); Ramil Rego (1992); Martín-Serrano (1994); etc.

Mapa xeolóxico




Figura 3.8. Principais materiais xeolóxicos da Reserva de Biosfera Terras do Miño.

Estratigrafía

Das cinco zonas estratigráficas establecidas por Matte (1968) para o NW da Península Ibérica, o Alto Miño, incluíriase na zona III, tamén coñecida como Galicia Oriental. Estratigráficamente esta zona caracterízase pola existencia dun Precámbrico de facies esquistosa; un Cámbrico completo e esquistoso, existindo unha clara discordancia entre o Cámbrico Superior e o Silúrico. Este último, estaría representado por unha grande diversidade de facies que continuarán ao longo do Ordovícico Superior. Os materiais de orixe Precámbrico ou Cámbrico presentes na conca forman parte da unidade do Domo de Lugo (IGME, 1981). As características estratigráficas son semellantes ás do occidente asturiano e leonés, e por iso algúns autores intégrana dentro da zona Asturoccidental-leonesa, dominio do Manto de Mondoñedo (Lotze, 1945).

Os materiais de orixe Precámbrico ou Cámbrico foron posteriormente afectados por movementos oroxénicos, intrusión de rochas graníticas e metamórficas atopándose na actualidade recubertos por sedimentos detríticos finos do Mioceno Superior, materiais sobre os que se desenvolven os ciclos deposicionais e edáficos Cuaternarios. A máxima potencia alcánzase ao Norte da Reserva (100-150), mentres que cara ao Sur o espesor dos sedimentos diminúe progresivamente ata chegar aos 25-30 m; en dirección Oeste-Leste, a profundidade varía entre 10 e 40 m no centro da conca, obtendo os valores medios de 25-30 m (Castelao & Diaz-Ferros, 1992).

Tectónica

A tectónica da Reserva de Biosfera mostra trazos característicos da cadea herciniana do NW da Península Ibérica; as deformacións ante hercínicas e a fase de pregamentos hercínicas:

Deformacións antihercínicas.- As deformacións máis antigas e de maior intensidade producíronse durante a deposición de materiais xisto-arenosos durante Precámbrico Superior ou no Cámbrico. Debido a deformación e o metamorfismo mesozonal non se evidencian discordancias entre o Precámbrico e o Cámbrico.

Fase de pregamentos hercínicas. – Os pregamentos hercinianos sucedéronse no tempo cunha distribución, unha intensidade e un estilo diferente, que se reflicte en condicións de temperatura e presión decrecentes. A primeira fase, máis intensa, corresponde coas máximas condicións de presión e temperatura, a deformación penetra nas rochas a todas as escalas e ven acompañada por metamorfismo progresivo. Esta primeira fase é a responsable da orientación actual das directrices desta cadea. Na zona externa da conca (relevo montañoso), o estilo tectónico é relativamente superficial, mentres que no dominio máis interno, a deformación é máis profunda.

Matte (1968) establece na conca dous dominios; o dominio de pregamentos tombados e o dominio de pregamentos repregados. Na segunda fase, menos intensa que a primeira, as rochas non aparecen deformadas de maneira tan profunda; os pregamentos son xeométricos, teñen plano axial subvertical, ben recoñecible e repregan as estruturas da primeira fase.

Segundo Pérez-Alberti (1986), a conca Alta do Miño quedaría delimitada polo Macizo Galaico-Asturiano (Serra da Carba, Serra do Xistral, Cordal de Neda, Serra da Toxiza), as Serras Centrais de Galicia (Serra da Loba, Serra de Cova da Serpe, Serra do Careón etc.) e o extremo NW da Cordilleira Cantábrica (Serra de Lourenza, Serra de Meira), encajonándose progresivamente cara ao Sur. A Reserva de Biosfera Terras do Miño presenta unha gran homoxeneidade tanto desde o punto de vista xeolóxico como xeomorfolóxico. Destacan os relevos montañosos que rodean a conca orixinada polos procesos

tectónicos acontecidos na zona, o resto da conca non presenta moitas diferenzas englobando toda a zona unha chaira de tipo epixénico. Esta superficie atopase degradada e incidida pola rede fluvial.

Xeomorfoloxía

Seguindo criterios xeomorfolóxicos, poden diferenciarse catro subunidades; aliñamentos montañosos, as formas de aplanamento, emprazadas a distintos niveis, as depresións Cenozoicas e os vales fluviais que encaixan no conxunto en que contribúen a fragmentar as superficies de aplanamento (López Andión, 1996). Os escasos contrastes topográficos favorecen o desenvolvemento dunha actividade humana (comunicacións, aproveitamentos agrícolas, asentamentos urbanos e industriais), que en diferentes sectores modularon e transformaron a superficie do terreo.

1.- Aliñamentos montañosos. – Constitúen o reborde da Reserva de Biosfera Terras do Miño, onde os contrafortes montañosos conforman o seu límite setentrional, occidental e oriental. Ao Norte emprázanse as Serras Setentrionais de Galicia (Serra da Carba, Serra do Xistral, Macizo do Monseibane, etc) que marcan a divisoria entre as augas Cantábricas e Atlánticas e representan as montañas de maior altitude da Reserva de Biosfera. Ao E as Serras Orientais de Galicia, dispostas de N a S. No ángulo NE atópanse a Serra do Pousadoiro e a Serra de Meira, cun nivel de aplanamento en ámbalos contrafortes, por arriba do 800 m. A medida que nos diriximos ao S, as serras van descendendo en altura, apreciándose varios niveis montañosos separados por pequenos vales fluviais.

2.- Superficies de aplanamento. – Correspóndense con terreos de morfoloxía practicamente chaira orixinados por procesos de erosión que destruíron total ou case totalmente as estruturas preexistentes. Na Reserva de Biosfera Terras do Miño reconécese distintas unidades orixinadas no Cenozoico (Terciario) que se dispoñen a diferentes altitudes. A superficie máis extensa esténdese ao redor dos 450 m de altitude no espazo actualmente drenado polos cursos maduros do Parga, Ladra, Miño e Támoga, coincidindo en gran medida co territorio xeográfico designado historicamente como Terra Chá de Vilalba. En cotas altimétricas superiores reconécese distintas unidades, de menor extensión, próximas aos contrafortes montañosos Setentrionais e Orientais. O conxunto das superficies de aplanamento prólongase nunha extensión de máis de 40 km en dirección W-E e un 100 km en dirección de N-S, representando a superficie de aplanamento de maior extensión presente no territorio galego.

3.- Depresións cenozoicas. - Sobre as áreas máis deprimidas das superficies de aplanamento depositáronse ao longo do Cenozoico por acción dos axentes xeomorfolóxicos distintos materiais (cantos, areas, arxilas, margas silíceas e en menor medida margas carbonatadas), configurando extensas depresións sedimentarias. O predominio de materiais finos e impermeables unido á morfoloxía en cubeta que presentan a maioría destas depresións propiciaron unha dinámica hidrolóxica tendente ao acumulo de auga, favorecendo o desenvolvemento e mantemento de amplos humidais higrófilos e lagunares que se mantiveron en moitos casos activos durante longos períodos do Cenozoico, e moitos dos cales seguen na actualidade mostrando características hidrolóxicas e ecolóxicas características dun humidal: Brañas de Boedo (Guitiriz), Veiga de Roupar - Lousada (Xermade), Lagoas e brañas Cospeito (Feira del Monte), Lagoa de Bardancos (Castro de Rei), Lagoas e humidais de Begonte (Begonte).

4.- Vales fluviais. - Os numerosos cursos de auga que forman a conca alta do Miño axudaron a degradar os distintos niveis superficiais de aplanamento, dando lugar a vales de vertentes suaves e pouco profundos, que mostran un maior encaixonamento nas áreas periféricas montañosas como no tramo final da conca que discorre augas debaixo da localidade de Lugo.

Historia Xeolóxica

A historia xeolóxica da Reserva de Biosfera Terras do Miño, está comprendida na do NW da Península Ibérica. Consta dun gran período de sedimentación de carácter xeosinclinal, con escasas perturbacións, que máis tarde será afectado por movementos oroxénicos, intrusión de rochas graníticas e metamorfismos.

Precámbrico. – A Era máis antiga da Terra correspóndese co Precámbrico (4.600-550 Millóns de anos = Ma). Durante o Precámbrico a área que na actualidade configura a Reserva de Biosfera Terras do Miño, situábase no interior dunha ampla conca de sedimentación mariña que recibe a denominación de Conca Galaico Nororiental, a cal quedaba comprendida entre a Dorsal Galego-Castelá e o Macizo Cántabro. Durante esta Era os materiais que se van a depositar na conca constituirán os materiais da formación designada como Domo de Lugo e que engloba a Serie de Vilalba, Alba e de Trastoi. Este conxunto estratigráfico foi datado como pertencente ao Precámbrico Superior e que correspondería a unha sedimentación lutítica de baixa enerxía, na que se atopan intercalacións de áreas feldespáticas, como consecuencia de curtas perturbacións nas condicións de meteorización / erosión / transporte da conca. A zona de sedimentación situaríase por tanto afastada da zona de costa pero a unha profundidade reducida, moi inferior a establecida para a outra unidade precámbrica do extremo noroccidental Ibérico, o Olló de Sapo (Olló de Sapo).

Nos traballos antigos, o Precámbrico do Domo de Lugo designábase globalmente como Serie de Vilalba (sensu lato), denominación que posteriormente foi modificada, ao diferenciarse nesta un tramo inferior; Serie de Alba e un tramo superior; Serie de Vilalba (sensu estricto). Ambos os tramos forman en conxunto a maior parte dos afloramentos da serie do Domo de Lugo, e xunto aos materiais Terciarios e Cuaternarios que a recobren constitúen a formación xeolóxica dominante na Terra Chá. A serie de Alba, presenta de muro a teito a seguinte sucesión estratigráfica: 1.- Micacitas e gneises pelíticos con lentejones de anfíbolitas negras de gran fino que localmente aparecen migmatizados. 2.- Micacitas moi moscovíticas de coloración amarela. 3.- Cuarzitas feldespáticas tableadas. 4.- Micacitas homoxéneas e de orixe pelítico. A serie de Vilalba atópase representada estratigráficamente por un conxunto de micacitas e gneises pelíticos con intercalacións de granates.

Mesozoico.- A Era Mesozoica abarca desde inicio do Triásico (245 Ma), ata o final do Cretáceo (65 Ma). Durante esta Era a masa continental que forma a Panxea permanecera sen sufrir grandes cambios, non iniciando a súa fragmentación ata o Cenozoico. Nos aproximadamente 180 Ma que dura esta Era, as condicións climáticas do planeta mantivéronse uniformes, predominando na Panxea os ambientes tropicais e subtropicais. Estes factores xogaron un papel determinante na distribución da flora terrestre que sería relativamente uniforme en todo o planeta, feito que determinou o predominio de taxóns con aras de distribución cosmopolita ou subcosmopolita.

O Cámbrico vai inaugurar cunha fase xeral de compresión, que ten como consecuencia unha elevación xeral do fondo da conca. Como consecuencia a área onde se sedimentan as unidades de Vilalba e Alba configúrase como unha zona de plataforma, na que se produce a sedimentación alternante de areniscas e filitas de sucesión de Cándana.

Durante o Cámbrico a estratigrafía das unidades de Vilalba e Alba está representada de muro a teito polas seguintes formacións. 1.- Meta conglomerados de cantos de cuarzita e de turmalina, cementados nunha matriz silíceo. 2.- Cuarzitas do Cándana Inferior de cor branca amarelada ou avermellada debido a impregnacións ferruginosas. Xeralmente son compactas, pero en ocasións fanse moi deleznable, dando areas e dividíndose en laxas con facilidade. 3.- Laxas de Cándana; constituídas por un paquete de pelitas (laxas) arenizadas con pequenas intercalacións de cuarzitas e/ou calcarias no tramo basal, así como no teito. 4.- Cuarzita de Cándana Superior, son areniscas de gran groso de cor branca amarelada con

alteracións pelíticas grises escuras, en intercalacións de conglomerados, con cantos de cuarzo e feldespato. Engloba esta serie petrográficamente as cuarcitas, cuarcitas micáceas, cuarzo-xistos e tamén xistos, todos eles cunha gran abundancia de material ferruginoso intersticial. 5.- Laxas areosas e arcillosas con intercalacións de areniscas, onde a fracción política é moito máis escasa. Cara ao teito presenta niveis margosos de cor agrisada e verdoso, así como en ocasións bancos de calcaria dolomítica gris ocre moi recristalizada. 6.- Calcarias de Vegadeo. Son calcarias e dolomías esbrancuxadas e azuladas, unhas veces de aspecto masivo e outras finamente tableadas, nos planos de esquistosidade e/ou estratificación das cales se observan moscovitas, así como frecuentes intercalacións margosas. 7.- Laxas verdosas e amareladas: Capa de Riotorto. No seu termo inferior está constituída por laxas margosas, verdes e violetas, e outro superior, de laxas arcillosas de cor verde intensa, con intercalacións de area.

Durante o Ordovícico inferior mantivéronse os mesmos procesos tectónicos coa consecuente elevación do limiar da Galicia Media, sendo os materiais sedimentarios, maioritariamente, de característica lutítica. O Ordovícico medio comeza cunha fase de descomposición que continua ata o Silúrico. A conca sofre un movemento xeral de descenso, este feito non afecta o carácter dos materiais depositados, o cales son en xeral lutíticos. As áreas emerxidas do limiar da Galicia Media e do Macizo Cantábrico, xa moi evolucionadas morfoloxicamente, e baixo un clima moi húmido, proporcionan materiais moi finos á conca mariña, os cales se distribúen por todo o seu ámbito.

De muro a teito a estratigrafía deste tramo aparece representada por: 1.- Cuarcitas e laxas en alternancia. Capas inferiores del Río Eo. Corresponde a unha alternancia de cuarcitas, areniscas e laxas, que nalgúns puntos da comarca do Alto Miño presentan intercalacións ferruginosas que deron lugar a explotacións mineiras de pouca importancia. 2.- Cuarcitas en bancos potentes. Capas superiores do río Eo. Esta formación inclúe cuarcitas de cores esbrancuxadas e en ocasións amareladas, separadas por niveis que presentan alternancia de laxas e cuarcitas.

O Silúrico comeza cunha alternancia de areniscas e laxas, xeralmente de moi pouca potencia, continúa a teito coa sedimentación dun paquete de laxas escuras e ampelitas con fauna. As características do ambiente sedimentario son análogas ás do Ordovícico; un medio de augas tranquilas e un ambiente redutor.

A Oroxenia Hercínica actúa sobre estes materiais producindo; deformacións, metamorfismo, intrusión de rochas graníticas etc. Dentro do proceso Hercínico reconécese no territorio da Reserva de Biosfera Terras do Miño ata 4 fases, tres delas de deformación continua, e unha última fase de fracturación.

Cenozoico.- A última fase de historia da terra comeza segundo a maioría dos paleobiólogos e xeólogos fai aproximadamente 65 Ma. A diferenza da Era precedente, o Cenozoico caracterizarase pola existencia de grandes modificacións na disposición e configuración das masas continentais. As condicións climáticas tamén rexistran grandes cambios provocados por deriva continental, alteracións da capa de ozono, cambios na órbita da Terra etc. A uniformidade climática e a existencia de longos períodos con predominio de ambientes tropicais e subtropicais, desapareceran progresivamente, dando paso a partir do Mioceno (23 Ma), a unha complexa fragmentación climática dos continentes, con múltiples variacións entre os dominios tropicais e polares.

Durante o inicio do Cenozoico (Terciario Inferior) desenvolveuse sobre a topografía preexistente unha evolución cíclica do relevo, dando orixe as denominadas por Birot & Sole (1954) penichairas parciais ou designadas por Birot & Sole (1954) superficies fundamentais e finalmente por Nonn (1966) superficies principais. A información litoestratigráfica dos materiais que constitúen a conca terciaria de Vilalba proceden maioritariamente dos realizados por Brell (1972, 1975, 1979); Brell & Doval (1974); Virgili & Brell (1975); IGME (1981); Martin Serrano (1979; 1981); Garcia-Aguilar (1987); etc. En síntese, obsérvase nas

columnas estratigráficas unha alternancia de arxilas verdes, grises, pardas e arroibadas, e áreas feldespáticas, podéndose atopar ao longo de toda a conca todos os casos intermedios (Castelao & Díaz-Fierros, 1992).

E durante o Mioceno, cando se empeza a desenvolver unha nova etapa morfoxenética na conca, enchéndose as cubetas tectónicas, anteriormente formadas por sedimentos de orixe fluvio-lacustre; son os depósitos terciarios das concas terciarias de Vilalba e Pastoriza. A evidencia do réxime lacustre ven representada por niveis arxilosos e grises, típicos dun ambiente redutor. Posteriormente a este período de ambiente lacustre, o Terciario, culmina cun período de réxime fluvial. Por último, durante o Cuaternario continuar a erosión dos relevos dando un recubrimento xeral e depósitos maioritariamente de orixe fluvial, documentándose ademais a formación de diversos procesos morfoxenéticos que dan orixe a conos de dexestión, formación de depósitos de coluvios nas ladeiras e a configuración de terrazas fluviaes.

Os depósitos sedimentarios de orixe Cenozoico caracterízanse pola súa heteroxénea litoloxía. De forma xeral, veñen representados por un nivel arcsico na base que dan paso a capa de arxilas e margas que intercalan algún nivel máis detrítico e un nivel superior conglomerático. As arcosas son de tonalidades agrisadas, de gran fino a medio, mal compactadas e atópanse en niveis finos. As arxilas e margas arxilosas son verdosas, con finos niveis avermellados. En ocasións estas arxilas intercalan capas de lignitos. Todos estes materiais, están xeralmente, recubertos pola deposición cuaternaria areno-arxilosa con chantos de cuarzo e cuarcita.

Co Terciario Superior e o Cuaternario Antigo poden relacionarse un amplo conxunto de depósitos fluviaes e polo menos nos bordos montañosos que delimitan a Reserva de Biosfera Terras do Miño (coluvial, periglaciares e tamén glaciares) que reflicten os cambios climáticos acaecidos neste territorio. A última etapa da historia xeolóxica, o Holoceno, corresponde a modelaxe das chairas aluviaes, fondos de val, coluviós, pedregais etc.

A conca terciaria de Vilalba aparece na actualidade formada por sedimentos detríticos finos do Mioceno Superior, cunha potencia máxima de 100-150 m, segundo as sondaxes realizadas polo IGME na década dos oitenta. Esta potencia alcanzaría ao Norte da conca, mentres que cara ao Sur o espesor dos sedimentos diminúe progresivamente ata chegar aos 25-30 m. En dirección WE, a profundidade varía entre 10 a 40 m, alcanzándose no centro da conca os 25-30 m. de potencia de sedimentos.

Edafoloxía

Castelao & Díaz-Fierros (1992) dividen en tres grandes categorías os solos existentes no alto Miño en función do material de partida: A.- Solos que se desenvolven sobre os relevos residuais da conca (xistos das series de Alba e Vilalba, filóns de cuarzo). Corresponden a solos con perfís medianamente evolucionados, que non chegan na maioría dos casos para desenvolver un horizonte B e unicamente presentan un horizonte A de considerable espesor. B.- Solos desenvolvidos sobre sedimentos terciarios de orixe arxilosa ou arxiloso-arenoso. Estes substratos dan orixe a solos pouco evolucionados, coa excepción de sedimentos do bordo da conca sobre a que se desenvolven solos evolucionados cun horizonte A perfectamente diferenciado e un B enterrado na parte inferior do perfil. C.- Solos desenvolvidos sobre sedimentos cuaternarios. Distingúense dous subgrupos: C.1.) Solos desenvolvidos a partir de materiais aluviaes recentes, que debido á súa posición topográfica están afectados de maneira case permanente polo nivel freático. Estes solos de escasa potencia configuran as distintas “Veigas” e “Gándaras” que se atopan ao longo da conca do Miño. C.2.) Solos que se desenvolven sobre materiais fluviaes antigos que en función do seu grao de hidromorfía presentan un horizonte B.

Xunto a estes medios edáficos aparecen depósitos formados por sedimentos orgánicos ou intercalacións destes con materiais inorgánicos (arxilas, areas etc.), asociados con áreas de topografía deprimida na que as achegas hídricas determinan o establecemento e desenvolvemento de diferentes humidais (lagoas, charcas, brañas etc.).

Por outra banda, asociados a áreas con topografía chás e en ocasións interrelacionadas cos complexos hídricos (humidais) atópanse potentes depósitos superficiais de arxilas, que imponen fortes limitacións ao crecemento da maioría dos vexetais.

3.4. Hidroloxía

A Reserva de Biosfera Terras do Miño estruturábase nos seus tramos altos (nacentes), medios e o tramo baixo do Río Miño, non afectado pola construción de encoros. As áreas montañosas onde se sitúan os tramos altos do Miño actúan ademais como divisoria con distintos ríos Atlánticos (Mandeo, Eume) e sobre todo Cantábricos (Landro, Ouro, Masma, Eo), que sitúan nestos mesmos contrafortes os seus nacentes.

A conca alta do Miño establécese desde os seus nacentes nos contrafortes montañosos setentrionais (Serras Setentrionais de Galicia) ata a localidade de Portomarín, onde el tramo fluvial mostra xa un claro encaixonamento que se incrementou augas debaixo desta localidade e que caracteriza o territorio consignado como Ribeira Sacra do Miño, que recentemente foi designado por la UNESCO como Reserva de Biosfera (Reserva de Biosfera Ribeira Sacra, e Serras do Oribio e Courel).

A Reserva de Biosfera Terras do Miño inclúe deste xeito a totalidade da conca alta do río Miño cunha superficie de máis de 3.300 Km² enmarcada ao Norte, Leste e Oeste respectivamente polos contrafortes das Serras Setentrionais de Galicia (Macizo Galaico-Asturiano Occidental), Serras Centrais de Galicia e Serras Orientais de Galicia (Sector Occidental da Cordilleira Cantábrica en sentido estrito).

Nos documentos antigos o “Miño” aparece designado como “Minios”, o seu nome que faría referencia ás augas de tonalidade Vermellón (Minium), provocado pola existencia de óxidos metálicos, frecuentemente de ferro (Moralejo, 1977). Historicamente a localización das nacentes do Miño foi obxecto de distintas propostas. No século XVI, o licenciado Molina (1550), consideraba o “Miño” como o río máis caudaloso do Reino de Galicia, sobre todo tras a unión do Sil. O seu nacente, sitúao nunha lagoa, a fonte “Miñán”, situada próxima á cidade de Lugo. Autores posteriores relacionaron esta lagoa coa lagoa de Fonmiñá ou Fontemiña, situada no termo municipal da Pastoriza, nacemento que aparece consignado en múltiples documentos, así como na cartografía histórica.

Hidroloxía superficial

A hidroloxía superficial atópase condicionada polas características tectónicas e xeomorfolóxicas do territorio, así como polas condicións climáticas e en particular polo réxime pluviométrico. Os rebordes montañosos que enmarcan a conca condicionan o patrón de distribución das achegas hídricas, que discorren desde as montañas periféricas, por unha complexa rede de colectores, cara aos territorios centro-meridionais, onde se alcanza a menor altitude da área e onde se configuran os principais colectores fluviais do Miño. A permeabilidade do substrato inflúe na escorrentía e na configuración dos acuíferos, así como no trazado dos leitos fluviais. A resistencia dos materiais xeolóxicos condiciona á súa vez a morfoloxía dos leitos e das ribeiras, mentres que os procesos tectónicos inflúen na fragmentación e delimitación das subconcas. Finalmente, a actividade humana foi a responsable da modificación da estrutura e sobre todo da naturalidade, das marxes e ribeiras e da alteración dos humidais (Ramil Rego & Rodríguez Guitián 2017; Ramil Rego et al. 2017).

No tocante a xerarquización fluvial aplicando o concepto de orde fluvial de Strahler (1957) a conca alta do Miño leste alcanza un valor máximo de 7, o cal se establece na localidade de Santa Isabel (Outeiro de Rei), tras unirse os colectores do Parga-Ladra e Támoga-Azumara. Desde este punto e ata a desembocadura na Guarda, o Miño non incrementa a súa orde xerárquica. Atendendo a criterios hidrobiolóxicos pódense establecer tres grandes zonas: zona de cabeceira, zona intermedia e zona inferior.

1. - Zona de cabeceira. - Nos rebordes montañosos da conca, predominan os leitos permanentes de orde 1, sendo escasos os de orde 2. Ambos os tipos de leitos caracterízanse, ademais de polo seu carácter

permanente, pola súa importante pendente, que determina un fluxo de auga rápida nos meses pluviais que decrece considerablemente nos períodos nos que se reducen as choivas. A profundidade dos leitos é xeralmente reducida, salvo pola existencia de pozas favorecidas na maioría dos casos pola propia morfoloxía das rochas graníticas. Xunto coas pozas son tamén frecuentes as pequenas fervenzas e rápidos, aínda que en ningún caso alcanzan a espectacularidade dos ríos da vertente Cantábrica. Os leitos fluviais atópanse configurados por grandes laxas ou fragmentos de pedras, circulando frecuentemente o río sobre a roca base, presentando un escaso ou nulo desenvolvemento de macrófitos (*Potamogeton*, *Callitriche*, etc), predominando as comunidades de briófitos acuáticos e os tapices de algas e fungos acuáticos. Os tramos fluviais non posúen, na maioría dos casos, unha estruturación morfolóxica e biolóxica das súas beiras e ribeiras. A vexetación higrófila e terrestre contacta de modo case imperceptible coa sección mollada do río.

2.- Zona intermedia. - Ao descender ata cotas próximas aos 500 m, aprecíase xa unha importante xerarquización dos ríos. Os tramos de orde 1 diminúen fronte aos tramos de orde 2, 3 e 4. O incremento de orde e os cambios determinados polas características xeográficas, xeomorfolóxicas e xeolóxicas do territorio por onde discorren, determina unha maior anchura e profundidade dos leitos. As modificacións estacionais do caudal son igualmente perceptibles. A medida que se incrementa a orde xerárquica o leito fluvial aparece configurada por depósitos de areas, gravas ou raramente chantos, que cobren a rocha nai ou xeralmente os sedimentos cenozoicos da conca. Os macrófitos incrementan progresivamente o seu desenvolvemento, con tramos dominados por hidrófitos radicantes (*Ranunculus*, *Potamogeton*) e tramos dominados por helófitos (*Oenanthe crocata*), facéndose estes últimos dominantes naqueles leitos nos que a profundidade no período primaveral-estival é reducida. Os tramos fluviais presentan xa unha morfoloxía e unha estruturación ecolóxica das súas beiras e ribeiras, quedando delimitado netamente un corredor fluvial fronte ao ecosistema terrestre adxacente.

3. - Zona inferior. - Os tramos de maior orde xerárquica da conca (5, 6, 7) correspóndense con grandes ríos que discorren na maior parte da súa lonxitude por áreas chás ou lixeiramente chás configuradas polos depósitos da conca sedimentaria. Os leitos presentan unha pendente moi reducida, situándose o leito recuberto por materiais areosos ou gravas de orixe fluvial, sobre os que se asenta unha grande diversidade de comunidades acuáticas. Os hidrófitos dominantes corresponden a hidrófitos radicantes (*Isoetes*, *Ranunculus*, *Potamogeton*, *Callitriche*), sendo reducidos os helófitos (*Oenanthe*, *Rumex*), mentres que aparecen diversos tipos de ninfeidos (*Nymphaea*, *Nymphoides*). A configuración das beiras e ribeiras alcanza aquí a súa maior complexidade. As beiras aparecen frecuentemente configuradas por un noiro terrixeno que forma un plano perpendicular ou lixeiramente obtuso en relación co leito fluvial. Debido ás características morfolóxicas e sedimentolóxicas as ribeiras esténdense ambos os lados do leito conformando amplas "chairas de inundación" ou "chairas aluviais", nas que se establece un mosaico entre diversos tipos de humidaes: bosques aluviais ou de inundación, bosques pantanosos, lagoas e charcas, matogueiras húmidas etc. A complexidade morfolóxica e biolóxica destes leitos vese incrementada polo carácter divagante destes que determina a formación de "brazos mortos", con inundación temporal ou permanente; os "leitos intermitentes", desconectados a maior parte do ano dos tramos fluviais principais e fundamentalmente os diversos tipos de illas (terrixenas, pétreas, árbores-illa) e illotes que salpican estes tramos, augas abaixo de Outeiro de Rei, a existencia de materiais graníticos, determina o encaixonamento do leito, á vez que se reduce a superficie cuberta polas chairas de inundación.

A maioría dos leitos do Alto Miño mostran un tipo de réxime hídrico de carácter Atlántico ou Oceánico, posto que as achegas pluviais constitúen a achega dominante da súa alimentación. Estes tramos caracterízanse pola abundancia e regularidade estacional dos seus caudais, con frecuentes achegas no período invernal e unha estíaxe moderada ao final do período estival. As achegas de auga en fase sólida (neve, saraiba) ten nos últimos 50 anos unha escasa repercusión na conca, afectando de maneira maioritaria aos tramos fluviais existentes nas ás que enmarcan a conca. Nos tramos que discorren a

través da conca sedimentaria, xunto coa alimentación de orixe pluvial existe un importante fluxo de auga de orixe superficial e subsuperficial entre os leitos fluviais e as chairas de inundación. Así existen tramos de orde 1 orixinados polo desaugadoiro de afloramentos temporais ou permanentes, destacando as formadas a partir dos efluentes das lagoas do Alligal de Codesido, Home Morto, Legua Dereita, entre outras.

A influencia das achegas superficiais e subsuperficiais é igualmente importante nas amplas chairas de inundación a través das que discorren os leitos de orde 5, 6 e 7, sendo responsables do mantemento e da estruturación dun complexo ecosistema configurado por un mosaico de bosques aluviais, queirogais húmidos, herbais higrófilos, espadanais, canaveiras etc.

Hidroloxía subterránea

No tocante á hidroloxía subterránea na conca Alta del Río Miño sinalar que as condicións climáticas e xeolóxicas do territorio galego impiden coñecer cun mínimo de exactitude número de fontes, mananciais, afloramentos e captacións de auga subterránea de orixe natural e antrópica existentes na Comunidade Autónoma de Galicia. En relación coas de orixe antrópica o propio Instituto Tecnolóxico e Xeomineiro de España (ITGE, 1990) contemplaba esta dificultade e consideraba que o seu número en ningún caso sería inferior a 300.000, o que significa unha relación de 1 afloramento por hectárea o ben 1 captación por cada 9,2 habitantes, valores que de calquera modo superan os obtidos noutras comunidades do territorio español (Seara, 1996).

As causas que determinan este gran número de captacións poden sintetizarse en tres: A grande dispersión da poboación galega e a tendencia, fóra dos núcleos urbanos (46,7% en núcleos de menos de 300 habitantes), a estruturarse en unidades familiares illadas (30,6%) que realizan o seu abastecemento de forma independente e a partir de augas subterráneas. En segundo lugar e vinculado estreitamente coa dispersión da poboación, existe unha estrutura agraria (tamaño medio de parcela 4,1 ha), que utiliza un gran número de afloramentos de orixe antrópica ou natural para o mantemento das súas explotacións. O terceiro factor, é sen dúbida, a facilidade de aproveitar os afloramentos ou de realizar captacións na maior parte do territorio (Seara, 1996).

A escorrentía subterránea considerase a diferenza existente entre a taxa de precipitación fronte á suma da escorrentía superficial e a evapotranspiración. A magnitude da escorrentía subterránea é por tanto contraria á da superficial, e ven determinada pola capacidade de infiltración da auga en cada tipo de substrato xeolóxico. Baixo un punto de vista práctico, a infiltración pode ser superficial ou hipodérmica, a cal queda confinada a escasos centímetros ou decímetros da superficie do chan, antes de ser evaporada, captada polas raíces das plantas, ou devolta rapidamente á superficie terrestre (escorrentía superficial). Na infiltración eficaz ou profunda, a auga emigra cara aos niveis máis internos onde finalmente acumúlase. A taxa de infiltración depende de múltiples factores; a concentración das precipitacións, o tipo e cobertura da vexetación, a porosidade (permeabilidade) dos materiais xeolóxicos, a meteorización e facturación dos sedimentos e rochas. No momento en que as achegas da escorrentía subterránea comezan a acumularse e mobilizarse no seo dunha unidade xeolóxica orixínase un acuífero. Desde un punto de vista utilitarista tendese a considerar unicamente como acuíferos aqueles que posúen unha capacidade de explotación rendible, independente da súa importancia no mantemento dos recursos e da biodiversidade do territorio.

Seguindo a clasificación proposta por Seara (1996), para o territorio de Galicia, existirían 3 grandes tipos de acuíferos: Acuífugos, Acuíferos libres e Acuíclados, dos cales os dous primeiros terían unha ampla distribución no alto Miño. Os acuíferos constitúen en realidade un extremo oposto a un acuífero, defínense como unidades xeolóxicas de natureza impermeable, e por tanto incapaz ou cunha grande dificultade, en transmitir e acumular auga. Os acuífugos están representados nas rochas cristalinas tanto

plutónicas (granitos) como metamórficas (xistos), así como nos sedimentos arxilosos que enchen as concas sedimentarias. Os acuíferos libres, son moi abundantes en todo o territorio galego, estando relacionados coa existencia dunha unidade xeolóxica de carácter poroso ou permeable asentada sobre outra impermeable que intercepte a auga de infiltración. Este tipo de acuifero presenta dúas zonas, unha superior ou “zona de aireación” na que os poros non están completamente saturados por auga e os movementos de prodúcense maioritariamente en vertical, ben en sentido ascendente por capilaridade ou en sentido descendente por infiltración, motivado pola acción da gravidade e unha zona máis profunda ou “zona de saturación” que descansa sobre unha capa de rocas ou sedimentos impermeables que delimitan o vaso do acuifero. O límite entre a zona de aireación e da zona de saturación corresponde ao “nivel freático”. Nesta superficie a auga atopase á mesma presión que a atmosférica, polo que cando se realiza un pozo ou unha sondaxe no acuifero a auga ascende.

Os acuíferos libres son os reservorios máis abundantes na Reserva de Biosfera Terras do Miño. Os substratos impermeables que delimitan o vaso do acuifero están configurados por rochas cristalinas (granitos, filitas, xistos, gneis etc.) mentres que as formacións porosas susceptibles de almacenar e transmitir a auga aparecen constituídas, ben polos produtos da súa alteración (saprolita ou “xabre”), ben por bandas de fisuración que cuarteas as rochas, ben pola presenza de depósitos de coluvións ou aluviós que tapizan a súa superficie, ben pola existencia de depósitos detríticos (gravas, areas, arxilas) que enchen as grandes concas cenozoicas.

Os depósitos detríticos que enchen as concas tectónicas de Galicia foron sempre considerados como unidades litolóxicas moi favorables para o desenvolvemento de sistemas de acuíferos de alta rendibilidade debido á súa porosidade primaria de tipo intergranular e as grandes extensións destas formacións, así como da potencia dos seus sedimentos (40-50 m de profundidade media). O coñecemento máis preciso destas concas permitiu modificar as estimas iniciais, ao constatarse un comportamento moi irregular en todas elas debido ás altas proporcións de materiais arxilosos e a unha estratigrafía pouco proclive a favorecer o acúmulo de grandes volumes de auga, polo que os valores de caudais medios obtidos (3.600 litros/hora) resultan claramente inferiores aos estimados.

40

Por iso os recursos hidroxeolóxicos das grandes concas sedimentarias de Galicia deben cualificarse como moi modestos, coa única excepción da depresión de Xinzo da Limia, onde as formacións porosas de areas e gravas susceptibles de soportar un acuifero atópanse case sempre como delgadas lentellas intercaladas entre capas arxilasas máis potentes ou practicamente impermeables (Seara, 1996).

Por último, os depósitos cuaternarios que forman os diversos niveis de terrazas e aluviós dos principais ríos, constitúen os sedimentos máis favorables para albergar excelentes acuíferos de alta rendibilidade. Pero, tampouco estas áreas están exentas de importantes limitacións entre as que destaca pola súa pequena extensión e a súa reducida potencia, e sobre todo polas súas dificultades de recarga. Estes problemas soamente se superan cando os acuíferos están alimentados de forma continua por un gran río, tal e como acontece na chaira aluvial do baixo Miño, onde se atopa o único acuifero importante de Galicia desenvolto sobre materiais fluviais cuaternarios (Seara, 1996).

O Alto Miño posúe múltiples afloramentos de augas termais, como é o caso do “Río Caldo” que alimenta o “Pozo do Olla pequeno” e as charcas do “Alligal de Codesido” e de “Fonmiñá”, entre outras. O uso público das augas termais da conca, constátase desde moi antigo, coa existencia de distintos vestixios de termas romanas. Posteriormente, o seu uso recupérase e así, no século XIX, queda constancia do mesmo en distintas publicacións, como o: Tratado práctico das augas minerais e potables (Casares, 1866) e Galicia Médica (Otero, 1867), así como pola construción e posta en funcionamento de tres balnearios, dous deles en Guitiriz e un terceiro nas inmediacións da capital provincial, sobre os vestixios das antigas termas romanas.

Limites da Reserva de Biosfera Terras do Miño




Figura 3.9.- Delimitación xeográfica da Reserva de Biosfera Terras do Miño.

4

Biodiversidade

As políticas e actuacións de Conservación da Natureza e do uso prudente e racional dos recursos naturais enmárcanse no Convenio sobre a Diversidade Biolóxica (CBD). Este acordo internacional auspiciado polo Programa de Nacións Unidas para o Medio Ambiente, sendo aprobado e posto á firma dos distintos países no Cume da Terra celebrada en xuño de 1992 na cidade de Río de Janeiro. O CBD entrou en vigor o 29 de Decembro de 1993. No texto do Convenio, constátase o valor intrínseco da diversidade biolóxica e dos valores ecolóxicos, xenéticos, sociais, económicos, científicos, educativos, culturais, recreativos e estéticos da diversidade biolóxica e os seus compoñentes, Sendo conscientes así mesmo da importancia da diversidade biolóxica para a evolución e para o mantemento dos sistemas necesarios para a vida da biosfera. Afirmando que a conservación da diversidade biolóxica é interese común de toda a humanidade. O Convenio ten tres obxectivos principais: 1.- A conservación da diversidade biolóxica. 2.- O uso sostible dos seus compoñentes. 3.- A repartición xusta e equitativa dos beneficios derivados da utilización dos recursos xenéticos.

Convenio sobre a Diversidade Biolóxica (CBD)

Artigo 1. Obxectivos

Os obxectivos do presente Convenio, que se perseguirán de conformidade coas súas disposicións pertinentes, son a conservación da diversidade biolóxica, a utilización sostible dos seus compoñentes e a participación xusta e equitativa nos beneficios que se deriven da utilización dos recursos xenéticos, mediante, entre outras cousas, un acceso adecuado a eses recursos e unha transferencia apropiada das tecnoloxías pertinentes, tendo en conta todos os dereitos sobre eses recursos e a esas tecnoloxías, así como mediante un financiamento apropiado.

Táboa 4.1. Obxectivos do Convenio sobre Diversidade Biolóxica (CBD, 1992).

O CBD constitúe un tratado internacional case universal, xa que conta con máis de 196 Partes Contratantes. A Unión Europea, España e o resto dos Estados Membros son Partes do Convenio. España asinou o Convenio o 13 de Xuño de 1992 e ratificouno o 21 de decembro de 1993. Este instrumento é legalmente vinculante para as Partes Contratantes polo que constitúe o referente e a base fundamental para o desenvolvemento da normativa e medidas para o logro dos seus obxectivos en España.

O Convenio sobre Diversidade Biolóxica (CBD, 1992) inclúe dúas definicións básicas, o concepto de Biodiversidade e o de Uso sostible. Ámbalas definicións son na actualidade de uso xeral, sendo traspostas na normativa ambiental da maioría dos países.

Convenio sobre a Diversidade Biolóxica (CBD)

Artigo 2. Termos utilizados

Aos efectos do presente Convenio:

Por "**área protexida**" enténdese unha área definida xeograficamente que fose designada ou regulada e administrada a fin de alcanzar obxectivos específicos de conservación.

Por "**diversidade biolóxica**" enténdese a variabilidade de organismos vivos de calquera fonte, incluídos, entre outras cousas, os ecosistemas terrestres e mariños e outros ecosistemas acuáticos e os complexos ecolóxicos dos que forman parte; comprende a diversidade dentro de cada especie, entre as especies e dos ecosistemas

Por "**recursos biolóxicos**" enténdense os recursos xenéticos, os organismos ou partes deles, as poboacións, ou calquera outro tipo do compoñente biótico dos ecosistemas de valor ou utilidade real ou potencial para a humanidade.

Por "**recursos xenéticos**" enténdese o material xenético de valor real ou potencial.

Por "**utilización sostible**" enténdese a utilización de compoñentes da diversidade biolóxica dun modo e a un ritmo que non ocasione a diminución a longo prazo da diversidade biolóxica, co cal se manteñen as posibilidades desta de satisfacer as necesidades e as aspiracións das xeracións actuais e futuras.

Táboa 4.2. Definicións incluídas no Convenio sobre a Diversidade Biolóxica (CDB,1992).

4.1. Encadre bioxeográfico

Tanto nas primeiras propostas de sectorización bioxeográfica de Galicia (Planellas, 1852, Merino, 1904), como nas máis recentes (Rodríguez Guitián & Ramil-Rego, 2008), o territorio da Reserva de Biosfera Terras do Miño intégrase na área temperada con dominio de formacións arborizadas caducifolias, polo que en consecuencia vincúlase coa Rexión Bioxeográfica Atlántica ou Eurosiberiana.

Segundo a proposta bioxeográfica formalizada por Udvardy (1975), o territorio da Reserva de Biosfera Terras do Miño enmárcase no Reino Palearctico, Provincia Terras Altas Ibéricas (Iberian Highlands), caracterizada esta por o bioma Bosque esclerófilo de folla perenne, matogueiras ou bosques. Este autor separa a área comprendida pola provincia das Terras Altas Ibéricas da provincia Atlántica, aínda que moitos outros non establecen esta subdivisión. A provincia Atlántica estaría caracterizada neste caso polo bioma Bosque temperado de folla ancha e matogueiras subpolares de folla caduca. Segundo Udvardy (1975), a provincia Terras Altas Ibéricas atópase baixo a influencia dun clima temperado oceánico, onde a matogueira baixa de folla perenne crece naqueles lugares onde por razóns climáticas ou culturais o bosque non puido establecerse.

Sectorización bioxeográfica de Udvardy (1975)




Figura 4.1.- Setorización bioxeográfica do territorio europeo según Udvardy (1975). En dita proposta a Reserva de Biosfera Terras do Miño adscíbese á provincia Terras Altas Ibéricas (6).

Nunha posterior proposta realizada por Rivas Martínez et al. 1984 y Rivas Martínez 1987, o territorio da a Reserva de Biosfera Terras do Miño quedou incluída integramente na Rexión Biogeográfica Atlántica. Esta proposta foi empregada no momento de configurar a Rede Natura 2000 para a adscrición xeográfica dos distintos espazos, o que determinou que os distintos espazos que foron declarados na área da Reserva de Biosfera vinculásense na Rexión Atlántica, encadre que se mantivo nas propostas que foron publicadas posteriormente tanto por Rivas-Martínez (Rivas-Martínez et al. 2002), como por outros autores (Izco, 1987; Izco & Sánchez, 1995; Izco, 2001; Vázquez & Díaz González, 2005; Rodríguez Guitián & Ramil Rego 2008; Rivas-Martínez et al. 2017).

4.4. Cambios temporais dos ecosistemas e o uso dos recursos naturais

A configuración actual dos usos da terra no territorio da Reserva de Terras do Miño presenta unha gran diversidade, derivada da existencia de áreas concretas con condicións moi específicas, nas que, á súa vez, fóronse acentuando certas peculiaridades, modeladas por un aproveitamento humano desigual, a orixe do cal se remonta a épocas prehistóricas. A omnipresencia dos ríos e humidaís, pertencentes ao Alto Miño, é un trazo común nestas paisaxes, os habitantes das mesmas buscaron desde tempos inmemoriais a proximidade dos cursos de auga para establecer os asentamentos, e desenvolveron numerosas formas para aproveitar este recurso: fontes, lavadoiros e alxibes, "pesqueiras" para a captura de anguías e diversas especies de peces (salmón, sábalo, troita, etc), muíños fariñeiros movidos pola forza da auga, mazos e ferrerías para o traballo do ferro etc. A presenza humana e o aproveitamento dos recursos naturais modelaron durante a segunda metade do Holoceno (últimos 6.000 anos), a configuración da paisaxe e dos ecosistemas, un proceso que supuxo a perda dos ecosistemas prístinos e a extinción rexional dun importante elenco de especies, proceso que con todo se viu atenuado pola persistencia de importantes superficies configuradas por hábitats naturais e seminaturais, que serviron de reservorio para un importante continxente de especies de flora e fauna silvestre, mentres que nas zonas máis antropizadas (hábitats artificiais, agrosistemas), a biodiversidade reducíase moi significativamente. A partir da información paleoecolóxica, arqueolóxica e histórica pódese reconstruír a dinámica da paisaxe no ámbito da Reserva de Biosfera Terras do Miño. Mediante a paleoecoloxía púidose establecer con exactitude os cambios climáticos e paisaxísticos que experimentou este territorio desde o último período glacial, o Würm ata a actualidade, e valorar a interacción destes cambios coa ocupación e actividades humanas.

Os períodos previos á chegada da agricultura

A historia dos ecosistemas terrestres está marcada por continuos cambios que responden tanto a modificacións nas condicións climáticas xerais (cambio climático global), como cambios na configuración das unidades territoriais. Ámbolos tipos de cambios incidiron na configuración do ecosistema a distintas escalas, así como na propia evolución dos organismos vivos

A idade da Terra calcúlase en 4.543 Ma (4.543.000.000 anos). O **supereón Precámbrico** (4.533-538,8 Ma), é a primeira e máis longa etapa da historia da Terra e nela rexístrase a aparición das primeiras formas de vida, correspondendo as máis antigas a bacterias datadas en 3.460 Ma., para posteriormente fai 2.500 Ma rexistrarse as primeiras formas de vida unicelulares (protistas e fungos). Ao final do Precámbrico e inicios do Cámbrico xorden nos mares superficiais novos grupos biolóxicos como corais brandos, medusas e anélidos. Entre 750-500 Ma, as bacterias, fungos e protistas colonizan as áreas terrestres costeiras.

O desenvolvemento dos primeiros organismos vivos configura o ecosistema terrestre, a Biosfera. Así a actividade das cianobacterias propicia a liberación dunha gran cantidade de osíxeno que se acumula na atmosfera. Fai 2.450 Ma, a produción de osíxeno incrementouse considerablemente provocando o que se coñece como a Gran Oxidación que determinou a aparición de importantes depósitos de óxidos de ferro no fondo oceánico. Fai 1.800 Ma, a partir do osíxeno atmosférico, formouse a capa de ozono que reduce a radiación ultravioleta procedente do Sol. Ao final do Precámbrico rexístranse en mares poucos profundos novos grupos biolóxicos

Tras o Precámbrico iníciase o Eón Fanerozoico que se estende desde fai 538,8 Ma, ata a actualidade e divídese en tres eras: Paleozoico (538,8-251,9 Ma), Mesozoico (251,9-66,0 Ma) e Cenozoico (66,0 Ma – actualidade). A comezos do **Paleozoico** rexístranse, nos mares superficiais unha gran diversidade de grupos biolóxicos, incluíndo os primeiros organismos pluricelulares complexos (570 Ma), dos que xurdirán

fai 472 Ma no os primeiros os primeiros grupos de plantas terrestres (*Embryophyta*) que evolucionaron a partir de algas verdes multicelulares de auga doce (*Charophyta*). As primeiras plantas terrestres colonizan as áreas de maior humidade, e a súa evolución determinará a aparición dos primeiros grupos de musgos, fentos e gimnospermas, chegando a configurar a finais deste período densos e exuberantes bosques, dominados por fentos arborescentes. Paralelamente á conquista do medio terrestre polas plantas, prodúcese a colonización por distintos grupos de invertebrados e vertebrados, diferenciándose os primeiros anfibios fai 365 Ma.

O final do Paleozoico rexístrase un período de extinción global, tras o cal se inicia o Mesozoico (251,9 - 66,0 Ma), inclúe a aparición de novos grupos taxonómicos como son os dinosauros, as plantas con flores e froitos e os mamíferos. Pero temen produciuse unha nova extinción global na transición Triásico - Xurásico (200 Ma), que afectou ao 20% das especies mariñas e que supuxo unha drástica modificación dos ecosistemas que foi aproveitada polos distintos grupos de dinosauros para expandirse territorialmente e conformarse como o grupo dominante. Os grandes réptiles dominaron os ecosistemas ata que desapareceron, xunto con máis do 50% das especies do planeta, tras un novo episodio de extinción masiva acontecido na transición Cretácico - Cenozoico (65-66 Ma).

Na Era Cenozoica recoñécense tradicionalmente dous grandes períodos: o Terciario, subdividido en Paleóxeno (66,0-23,5 Ma) e Neóxeno (23,5-2,4 Ma) e o Cuaternario, subdividido en Plistoceno (2,4 -0,10 Ma) e o Holoceno (<10 ka). Nas propostas de periodización máis recentes o Cenozoico aparece dividido en tres períodos: Paleóxeno, Neóxeno e Cuaternario, non recoñecéndose o Terciario. Nesta descrición manteremos con todo o termo "Terciario" como referente meramente cronolóxico para englobar ao Paleóxeno e ao Neóxeno.

Desde finais do Terciario (<3,0-1,8 Ma), e ao longo do Cuaternario (1,8-0 Ma), o clima do planeta experimentara unha periódica irregularidade, establecéndose nas zonas afastadas da zona tropical unha sucesión, entre períodos fríos (glaciares), e outros máis térmicos (interglaciares) mentres nas áreas tropicais dita sucesión conduciu a existencia de períodos térmicos de gran pluviosidade (pluviais), seguidos por outros máis secos (interpluviais). As periodizacións baseadas nos rexistros isotópicos do osíxeno identifican desde finais do Terciario (<2,5 Ma), unha sucesión de ciclos climáticos glaciar-interglaciar, cunha duración de aproximadamente 40.000 anos. Esta situación mantense ao comezo do Cuaternario (1,8-1,5 Ma), para posteriormente aumentar a duración dos ciclos que, a partir dos 0,6 Ma, manterán unha duración de aproximadamente 110-100 ka, cunha fase estadal, de ao redor de 0,90 ka, e un período interglaciar de 0,1 ka. Periodicidade que se manterá ata a actualidade.

O último ciclo glaciar-interglaciar

A secuencia completa de eventos acontecidos durante o último ciclo Glaciar-Interglaciar do Cuaternario, foi fixada a partir das secuencias isotópicas obtidas en sondaxes oceánicas e posteriormente polas sondaxes realizadas nos depósitos de xeos nas zonas polares (Shackleton, 1969; Ruddiman et al., 1977; Martinsson et al., 1987; Dansgaard, 1993; GRIP Members, 1993; Jouzel et al., 1993; etc.). Os modelos paleo-climatolóxicos dividen o último ciclo glaciar - interglaciar do Cuaternario, nunha gran fase estadal, o Wurm (117 - 10 ka. BP.), [BP= "before present": idade contabilizada desde 1950, ano en que se realizou a primeira datación ¹⁴C e que se usa como referencia para as cronoloxías radiocarbónicas] e unha fase interestadial de aproximadamente 10.000 anos de duración, o Holoceno.

O Würm desde un punto de vista climático e ecolóxico adoita dividirse en 5 grandes períodos. O seu inicio (Prewurm OIS 5d a 5a) corresponde a un período complexo no que se suceden fases cálidas, con predominio de formacións arbóreas na paisaxe, e fases máis frías, nas que predominan as formacións herbáceas e arbustivas, aínda que sempre de menor intensidade que as que caracterizan os estadais. Posteriormente establécense dúas grandes fases con condicións extremadamente frías, nas que a

vexetación arbórea reduce considerablemente a súa importancia na paisaxe, ou mesmo chega a desaparecer totalmente de amplas áreas, especialmente nas zonas de maior altitude. Estes episodios ou fases estadiais (OIS 4 e OIS 2), aparecen separados por un período de maior turnicidade, no que de novo sucédense pequenas fases cálidas, xunto con outras máis frías. Este período de gran complexidade recibe o nome de Interestadial Würmiense (OIS 3).

A Reserva de Biosfera Terras do Miño alberga unha grande diversidade de depósitos orgánicos activos e fósiles (turbeiras, lagoas, solo orgánicos, sedimentos kársticos, etc) que resultan fundamentais para a realización de investigacións sobre paleoclimatoloxía e paleoecoloxía. A integración da información obtida na Reserva de Biosfera Terras do Miño coa procedente doutros rexistros obtidos en áreas próximas, especialmente no litoral Cantábrico e Atlántico, así como nas áreas montañosas galegas, permitiu reconstruír con precisión a dinámica climática e paisaxística ao longo do último ciclo glaciario-interglaciario do Cuaternario. A secuencia rexional establecida a partir destes rexistros paleoambientais (Ramil-Rego, 1992, 1993), foi ademais amplamente utilizada como referencia para outros territorios con características bioxeográficas semellantes da Rexión Atlántica Ibérica.

A única información paleoclimática e paleoecolóxica para o período Prewurm en Galicia procede do depósito turboso de Area Longa (Gomez-Orellana et al., 1997, 1998, 2007). As análises polínicas indican que a paisaxe das zonas sublitorais estaba conformada por bosques caducifolios, que incluírían tanto as especies mesófilas (carballos, bidueiros, avelairas, arces, olmos, freixos e castiñeiros) e en menor medida termófilas (tilos, carpes). As formacións boscosas coexistían na paisaxe con matogueiras dominadas por breixos (*Calluna*, *Erica*), xunto con especies características de humidais (*Sphagnum*, *Myrica*) e de medios de augas libres (*Potamogeton*). O queirogal é un elemento fundamental na paisaxe galega, común con outras áreas atlánticas, e claramente diferenciador fronte aos territorios continentais e mediterráneos da Península Ibérica. O papel que tiveron os queirogais e en xeral as matogueiras ao longo do Wurm, e que probablemente se mantivo, nos ciclos previos, será determinante para a configuración e mantemento de amplas mandas de herbívoros salvaxes, e por conseguinte na configuración do ecosistema.

O estado isotópico 4 (74-59 ka BP.), marca un período de drásticos cambios climáticos e ambientais en todo o hemisferio Norte ao reducirse a insolación estival. Ao comezo do período estadal reduciuse dramaticamente a temperatura do océano, así na zona oceánica comprendida entre 40-45 graos de latitude Norte, na que se encadra o territorio de Galicia, o descenso de temperatura superficial do océano e de case 10 C. O descenso da temperatura supuxo a conxelación de amplas superficies do Atlántico Norte, así como o acumulo de xeo nas principais cadeas montañosas. O cambio climático xerou importantes modificacións dos ecosistemas en Galicia, establecéndose importantes superficies cubertas permanentes polos xeos, así como áreas onde as condicións ambientais impedían o mantemento dos bosques e restrinxían o desenvolvemento das formacións arbustivas e herbáceas. Como consecuencia as matogueiras (*Erica*, *Calluna*, *Juniperus*), así como formacións herbáceas criófilas, constitúen a vexetación dominante das paisaxes vexetadas, mentres que as formacións arborizadas quedan relegadas ás áreas de menor altitude en posicións fisiográficas (fondos de val) onde manteñen pequenas superficies.

Dacordo coas secuencias continentais e mariñas de referencia, o intervalo 80-60 ka BP correspondería a un período netamente frío, denominado Pleniglaciario Würmiense Inicial, recoñecible en diferentes ambientes do Sur do continente europeo. Esta primeira fase estadal do Wurm identifícase co período de máximo avance global dos xeos durante o último ciclo Glaciario interglaciario, sendo o predominio dos procesos morfoxénéticos un factor limitante para a conservación dos depósitos sedimentarios deste período e do precedente.

O intervalo 60-25 ka BP, Wurm Medio, corresponde nas secuencias isotópicas de 18/16 co denominado Interestadial Würmiense. Aínda que maioritariamente en todo o continente acéptase unha melloría

climática con respecto aos dous máximos Würmienses, existen importantes discrepancias respecto á zonación desta fase, sobre todo debido a que algúns dos criterios utilizados para definir a sucesión de oscilacións climáticas menores que caracterizan a este Complexo Interstadial, non son extrapolables dunhas áreas bioxeográficas a outras.

Dentro deste ámbito cronolóxico inclúense diversos niveis de turba obtidas en depósitos limnéticos fosilizados da área litoral-sublitoral de Galicia, así como os sedimentos, con abundantes vestixios óseos, recuperados na Cova da Valiña (Castroverde) datados en 36.000 BP. Os datos polínicos obtidos nestes depósitos permiten establecer para o Interstadial Würmiense polo menos tres fases de dominio dos taxóns arbóreos mesófilos (*Quercus*, *Betula*, *Ulmus*, *Castanea*, *Alnus*, etc) interrompidas por fases de expansión da vexetación arbustiva (*Ericaceae*) e/ou herbácea (*Poaceae*). Mentres que a información paleozolóxica (Fernández Rodríguez, 1991, 1992/1993, 1993, Fernández Rodríguez & Ramil-Rego, 1995; Fernández Rodríguez et al. 1993, 1995) mostra a presenza de grandes vertebrados, con especies aínda presentes no territorio e outras extintas: rinoceronte (*Dicerorhinus*), cabalos (*Equus ferus*), bisonte (*Bos/Bison*), cervo (*Cervus elaphus*), corzo (*Capreolus capreolus*), oso (*Ursus*), lobo (*Canis lupus*), raposo (*Vulpes vulpes*), hiena (*Crocuta crocuta*), marmota (*Marmota marmota*), castor (*Castor fiber*), lebre (*Lepus*), coellos (*Oryctolagus*), puercoespines (*Hystrix*) etc.

Entre o 25-15 ka BP os modelos climáticos construídos a partir de datos isotópicos ou bióticos, procedentes tanto de depósitos mariños como continentais, establecen o predominio dunhas condicións frías no occidente europeo. Por tanto, en termos xerais, o denominado Estadial Würmiense Final corresponde cun período de aproximadamente 10.000 anos de duración, caracterizado por unhas baixas temperaturas e unha importante perda de humidade, tanto nas zonas litorais-sublitorais como nos territorios continentais. As condicións climáticas frías e áridas condicionaron nas rexións máis continentais o predominio dos ambientes e formacións vexetais de tipo crioxérico, basicamente herbáceas: *Poaceae*, *Artemisia*, *Chenopodiaceae*, con menor presenza de *Pinus*, *Betula* ou *Juniperus*; e aparicións esporádicas de árbores planocaducifolios, que quedarían confinadas ás zonas máis resgardadas e húmidas. Na maior parte das secuencias e reconstrucións paleoclimáticas elaboradas en Europa, este momento relaciónase cun segundo avance dos xeos sobre os continentes, establecéndose ao redor do 21-18 ka BP o máximo desenvolvemento glacial deste período estadal.

A aplicación deste modelo xeral a un territorio concreto estas moitas veces condicionado a factores de carácter local ou rexional, como poden ser a altitude, latitude e orientación dos depósitos, a topografía do ámbito, a distancia ao mar, e a súa posición con respecto aos refuxios nos que quedaron acantonadas a flora e a vexetación meso termófilas durante as etapas climáticas máis rigorosas etc.

Nas secuencias oceánicas a conclusión do último período glacial sitúase en torno ao 16.000 BP, mentres que nos rexistros continentais do Noroeste de Europa aparece lixeiramente retardado, datándose cara ao 15.500-15.000 BP. En calquera caso en ámbalas reconstrucións recoñécese ao final do Wurm, e previamente ao comezo do actual interglacial, un período de melloría climática denominado Tardiglacial. Os modelos globais e a maioría das secuencias rexionais do Sueste de Europa diferencian durante o Tardiglacial unicamente dúas fases frías (Dryas Recente e Dryas Antigo), entre as que se sitúa un período de atemperamento climático, denominado interstadial Tardiglacial.

Tardiglacial.

Durante este intervalo rexístranse na maior parte dos territorios de Europa occidental os primeiros síntomas de quecemento térmico tras o final do último episodio glacial. Pero o inicio da fusión dos xeos continentais almacenados en ambas as marxes do Atlántico Norte, ocasionou tamén importantes cambios nas correntes circulatorias e un arrefriado das augas superficiais do océano, de modo que amplos

territorios do Sur de Europa sufriron condicións de extrema aridez, especialmente acusadas nas rexións máis continentais.

Nos depósitos situados na área litoral-sublitoral, apreciase un claro predominio das porcentaxes de *Poaceae*, mentres que os taxóns de carácter crioxérico: *Artemisia*, *Ephedra*, *Chenopodiaceae*, etc, apenas alcanzan unha representación significativa. Ao longo do Dryas Antigo, a representación polínica da vexetación arbórea é en xeral escasa. As maiores porcentaxes corresponden a elementos heliófilos (*Betula*, *Pinus*) ou riparios (*Alnus*) e soamente de forma esporádica aparecen representados algúns planocaducifolios mesotermófilos (*Quercus*, *Corylus*, *Castanea* etc.).

Coa restauración parcial das condicións do Atlántico Norte unha vez superada a primeira grande etapa da deglaciación, entre 13.000-11.000 BP rexístrase a retirada da fronte polar cara ao Norte, de modo que ten lugar unha sensible melloría das condicións climáticas en todo do Sueste do continente europeo. Desta fase de maior estabilidade resultan potenciados en todas as montañas do Noroeste Ibérico os procesos de carácter biotásico, polo que os rexistros polínicos dispoñibles nos macizos máis meridionais mostran con respecto ao Dryas Antigo unha maior abundancia e un mellor grao de conservación dos restos vexetais. Como unha evidencia máis da melloría climática, cabe mencionar a propagación da vexetación arbórea en moitas localidades do NW Ibérico, que inclúe a presenza de pole de especies mesotermófilas (*Quercus ilex* sp., *Olea*, *Castanea*, *Ulmus*, etc), nalgunhas secuencias dos sectores montañosos interiores.

Os espectros polínicos procedentes dos depósitos limnéticos e depósitos arqueolóxicos da Reserva de Biosfera Terras do Miño mostran durante esta época o desenvolvemento de pequenas áreas boscosas presididas por elementos caducifolios de carácter mesófilo (*Quercus robur* sp e *Corylus*). As porcentaxes de *Pinus* (*Pinus sylvestris* sp., *Pinus pinaster* sp.) e caducifolios (*Betula*) son moi reducidos, semellantes aos obtidos para outros elementos arbóreos (*Castanea*, *Alnus*, *Salix*). En zonas litorais-sublitorais de menor influencia oceánica, as porcentaxes arbóreas veñen marcadas por un menor desenvolvemento de *Corylus*, á vez que se reduce a porcentaxe de *Quercus* e aumenta *Pinus*. Para os núcleos montañosos surorientais de Galicia pode establecerse que a colonización forestal iniciouse desde as vertentes atlánticas, empregando roteiros migratorios situados a baixa altitude e paralelas á rede fluvial principal, para rodear os núcleos montañosos e penetrar cara ao interior.

Un novo descenso latitudinal da fronte polar, que as reconstrucións paleoclimáticas oceánicas sitúan entre o 11.000 e o 10.000 BP, supuxo para todo o Noroeste ibérico outra fase de empeoramento climático, reconecible nos diagramas polínicos das montañas occidentais da pola caída das porcentaxes de pole arbóreo e a expansión dos taxóns herbáceos, fundamentalmente *Poaceae* e *Artemisia*. Ámbolos procesos son característicos do Dryas Recente; e con respecto ao Interestadial Tardiglacial indican unha diminución da temperatura e unha maior xericidade.

No límite entre as Montañas Galaico-Asturianas e os territorios setentrionais da depresión cenozoica do Miño, os rexistros polínicos mostran a persistencia da influencia oceánica, xa que a proporción de elementos crioxéricos é moi reducida e a paisaxe está dominada por formacións de *Poaceae* e *Cistaceae*. Esta vexetación coexistiu con formacións de queirogais, así como con pequenas áreas de bosque caducifolio, fundamentalmente abederos, que se sitúan nas zonas máis protexidas. Pola contra, os diagramas correspondentes ao sur da Reserva de Biosfera Terras do Miño, mostran xa unha acusada continentalidade, que se manifesta tanto pola presenza de elementos crioxéricos como pola desaparición das formacións arbóreas mesófilas máis esixentes, que son reemplazadas por piñeirais.

O postglacial ou Holoceno iniciouse fai aproximadamente 10.000 anos. Dentro deste período reconecense tres grandes fases acorde cos datos climáticos e ecolóxicos. Unha inicial ou anatómica (10.000-7.000 BP), que corresponde a un intervalo de continuas modificacións ambientais pero que globalmente supuxo o quecemento progresivo das augas mariñas e dos territorios emerxidos adxacentes.

A continuación, establécese o óptimo climático (7.000-5.500 BP), momento no que se alcanzan as fases de maior termicidade en Europa, e que nos territorios de marcado carácter oceánico caracterízase ademais por unhas condicións especialmente húmidas. Por último, a Neoglaciación (2.500-0 BP) na que se rexistra unha sucesión de subfases frías e cálidas que derivan cara as condicións actuais.

A adopción da agricultura e gandería

A domesticación da paisaxe leva consigo un equilibrio territorial e temporal, entre a superficie ocupada por medios e comunidades con escaso grao de alteración humana (paisaxes e hábitats naturais), con aqueles nos que as características (composición, estrutura, función), están directamente condicionadas pola acción do home, establecendo diversos tipos de hábitats sinantrópicos, que inclúen os agrosistemas e os característicos dos distintos ecotipos ocupados polo home e os animais domésticos (estancias, vías, etc), e que en conxunto conforman os designados como paisaxes agrícolas tradicionais ou paisaxes culturais. O proceso de domesticación da paisaxe supón unha primeira etapa de alteración, transformación dos ambientes prístinos (paisaxes e hábitats), pola irrupción temporal, en relación coa duración dun aproveitamento non continuo, de ambientes sinantrópicos e seminaturais.

A agricultura non é un proceso inventado, senón o resultado dun cambio gradual nas relacións entre o home e o ecosistema onde se desenvolve e do coñecemento adquirido pola experiencia e a observación durante miles de anos. A maioría dos autores coincide en sinalar que o home comeza a practicar a agricultura no vello mundo fai aproximadamente 10.000 anos en Mesopotamia (Crecente Fértil). Desde aquí difundiríase a Europa a través do Mediterráneo. Rexistrándose os primeiros signos de actividade agrícola en Galicia e no conxunto do NW Ibérico, ao redor do 5.500 BP., durante a Neoglaciación (Ramil-Rego. 1993, Ramil-Rego & Aira. 1993; Ramil-Rego et al. 2001). As primeiras prácticas agrícolas enmárcanse no contexto europeo, nun período de neta hexemonía dos bosques prístinos na paisaxe, e a implantación da cal configura o denominado modelo de Landnams (Iversen, 1941), considerándose que o reducido nivel tecnolóxico dos primeiros agricultores europeos, a escasa poboación que podería ser empregada nos labores agrícolas, e a tamén reducida dispoñibilidade de sementes, e a necesidade de compasar a actividade á fenoloxía anual, obrigaba a economizar esforzo e tempo na adecuación do terreo para poder asegurar unha mínima recolección de produtos. En consecuencia, deberon seleccionar preferentemente formacións non maduras ou lonxevas de bosques prístinos que se adecuarían mediante corta (roza) e queima (Slash and burn), ou no seu caso áreas non boscosas, conformadas por zonas exhumadas trala retirada invernal das augas en humidais, claros creados por acción de tormentas ou por morte e caída de grandes árbores, áreas ocupadas por vexetación herbácea ou arbustiva, etc, que se prepararían igualmente mediante corta e queima da vexetación.

A ruralización da paisaxe

No período comprendido entre o final da Idade do Bronce e o final da Romanización prodúcese en Galicia unha importante transformación da paisaxe que virá marcada por un novo modelo social determinado por unha poboación sedentaria estruturada maioritariamente ao redor de pequenas aldeas produtivas, dispersas no territorio, e designadas como castros. O sedentarismo e a aparición das aldeas fortificadas rexistrase en Galicia desde finais da Idade do Bronce (século IX ou finais do VIII AC), e algúns dos castros manterán a súa estrutura máis ou menos funcional e unha poboación fixa ata mediados da Idade Media.

A ruralización da paisaxe prodúcese con maior intensidade nas zonas de menor altitude, e de maior aptitude para o seu aproveitamento agrícola, rexistrándose dúas grandes etapas. Na primeira (3.500 - 3.000 anos BP.) a paisaxe mantén maioritariamente as características prístinas, xurdindo pequenas illas, centradas nas pequenas aldeas, conformadas por un mosaico de terreos de cultivos, medios sinantrópicos e superficies constituídas por hábitats naturais e seminaturais orixinados pola alteración dos

hábitats prístinos. Nunha segunda etapa (3.000/2.500 BP. - 409 AD), que se podería establecer entre o final da Idade do Bronce e o final da Romanización, invírtense os compoñentes da paisaxe, de modo que agora a matriz aparece conformada por un mosaico heteroxéneo de superficies destinadas a cultivos, medios sinantrópicos e hábitats seminaturais e naturais, mentres que as áreas conformadas por hábitats prístinos correspóndense con pequenas illas dispersas na matriz ou concentradas nas áreas onde a actividade humana é menor. En consecuencia, antes da chegada dos romanos a Galicia, a paisaxe das zonas de menor altitude de Galicia (zona litoral e sublitoral, así como das grandes chairas interiores) atópase practicamente deforestado, cunha exígua representación de hábitats prístinos. O bosque soamente mantén a súa hexemonía na paisaxe nas áreas montañosas de maior altitude e maiores limitacións para o establecemento das prácticas agrícolas e gandeiras (Ramil-Rego et al., 1996, 2001).

Unha das principais consecuencias deste proceso de transformación e fragmentación, é a redución da diversidade biolóxica. As unidades sinantrópicas e seminaturais mostran unha menor diversidade que as unidades naturais ou prístinas. Os territorios dominados por unidades sinantrópicas móstranse ademais incapaces de manter a biodiversidade que posuía o territorio natural.

A agricultura castrexa mostra unha notable semellanza entre as distintas áreas, baseada no cultivo de cereais, fundamentalmente trigos hexaploides (*Triticum aestivum*) e tetraploides (*Triticum dicoccum*, *Triticum spelta*). A abundancia das fabas (*Vicia faba*), entre as leguminosas marca ademais a separación da agricultura do NW fronte ás de zonas máis continentais. Mentres que o carácter indixena deste sistema queda relegado á recolección de froitos silvestres, fundamentalmente de landras de carballos caducifolios (*Quercus*).

A ocupación romana do NW Ibérico prodúcese durante unha fase fría que non facilitou a difusión de especies climáticas moi esixentes, como a vide e a oliveira, en contraste da situación rexistrada nos territorios máis meridionais da Península Ibérica, onde ámbolos cultivos adquiren unha gran importancia. Así en Galicia, durante a ocupación romano, a produción agrícola mantén o sistema produtivo baseado no cultivo de cereais (trigo, cebada, avea, mijo) e legumes (fabas, chícharos).

Xénese dos agrosistemas forais

O espazo temporal comprendido entre o século V e o XV vén marcado por fortes cambios xeopolíticos tanto en Galicia como no conxunto da Península Ibérica. O desmoronamento do Imperio Romano de Occidente conleva a chegada de distintos pobos xermánicos que se reparten as antigas provincias romanas. O NW quedou finalmente en mans dos Suevos que establecen o Reino Suevo da Gallaecia (409-585 AD). Coincidindo coa etapa final deste, os rexistros polínicos obtidos en distintos depósitos do interior de Galicia mostran un forte incremento das porcentaxes de *Castanea* que son interpretados como o reflexo da súa expansión territorial vinculada ao seu cultivo. O Reino Suevo é anexionado polo Reino Visigodo (585-711 AD), que desaparece trala irrupción dos árabes na península, quedando un baleiro de poder no territorio comprendido entre o mar Cantábrico e o río Douro (prácticamente coincidente cos límites do antigo Reino Suevo) que xa non se atopa ligado ao goberno Visigodo in ao emirato Omeia con sede en Córdoba. Esta ausencia de autoridade rexia ocasiona que os nobres da antiga Gallaecia (galaicos, ástures e vascóns) comecen a disputarse o control da Gallaecia ata que finalmente Afonso II fixa a capital do Reino de Galicia na cidade asturiana de Oviedo e máis tarde múdase a sede rexia á cidade de León co reinado de Afonso III. Trala consolidación do reino de Galicia reactivase a produción agrícola no territorio de Terras do Miño, que segue centrada no cultivo de cereais (trigo, centeo, cebada, avea), legumes (fabas, chícharos) incorporándose distintos cultivos de especies leñosas, como o castiñeiro, as nogueiras, ou as vides.

Desde o século VIII ao XV consolídase en Galicia unha sociedade cunha forte pegada rural, na que as antigas casas dirixentes serán sucesivamente substituídas a medida que os avatares políticos despracen

o centro do poder sobre a nobreza asturiana ou leonesa. Ao longo deste amplo período a Igrexa logra incrementar os seus privilexios e riquezas grazas á protección e apoio da realeza e dos nobres, recibindo importantes doazóns económicas e sobre todo de terreos agrícolas e de montes. O período non é alleo ás loitas de poder e ás guerras, así como ás dificultades xeradas polas malas colleitas (Séculos XIII e XIV), e as pestes (Peste Negra de 1348). Factores negativos que inciden especialmente entre os grupos sociais menos favorecidos, que a mediados do século XVI (1467 e 1469), provoca a revolta Irmandiña contra os grandes señores feudais (Barros, 1988, 1996, López Sabatel, 2008).

Os instrumentos e figuras xurídicas que regulaban as relacións sociais no seo do réxime medieval galego eran moi variados, incluíndo traballos comunais en terreos, xeralmente de monte (seara), a limpeza e mantemento de camiños, o pago da luctuosa (loitosa) que os herdeiros de arrendatario entregaban ao arrendador. De todos eles serán o décimo e o foro os sistemas que máis repercusións terán sobre os campesiños. No século XIII baixo o reinado de Alfonso X [1252,1284] promúlgase un corpo xurídico común para todo o reino, "As Sete Partidas" (1256-1265), nas que se configura o décimo, como tributo universal, obrigatorio e esixible, de carácter estritamente relixioso coa fin de satisfacer os gastos e necesidades da Igrexa. Estaban obrigados a decimar "todos os homes do mundo", incluso os clérigos. No medio rural o décimo pagábase sobre as distintas producións agrícolas (cereais, legumes, viño, froitos, etc) gandeiras (vacas, cordeiros, aves, la, mel, cera, queixo etc.), forestais, pesca, así como das distintas instalacións (muíños, pesqueiras, etc). O pago do décimo manterase vixente ata o 28/07/1837.

A Igrexa e unha heteroxénea e reducida clase adañeirada tiñan ademais el control da maior parte do espazo rural. O poder terreal da Igrexa, estendíase tanto sobre os recursos mariños (baleas e outros mamíferos mariños, peixes), como os terrestres, incluído os montes, os prados, os terreos de cultivos, xunto cun número importante de construcións rurais e urbanas. A Igrexa, igual que noutras rexións, utilizou os mosteiros como elemento xestor do seu extenso latifundio, o que leva ao abandono do modelo de cenobio eremita e naturalista, pola irrupción dos mosteiros, nos que os deberes das obrigacións relixiosas combínanse coas do traballo manual (*opus manuum*). Entre os séculos X e XI en Galicia o monacato alcanzou un forte incremento, transformando definitivamente o Agrosistema castrexo-romano, substituíndoo polo Agrosistema foral.

Agrosistema foral-ultramariño

A etapa histórica que abarca os séculos XVI ao XVIII coñécese polo nome de Antigo Réxime, cuxas características máis destacadas son o predominio da agricultura no conxunto das actividades económicas, conformación estamental da sociedade e organización política baixo a forma de monarquía absoluta. O Agrosistema foral manterase inicialmente sen grandes cambios, para posteriormente transformarse a medida que se incorporan os cultivos de ultramar (millo, patacas, tomates, fabas, pementos, etc), o desenvolvemento dos cultivos para manufacturas téxtiles, como a do liño (*Linum usitatissimum*) e o cáñamo (*Cannabis sativa*), a repoboación forestal con piñeiros, e en menor medida doutras especies exóticas, así como a incorporación de novas técnicas agrarias, marcan a irrupción dun novo tipo de Agrosistema, o Agrosistema foral-ultramariño.

Este período histórico (séculos XVI-XVIII) estivo ademais suxeito a importantes cambios políticos, as continuas guerras, e por conseguinte as fases de expansión e regresión dos agrosistemas, intimamente vinculadas coa evolución demográfica e coa aparición de pandemias derivadas dunha aglomeración urbana pouco saudable, e dun uso abusivo e caótico dos recursos naturais.

Os agrosistemas forais-ultramariños a pesar de incorporar unha gran diversidade de cultivos e distintas innovacións tecnolóxicas, fóronse convertendo en monstros xigantescos, pero cos pés de barro. Un sistema en desequilibrio que é incapaz de autorregularse, e que sufrirá importantes crises de subsistencia, no que se suceden ciclos de desenvolvemento moi dependentes das condicións

xeopolíticas e ambientais. Nas fases de bonanza prodúcese o incremento das cavaduras, aumentando á súa vez a pegada ecolóxica sobre o territorio, incorporándose novas tecnoloxías e cultivos, que esixen máis abonos, máis cavaduras e crean á súa vez un medio favorable para o desenvolvemento de organismos oportunistas, moitos deles importados de ultramar. En síntese e como postulaba Thomas Maltus [1766, 1834], produciase un incremento, en proporción asimétrica, dos medios de subsistencia, mentres que a poboación incrementábase seguindo unha progresión xeométrica. O Agrosistema faise cada vez menos estable, perde capacidade de autorregulación e capacidade de eludir ou minimizar as perturbacións alleas. Iso leva á aparición de fases críticas, xeradas por condicións ambientais e/ou xeopolíticas, fronte ás cales non hai capacidade de resposta, e en consecuencia, os piares de barro do Agrosistema, os campesiños que representa o 80% da poboación, ven incrementada igualmente de forma xeométrica a súa miseria, a fame e a súa Desesperación. Ante esta situación elixese unha solución totalmente inadecuada, incrementar a produtividade a costa de incrementar aínda máis a pegada ecolóxica e a vulnerabilidade do propio sistema e da poboación

A agonía do Agrosistema Foral é relatado por Frei Benito Jeronimo Feijoo e Montenegro, coñecido como Pai Feijoo [1676,1764], quen describe no seu célebre: *Theatro critico universal* (1769), a situación de pobreza fame que sofre o agricultor galego: “Pero hai hoxe xente mas infeliz, que os pobres labradores, que especie de calamidade hai, que aqueles en o padezan? Eu, a verdade, só podó falar con perfecto coñecemento do que pasa en Galicia, Asturias, e nas Montañas de León. Nestas terras non hai xente máis famenta nin máis desabrigada que os labradores. Catro trapos cobren as súas carnes; ou mellor, direi que polas moitas roturas que teñen descóbrenas. A habitación está igualmente rota que o vestido, de modo que o vento e a choiva éntanse por ela como pola súa casa. O seu alimento é un pouco de pan negro, acompañado ou dalgún lacticio ou algún legume vil, pero todo en tan escasa cantidade que hai quen apenas unha vez na vida levántanse saciados da mesa. Agregado a estas miserias un continuo rudísimo traballo corporal, desde que raia o alba ata que vén a noite, contemple calquera se non é vida máis penosa a dos míseros labradores que a dos delincuentes, que a xustiza pon nas galeras.

Do Agrosistema minifundista ao Agrosistema industrial

Desde unha perspectiva histórica o final do Antigo Réxime establececese a finais do Século XVIII coa Revolución Francesa de 1789 ou uns anos antes, no ano 1784, coincidindo coa patente da máquina de vapor efectuada polo irlandés James Watts, que marcaría o comezo da Revolución Industrial no continente europeo. A economía e a utilización dos recursos naturais durante o Antigo Réxime manifestan en Galicia, como noutras rexións, un incremento considerable en relación cos niveis rexistrados na Idade Media. O uso dos recursos formulase sen ningunha consideración ambiental. O home é o centro do mundo, e os recursos naturais están para satisfacer tódalas súas necesidades. A relación entre o home e a natureza era evocada en moitas ocasións en relación cos versículos do Antigo Testamento “que o home a ten potestade sobre os peixes do mar, as aves dos ceos, sobre toda a terra e as bestas que moven sobre a terra” (Genesis 1,31), interpretándose a “potestade” como unha carta branca para poder actuar sen ningún tipo de limitacións.

As primeiras etapas da Revolución Industrial apenas xerarán cambios na economía rural da maior parte Europa, manténdose ao longo do século XIX os sistemas e estruturas herdados do Antigo Réxime, que resultan frecuentemente incapaces de mellorar a calidade de vida da poboación, conformada maioritariamente por agricultores. O auxe das cidades e da nacente industria, xerará un progresivo éxodo dos campesiños, incrementando dramaticamente a separación entre o mundo rural e urbano. Os cambios políticos acaecidos durante a primeira metade do século XIX determinaran o ocaso dos Agrosistemas forais-ultramariños, e a substitución polos agrosistemas minifundistas caracterizados polo seu forte carácter autárquico e pola súa exiguua capitalización. O Agrosistema minifundista manterá durante a maior parte do século XIX moitas das características dos agrosistemas forais, tanto en relación coas estruturas, como nos tipos de cultivos e aproveitamentos maioritarios, ou no nivel tecnolóxico. A comezos do século

XX, unha vez eliminadas as estruturas agrarias do Antigo Réxime o Agrosistema minifundista aparece completamente consolidado. En canto aos cultivos agrícolas mantense a diferenza entre as comarcas litorais-sublitorais das interiores. Nas primeiras o cultivo de millo, as patacas, os cereais do Vello Mundo e os nabos serán as especies dominantes. Mentres que nas comarcas interiores, a inexistencia de variedades de millo adaptadas ás condicións climáticas destes territorios, determina a supremacía dos cereais (trigo, centeo, mijo, millo, cebada, avea), as patacas e os nabos. A cabana gandeira sufrirá un importante incremento, sobre todo do gando bovino e porcino, aínda que persiste unha importante gandería de ovicapridos (ovellas e cabras); o censo de bovino en 1906 era de 60.000 cabezas, duplicándose nos anos vinte. As limitacións do capital reducirán a incorporación de novas innovacións, aínda que se observa un progresivo incremento no uso de abonos minerais, biocidas e de maquinaria agrícola (arados de vertedera, sementadoras, etc), aínda que esta última segue sendo empregada con tracción animal. A comercialización dos produtos centrase no ámbito local, e soamente no caso das reses de abasto conséguese unha exportación cara a outras áreas de Galicia ou do estado.

A partir de 1945, os agrosistemas minifundistas capitalízanse e intensifícanse. A mecanización irrompe nas labores agrícolas substituíndo a forza animal, mentres que se incorporan de forma masiva agroquímicos, e as variedades e razas tradicionais, forxadas ao longo da historia, son substituídas por formas selectas de orixe recente, que se difunden en grandes extensións. O Agrosistema minifundista muda deste xeito rapidamente ata converterse nun Agrosistema industrial que incrementa a súa produción á conta da calidade e de incrementar a súa pegada ecolóxica, apartándose completamente da sustentabilidade. As reformas emprendidas pola ditadura militar son incapaces de remediar os problemas do medio rural, provocando na década dos cincuenta un importante éxodo de agricultores ás cidades, así como aos países europeos máis industrializados. A emigración e a redución da natalidade que se produce ao longo do século XX, supoñerá unha drástica redución da poboación do rural.

O réxime franquista impulsou ademais distintos programas de colonización e concentración parcelaria, tentando con iso redimir o atraso secular que segundo os tecnócratas do momento sufrían as rexións afectadas polo irracional minifundio. "Na metade norte de España, pode afirmarse, con plena seguridade, que a regra xeral son as explotacións en farrapos, explotacións trituradas compostas por multitude de pequenas parcelas, afastadas unhas doutras e distribuídas polos catro confíns de cada termino municipal. Existe, en xeral, a impresión de que son as provincias galegas onde o fenómeno desta fragmentación da propiedade reviste un máis acusado matiz. É certo que nesta rexión o tamaño medio da parcela descende por baixo de calquera cálculo, por pesimista que este sexa. Para entendela hai que utilizar outras medidas, non falar de hectáreas, nin tampouco de áreas, senón de centiáreas. As leiras mídense xa como os solares, por metros cadrados, e nalgúns casos por pés" (Beneyto Sanchis, 1955).

A concentración parcelaria xerou durante o franquismo unha salvaxe perda de elementos patrimoniais, fundamentalmente cruceiros, hórreos, pontes antigas, pombais, castros, medoñas, cistas, etc, que serán destruídos sen ningún tipo de contemplación. A pegada ecolóxica foi igualmente dramática. A primeira actuación da concentración é a deforestación da área afectada, na que non queda unha árbore en pé, ou se queda, non é digno de chamarse árbore. Os troncos dos carballos centenarios acumulábanse ao longo das novas pistas, onde podrecen, xa que a irracional talla xera máis madeira da que pode asumir o mercado local. Trala concentración o medio rural perde a súa diversidade, transfórmase nun medio homoxéneo, un deserto de herba disposto en cuadrículas xeométricas delimitadas por pistas cheas de fochas. Unha paisaxe pobre en canto á presenza de medios ecolóxicos e á capacidade de acollida para as especies silvestres autóctonas. O oco ecolóxico deixado por estas será ocupado progresivamente pola expansión de elementos ruderais e invasores.

O desenvolvemento dos agrosistemas industriais forxouse nun período de postguerra, unha época na que existiu un importante déficit alimentario en toda Europa, e por conseguinte as políticas agrícolas orientáronse cara ao incremento da produtividade. Neste marco xorde no ano 1962 a Política Agraria

Común (PAC), que estableceu un marco propicio para o desenvolvemento dos agrosistemas industriais. Ao cabo de 40 anos, os mercados enchéronse de montañas de manteiga e de ríos de leite, excedentes subvencionados que, nun mundo globalizado, repercuten salvaxemente nos pequenos produtores dos países en vía de desenvolvemento, condenándoos á miseria.

A insostibilidade dos agrosistemas industriais e en consecuencia do medio rural europeo, levou a reformar a PAC en 1999, a través dun programa de acción designado como Axenda 2000". O obxectivo principal da cal consistiu en reforzar as políticas comunitarias e dotar á Unión dun novo marco financeiro para o período 2000-2006, tendo en conta a perspectiva da ampliación. A produción de alimentos deixa de ser unha prioridade estratéxica na política agraria da Unión Europea, sendo substituída por outros problemas emerxentes, sustentados no como e en que condicións se producen os alimentos e as materias procedentes do medio rural, e a relación que existe entre a actividade económica e o medio natural en sentido máis amplo.

Os principios reitores da PAC, da política de mercados e da política de desenvolvemento rural foron expostos polo Consello Europeo de Gotemburgo (15-16/06/2001). Conforme ás súas conclusións, o alto rendemento económico debe ir unido á utilización sostible dos recursos naturais e a niveis de residuos adecuados, de forma que se mantén a diversidade biolóxica, consérvanse os ecosistemas e evítase a desertización. Para afrontar estes retos, o Consello Europeo acordou que un dos obxectivos da Política Agraria Común e o seu desenvolvemento futuro debería ser a contribución ao logro dun desenvolvemento sostible facendo maior fincapé no fomento de produtos saudables e de alta calidade, en métodos de produción respectuosos co medio, incluída a produción ecolóxica, nas materias primas renovables e na protección da biodiversidade. Estes principios reitores foron confirmados nas conclusións sobre a Estratexia de Lisboa no Consello Europeo de Salónica (20-21/06/2003). Nos próximos anos, a contribución da nova PAC e do desenvolvemento rural á mellora da competitividade e ao desenvolvemento sostible pode ser transcendental. O medio rural galego pasou de ser o centro da economía durante o Antigo Réxime e nos períodos previos, a representar un elemento secundario nas primeiras fases do Antropoceno, desprazado polo auxe das urbes, converténdose nos albores do século XXI nun vertedoiro dos insumos que producen as industrias e as urbes que crecen de forma insostible. Neste contexto, a defensa da agricultura industrial, así como o mantemento dun discurso modernizador e produtivista, está en crise. A obstinación nun crecemento insostible levou ao sistema a "graves ineficiencias produtivas", como o mal das "vacas tolas", que tivo unha forte repercusión na comercialización e mantemento da cabana de vacún (Ferrás et al. 2004).

4.5. Coberturas do terreo

A partir da fotointerpretación das ortoimaxes dos anos 2002 e 2020 elaboráronse mapas de coberturas do terreo (grandes grupos de hábitats) empregando para iso o sistema de unidades establecido en CORINE Land-Cover e EUNIS-Hábitat, adaptado ás características do territorio galego, o que permite distinguir e cartografar 20 tipos de unidades que representan tanto medios naturais e seminaturais como artificiais.


Coberturas de Terreos (2002 – 2020) e valores de cambio

Unidades	COD	Ano 2002		Ano 2020		Diferenza	
		ha	%	ha	%	ha	%
Ecosistemas lénticos continentais	EL	100,00	0,03	100,00	0,03	0	0
Turbeiras	Tu-1	4850,06	1,30	3850,05	1,03	-1000	-20,62
Turbeiras alteradas (Agrosistemas)	Tu-2	1225,01	0,33	2075,02	0,55	850	69,39
Turbeiras alteradas (Silvosistemas)	Tu-3	1425,02	0,38	1575,02	0,42	150	10,53
Matogueiras húmidas - Turbeiras	MHT	10175,14	2,72	6675,09	1,78	-3500	-34,40
Matogueiras húmidas (Brañas)	MHB	19675,37	5,26	10600,20	2,83	-9075	-46,12
Humidais alterados (Agrosistemas)	HAA	750,01	0,20	3100,04	0,83	2350	313,33
Humidais alterados (Silvosistemas)	HAS	2725,04	0,73	3875,06	1,04	1150	42,20
Ecotonos de humedais	EH	25,00	0,01	25,00	0,01	0	0,00
Ecotonos de humedais moi alterados	EHA	250,00	0,07	250,00	0,07	0	0,00
Matogueiras secas e medios rochosos (silíceos)	MSS	21350,45	5,70	6950,15	1,86	-14400	-67,45
Matogueiras secas basófilas	MSB	250,00	0,07	225,00	0,06	-25	-10,00
Matogueira boscosa de transición	MBT	0,00	0,00	2500,05	0,67	2500	0
Bosques antigos	BA	3125,06	0,84	3125,06	0,84	0	0
Bosques Naturais e seminaturais	BNT	27475,56	7,34	24150,49	6,45	-3325	-12,10
Agrosistemas	AGR	205028,88	54,78	197728,74	52,83	-7300	-3,56
Plantacións forestais	PF	72476,39	19,37	103377,00	27,62	30901	42,64
Áreas urbanas, áreas industriais e vías	URB	2700,06	0,72	3425,08	0,92	725	26,85
Masas de auga artificiais moi modificadas	MAA	300,00	0,08	300,00	0,08	0	0
Explotacións mineiras e terreos removidos	MIN	350,01	0,09	350,01	0,09	0	0

Táboa 4.3. Datos de superficie das unidades ambientais (grandes grupos) na Reserva de Biosfera Terras do Miño na cartografía dos anos 2002 e 2022, así como valores de cambio (2002-2020).

Ao comparar os datos da cartografía ambiental na Reserva de Biosfera entre 2002 e o 2020, obsérvase unha perda significativa de coberturas representativas de hábitats naturais-seminaturais, perda que afecta especialmente a queirogais secos, queirogais húmidos, turbeiras e bosques naturais – seminaturais, mentres que se incrementa a superficie ocupada por plantacións forestais (máis de 30.900 ha), entre as cales dominan as superficies plantadas con especies do xénero *Eucalyptus*. As superficies de medios artificiais (áreas urbanas, áreas industriais, infraestruturas viarias), tamén rexistran un aumento, aínda que en menor magnitude (725 ha).


Cartografía ambiental de Terras do Miño (2002)



Distribución de unidades por cuadrículas UTM 0,5 x 0,5 km. Mapa en proxección UTM Fuso. 29. Sistema de Referencia ETRS89 29N. Escala de referencia: 1:500.000.

Figura 4.2. Cartografía ambiental da Reserva de Biosfera Terras do Miño (ano 2002). Fonte: IBADER.

Cartografía ambiental de Terras do Miño (2020)



Distribución de unidades por cuadrículas UTM 0,5 x 0,5 km. Mapa en proxección UTM Fuso. 29. Sistema de Referencia ETRS89 29N. Escala de referencia: 1:500.000.

Figura 4.3. Cartografía ambiental da Reserva de Biosfera Terras do Miño (ano 2020). Fonte: IBADER.

Lenda empregada na cartografía ambiental

	Ecosistemas lénticos continentales
	Ecotonos y áreas fragmentadas de humedales
	Ecotonos y áreas fragmentadas de humedales seminaturales de uso extensivo
	Turberas
	Turberas alteradas
	Matorrales húmedos-Turberas
	Matorrales húmedos-Turberas alteradas
	Matorrales húmedos-Brañas
	Matorrales basófilos
	Matorrales secos y medios rocosos
	Matorral boscoso de transición
	Bosques naturais y seminaturales
	Bosques antigos
	Agrosistemas
	Plantaciones forestales
	Masas de agua artificiais - muy modificadas
	Áreas urbanas, áreas industriais y vías
	Explotaciones mineras y terrenos removidos

Figura 4.4.- Unidades ambientais (tipos de coberturas ou grandes grupos de hábitats) empregadas na elaboración da cartografía.

4.6. Paisaxe

A Reserva de Biosfera Terras do Miño inclúe dúas grandes unidades paisaxísticas intimamente relacionadas. A periferia da Reserva de Biosfera aparece configurada pola sucesión de distintas unidades montañosas, sendo as máis importantes as emprazadas no seu extremo Norte, que conforman o núcleo principal das Serras Setentrionais de Galicia. A área montañosa rodea unha superficie de morfoloxía horizontal configurada por unha gran conca sedimentaria, a Terra Chá, sobre a que converxen distintos vales fluviais, amplos e de chairas suaves, que achegan a auga desde as zonas de montaña e finalmente drenan a propia chaira a través dun val que se encaixa progresivamente.

Na maioría das propostas de delimitación paisaxística o territorio da Reserva de Biosfera Terras do Miño aparece encadrado en distintas unidades onde se individualizan as áreas de montaña periféricas da zona central da paisaxe chaira ou encaixada. Na proposta publicada por Mata Olmo & Herraiz (2003) o reborde montañoso setentrional da Reserva intégrase na Asociación: Montes e Vales Atlánticos e Sublitorais dentro de dous tipos de unidades paisaxísticas (Tipo de Paisaxe: Serras litorais e prelitorais Cantábrico-Atlánticas. Unidade: Montes da Mariña Oriental Lucense. Tipo de paisaxe: Serras Galegas e da Divisoria Astur-Leonesa. Unidade: Serra da Carba e do Xistral). Os contrafortes orientais intégranse igualmente noutras dúas unidades da Asociación: Montes e Vales Atlánticos e Sublitorais (Tipo de paisaxe: Serras Galegas e da Divisoria Astur-Leonesa. Unidade: Serras de Loba, da Cova da Serpe e Cordais de Ousá e Pena de Anfoi. Tipo de paisaxe: Montes Galegos. Unidade: Montes de Vacaloura e Serra de Ligonde), mentres que os contrafortes orientais forman parte da Asociación Serras e Montañas Atlánticas e Subatlánticas (Tipo de paisaxe: Serras Galegas e da Divisoria Astur-Leonesa. Unidade: Serras do Leste da Terra Chá). A área central da Reserva de Biosfera Terras do Miño inclúese na Asociación: Concas, foxas e depresións (Tipo de paisaxe: Depresións Galaico-Zamorana-Leonesas. Unidade: Terra de Lugo).

Analogamente Ramil-Rego et al. (2005a) inclúen o territorio montañoso dentro da unidade paisaxística: "Serras", distribuído igualmente en distintas subunidades (Serras Galaico-Asturianas, Serras Centrais de Galicia, Serras Orientais de Galicia). Mentres que a zona central da Reserva de Biosfera inclúese na unidade: Chairas e vales interiores (subunidade: Terra Chá, Conca Alta do Miño).

Na proposta de sectorización do Catálogo das paisaxes de Galicia o territorio da Reserva de Biosfera Terras do Miño forma parte de 3 grandes áreas paisaxísticas. As montañas setentrionais inclúense dentro da Gran Área Paisaxística Galicia Setentrional (Comarca: Serras e Fosas Setentrionais e Comarca: A Mariña – Baixo Eo), mentres que os contrafortes orientais forman parte da Gran Área Paisaxística Serras Orientais (Comarca: Os Ancares – A Fonsagrada). O reborde montañoso occidental da Reserva e a zona central forman parte da Gran Área Paisaxística Chairas e fosas luguesas (Comarca Terra Chá), incluíndo unha pequena parte do termo municipal do Páramo, na Gran Área Paisaxística Ribeiras encaixadas do Miño e do Sil (Comarca: Ribeira Sacra Miñota).

4.7. Hábitats

A Directiva 92/43/CEE considera hábitats aos medios terrestres ou acuáticos diferenciados polas súas características xeográficas, abióticas e bióticas, tanto se son enteiramente naturais como seminaturais. A normativa europea fixa unha lista de hábitats naturais-seminaturais considerados de interese comunitario que se atopan ameazados de desaparición na súa área de distribución natural; ou ben presentan unha área de distribución natural reducida por mor da súa regresión ou debido á súa área intrinsecamente restrinxida; ou ben constitúen exemplos representativos de características típicas dunha ou de varias das rexións bioxeográficas que se recoñecen no ámbito da Unión Europea. De entre os tipos de hábitats de interese comunitario considéranse como prioritarios a determinados hábitats naturais ameazados de desaparición cuxa conservación supón unha especial responsabilidade para a Unión Europea.

A listaxe actualizada de hábitats da Unión Europea recoñece a existencia de 246 Tipos de Hábitats de interese comunitario, dos que 71 son considerados como hábitats prioritarios. En Galicia identificáronse 72 tipos de hábitats de interese comunitario (29,2% dos da UE), dos cales 18 tipos de hábitats son considerados prioritarios (25,3% dos de UE). Na Reserva de Biosfera Terras do Miño atópanse representacións de 37 tipos de hábitats de interese comunitario (15,04% dos hábitats da UE e 51,38% dos existentes en Galicia), dos que 12 son considerados como prioritarios (16,66% dos hábitats da UE e 66,66% dos hábitats prioritarios presentes en Galicia)

A Reserva de Terras do Miño alberga unha importante superficie de humidais, tanto de montaña como asociados a depresións, incluíndo humidais lacunares (Nat-2000 3110, 3120, 3130, 3140, 3150, 3160), higrófilos (Nat-2000 6230*, 6410, 6430) e higróturfófilos (Nat-2000 4020*, 7110*, 7120, 7130*, 7140, 7150, 7210*, 7230, 91D0*). Trátase do complexo de humidais de maior importancia para a conservación da biodiversidade do SW Europeo (Ramil Rego et al. 1995, 2005a; Martínez Sánchez 2006; Ramil Rego & Domínguez Conde 2006). As características da conca propician a existencia dun complexo sistema de humidais topóxenos, así como un gran número de pequenos acuiferos interrelacionados co sistema fluvial (Seara Valero 1996, Ramil Rego et al. 1996).

A área montañosa setentrional alberga unha importante superficie de humidais de montaña conformada por queirogais húmidos (Nat-2000 4020*), turbeiras altas (Nat-2000 7110*) e turbeiras de cobertor (Nat-2000 7130*), consideradas pola DC 92/43/CEE como hábitats de conservación prioritaria (Izco & Ramil Rego 2001). As turbeiras de cobertor da Serra do Xistral son as únicas representacións deste tipo peculiar de turbeiras, consideradas como hábitat prioritario, presente na Península Ibérica, e nas que se inclúe unha rica e rara flora de briófitos, plantas superiores e comunidades de invertebrados (Gómez Orellana et al. 2008). En consonancia con isto, o numeroso elenco de hábitats alberga unha rica e nutrida diversidade de especies (Ramil- Rego et al. 2008a, 2008b), tanto de flora como de fauna, entre as que se atopan exemplos de elevado interese para a conservación, contando con taxóns prioritarios e en perigo de extinción.

Por outra banda, a Reserva tamén alberga unha boa representación de bosques climácicos (Rodríguez Guitián 2004) conformados por diversos tipos de carballeiras (Nat-2000 9230), cunha gran diversidade de especies vasculares. Estes bosques constitúen o límite de distribución occidental de numerosas especies, entre as que cabe destacar *Fagus sylvatica* (Rodríguez Guitián et al. 2001, Rodríguez Guitián & Ferreiro da Costa 2011). Con todo, tamén se atopan presentes outras formacións arborizadas consideradas de interese para a conservación, como os bosques de ladeiras (Nat-2000 9180*), os bosques seminaturais de castiñeiro (Nat-2000 9260), ou as formacións de *Ilex aquifolium* (Nat-2000 9380).

Os tramos fluviais que percorren as áreas de menor altitude dentro da Reserva (Río Barja & Rodríguez Lestegás 1996) mostran probablemente a mellor representación de bosques aluviais e de galería (Nat-

2000 91E0*, 91F0) do Norte da Península Atlántica (Amigo et al 1987, Ramil Rego et al 2005a). Algúns dos bosques de ribeira posúen máis de 60 especies características de ambientes nemorais. En consecuencia, os leitos fluviais (Nat-2000 3260) albergan unha rica e nutrida diversidade de especies, tanto peixes (*Chondrostoma arcasii*, *C. duriense*, *Gasterosteus gymnurus*), bivalvos (*Margaritifera margaritifera*, *Unio pictorum*, *Anodonta cygnea*), como de plantas vasculares (*Isoetes fluitans*, *Luronium natans*) ou de vertebrados (*Lutra lutra*).

Habitats de Interese Comunitario na Reserva de Biosfera Terras do Miño

Código	Denominación abreviada del hábitat
3110	Augas oligotróficas (<i>Littorelletalia uniflorae</i>)
3120	Augas oligotróficas (<i>Isoetes</i> spp.)
3130	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas
3140	Augas oligomesotróficas calcáreas (<i>Chara</i> spp.)
3150	Lagos eutróficos naturais (<i>Magnopotamion</i> ou <i>Hydrocharition</i>)
3160	Lagos e estanques distróficos naturais
3260	Ríos dos pisos basal a montano
3270	Ríos de ribeiras lamacentas (<i>Chenopodion rubri</i> p.p., <i>Bidention</i> p.p)
4020 *	Queirogais húmidos atlánticos de <i>Erica ciliaris</i> y <i>E. tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
6210 *	Prados secos seminaturais (<i>Festuco-Brometalia</i>)
6220 *	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodieta</i>
6230 *	Formacións herbosas con <i>Nardus</i> ,
6410	Prados con molinias.
6430	Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude
7110 *	Turbeiras altas activas
7120	Turberias altas degradadas
7130 *	Turbeiras de cobertor
7130	Turbeiras de cobertor non activas
7140	'Mires' de transición
7150	Depresións sobre sustratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
7210 *	Turbeiras calcáreas do <i>Cladium mariscus</i> e do <i>Caricion davallianae</i>
7220 *	Mananciais petrificantes con formación de tuf (<i>Cratoneurion</i>)
7230	Turbeiras baixas alcalinas
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8210	Pendientes rochosas calcícolas con vexetación casmofítica
8220	Pendientes rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira
8310	Covas non explotadas polo turismo
9180 *	Bosques de ladeiras, desprendementos ou barrancos do <i>Tilio-Acerion</i>
91D0 *	Turbeiras boscosas
91E0 *	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> y <i>Fraxinus excelsior</i>
91F0	Bosques mixtos nas ribeiras dos grandes ríos
9230	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>
9260	Bosques de <i>Castanea sativa</i>
9380	Bosques de <i>Ilex aquifolium</i>

Táboa 4.4. Habitats de interese comunitario (Anexo I da DC 92/43/CEE) presentes na Reserva de Biosfera Terras do Miño

A agricultura tradicional contribuíu á configuración e conservación de formacións seminaturais de valor para a biodiversidade, de forma que dentro do gran complexo agrario incluído nesta Reserva é posible identificar tipos de hábitats considerados de interese comunitario (Nat-2000 6410, 6430, 6510). O nutrido elenco de tipos de hábitats presente na Reserva, con especial atención á variedade de humidais presentes, e a súa relación co complexo agrario, permitiu o desenvolvemento dunha serie de unidades de paisaxe características do territorio incluído no seu ámbito (Ramil Rego et al. 2001, 2005b; Ramil Rego & Crecente Maseda 2009). Estas paisaxes inclúen unha ampla variedade de elementos de interese etnobotánico e etnozoolóxico, que contribúen á mellora da conectividade dos hábitats naturais e seminaturais, funcionando como puntos de ligazón esenciais para a migración e o intercambio xenético das especies silvestres.

4.8. Especies de interese para a conservación

O territorio da Reserva de Biosfera Terras do Miño inclúe un gran número de especies protexidas tanto pola normativa comunitaria (Directiva Aves, Directiva Hábitat), nacional (Catálogo Nacional de Especies Ameazadas) e autonómica (Catálogo Galego de Especies Ameazadas). A Reserva presenta unha gran diversidade específica (Albertos et al. 2005; Amigo & Rodríguez Guitián 2010; Amigo et al. 2003; Anthos 2007; Arcéz et al. 2002; Arcos et al. 2006; Azpilicueta et al. 2007; Bañares et al. 2004, 2006, 2009; Casas et al. 1999; CMA 2005; Cortizo & Sahuquillo 1998; Del Moral & Molina 2007; Doadrio 2001; Drosera 2008; Epelde 1992; Galán et al. 2005; Verdú & Galante 2008; García-Gesto et al. 1989; Garilleti & Albertos (2012); Giménez de Azcárate & Amigo 1996; Hervella & Caballero 1999; López-Jiménez 2021; Martí y del Moral 2003; Moreno Saiz et al. 2019; Otero et al. 2005; Palomo et al. 2007; Penas et al. 2004; Pino et al. 2009; Piñeiro et al. 2007; Pleguezuelos et al. 2002; Izco & Ramil Rego 2003; Ramos et al. 2001; Reinoso 1993, 1998; Reinoso & Rodríguez 1984, 1986; Reinoso et al. 1994, 2003; Rodríguez-Oubiña et al. 2001, 2003; Romero et al. 2004, 2006; Sánchez-Canals & Guitián 1988; SGHN 1995, 2011; SEO/BirdLife 2012, Verdú et al. 2011), sendo especialmente rica na presenza de especies protexidas e catalogadas.

Neste sentido, cabe destacar o numeroso grupo de flora ameazada, entre as que destacan especies exclusivas dos humidais tanto turbosos e higróturfófilos (*Sphagnum magellanicum*, *Sphagnum molle*, *Sphagnum pylaesii*, *Lycopodiella inundata*, *Arnica montana*, *Deschampsia setacea*, *Scirpus pungens*, *Rhynchospora fusca*, *Euphorbia uliginosa*), como lagunares (*Eryngium viviparum*, *Luronium natans*, *Nymphoides peltata*, *Hydrocharis morsus-ranae*, *Pilularia globulifera*) ou asociados a correntes de auga (*Isoetes fluitans*, *Riccia fluitans*, *Fontinalis squamosa*). O territorio da Reserva de Biosfera inclúe distintas poboacións de xeófitos ameazados entre os que se atopan 5 especies de *Narcissus* (*Narcissus asturiensis*, *Narcissus bulbocodium*, *Narcissus cyclamineus*, *Narcissus pseudonarcissus* subsp. *nobilis*, *Narcissus triandrus*) e unha *Orchidaceae* (*Spiranthes aestivalis*), así como de fentos (*Dryopteris aemula*, *Dryopteris guanchica*, *Hymenophyllum tunbrigens*, *Isoetes fluitans*, *Lycopodiella inundata*, *Pilularia globulifera*, *Vandenboschia speciosa*, *Woodwardia radicans*) e briófitos (*Barbilophozia binsteadii*, *Frullania oakesiana*, *Metzgeria temperata*, *Riccia fluitans*, *Schistostegia pennata*, *Splachnum ampullaceum*, *Tayloria tenuis*, *Ulota calvescens*, *Ulota coarctata*, *Zygodon conoideus*).

Entre os invertebrados presentes na Reserva deben resaltarse distintas especies de bivalvos acuáticos, especialmente de *Margaritifera margaritifera* e *Unio pictorum*, todavía presentes en distintos cursos maduros da conca Alta del Miño, mentres que é cada vez máis rara a presenza do cangrexo europeo (*Austropotamobius pallipes*). Outros invertebrados igualmente raros e ameazados son *Macromia splendens*, *Elona quimperiana* ou *Geomalacus maculosus*.

O grupo de hérpetsos atópase ben representado na Reserva de Biosfera Terras do Miño, incluíndo 23 especies protexidas, das que 11 son anfíbios (4 especies vulnerables) e 12 son réptiles (1 especie vulnerable). Entre os anfíbios debe destacarse as poboacións de *Chioglossa lusitanica* e de *Discoglossus galganoi*. Con respecto á avifauna, a Reserva de Terras do Miño alberga un nutrido conxunto de especies, rexistrándose máis de 130 especies protexidas pola normativa europea, estatal ou autonómica. Entre elas cabe resaltar pola súa rareza e nivel de ameaza *Botaurus stellaris*, *Burhinus oedipnemus*, *Emberiza schoeniclus* subsp. *lusitanica*, *Numenius arquata*, *Tetrax tetrax*, *Vanellus vanellus* ou *Anas crecca*. Entre os mamíferos atópanse 23 especies, das que 15 correspóndense con quirópteros, cinco das cales son consideradas como vulnerables (*Myotis myotis* ou *Miniopterus schreibersii*, *Rhinolophus euryale*, *R. ferrumequinum*, *R. hipposideros*). O resto das especies de mamíferos, está representado polo lobo (*Canis lupus*), recentemente incluído no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LPE), xunto co gato bravo (*Felis silvestris*), algaria (*Genetta genetta*), lontra (*Lutra lutra*), marta (*Martes martes*), a toupa de río (*Galemys pyrenaicus*) e dúas especies de mustélidos (*Mustela erminea*, *Mustela putorius*).

Especies de Flora

Taxón	UE	Estado	CCAA
<i>Arabis juressi</i>			Vu
<i>Arnica montana</i>	V		
<i>Barbilophozia binsteadii</i>			Vu
<i>Campanula adsurgens</i>			Vu
<i>Centaurea janeri</i> subsp. <i>gallaecica</i>			Vu
<i>Cladonia</i> subgenus <i>Cladina</i>	V		
<i>Deschampsia setacea</i>			En
<i>Dryopteris aemula</i>			Vu
<i>Dryopteris guanchica</i>			Vu
<i>Eryngium viviparum</i>	II*,IV	Vu	En
<i>Euphorbia uliginosa</i>			En
<i>Fontinalis squamosa</i>			Vu
<i>Frullania oakesiana</i>			Vu
<i>Genista ancistrocarpa</i>			En
<i>Hydrocharis morsus-ranae</i>		En	En
<i>Hymenophyllum tunbrigense</i>			Vu
<i>Isoetes fluitans</i>			En
<i>Luronium natans</i>	II,IV	En	En
<i>Lycopodiella inundata</i>			En
<i>Metzgeria temperata</i>			Vu
<i>Narcissus asturiensis</i>	II,IV	LPE	Vu
<i>Narcissus bulbocodium</i>	V		
<i>Narcissus cyclamineus</i>	II,IV	LPE	Vu
<i>Narcissus pseudonarcissus</i> subsp. <i>nobilis</i>	II,IV	LPE	Vu
<i>Narcissus triandrus</i>	IV	LPE	
<i>Nymphoides peltata</i>			En
<i>Pilularia globulifera</i>			En
<i>Rhynchospora fusca</i>			En
<i>Riccia fluitans</i>			Vu
<i>Ruscus aculeatus</i>	V		
<i>Schistostega pennata</i>			Vu
<i>Scirpus pungens</i>			En
<i>Sphagnum magellanicum</i>			Vu
<i>Sphagnum molle</i>			Vu
<i>Sphagnum pylaesii</i>	II	LPE	Vu
<i>Sphagnum sp.</i>	V		
<i>Spiranthes aestivalis</i>	IV	LPE	Vu
<i>Splachnum ampullaceum</i>			En
<i>Tayloria tenuis</i>			Vu
<i>Ulota calvescens</i>			Vu
<i>Ulota coarctata</i>			Vu
<i>Vandenboschia speciosa</i>	II,IV	LPE	Vu
<i>Woodwardia radicans</i>	II,IV	LPE	Vu
<i>Zygodon conoideus</i>			En

Especies protexidas pola normativa europea [UE], indicando o Anexo da Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE), na que figura. Especies protexidas pola normativa española: [Estado]. Especies incluídas unicamente no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LPE), ou ben neste e no Catálogo Español de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En), ou Vulnerable (Vu). Especies protexidas pola normativa da Xunta de Galicia [CCAA], incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En), ou Vulnerable (Vu).

Táboa 4.5. Relación de especies de flora de interese para a conservación na Reserva de Biosfera Terras do Miño.

Especies de Fauna [I]

Taxón	UE	Estado	CCAA
Invertebrados			
<i>Anodonta cygnea</i>			Vu
<i>Austropotamobius pallipes</i>	II,V	Vu	En
<i>Coenagrion mercuriale</i>	II	LPE	
<i>Elona quimperiana</i>	II,IV	LPE	En
<i>Euphydryas aurinia</i>	II	LPE	
<i>Geomalacus maculosus</i>	II,IV	LPE	Vu
<i>Hirudo medicinalis</i>	V		
<i>Lucanus cervus</i>	II	LPE	En
<i>Macromia splendens</i>	II,IV	En	En
<i>Margaritifera margaritifera</i>	II,V	LPE	Vu
<i>Oxygastra curtisii</i>	II,IV	Vu	Vu
<i>Potomida littoralis</i>			Vu
<i>Unio pictorum</i>			Vu
Peixes			
<i>Chondrostoma arcassii</i>	II		
<i>Chondrostoma duriense</i>	II		
<i>Gasterosteus gymnurus</i>			Vu
Anfibios			
<i>Alytes obstetricans</i>	IV	LPE	
<i>Bufo calamita</i>	IV	LPE	
<i>Chioglossa lusitanica</i>	II,IV	Vu	Vu
<i>Discoglossus galganoi</i>	II,IV	LPE	
<i>Hyla arborea</i>	IV	LPE	Vu
<i>Lissotriton boscai</i>		LPE	
<i>Lissotriton helveticus</i>		LPE	
<i>Rana iberica</i>	IV	LPE	Vu
<i>Rana perezi</i>	V		
<i>Rana temporaria</i>	V	LPE	Vu
<i>Triturus marmoratus</i>	IV	LPE	
Réptiles			
<i>Anquis fragilis</i>		LPE	
<i>Chalcides striatus</i>		LPE	
<i>Coronella austriaca</i>	IV	LPE	
<i>Iberolacerta monticola</i>	II,IV	LPE	
<i>Lacerta schreiberi</i>	II,IV	LPE	
<i>Lacerta vivipara</i>		LPE	Vu
<i>Natrix maura</i>		LPE	
<i>Natrix natrix</i>		LPE	
<i>Podarcis hispanica</i>		LPE	
<i>Podarcis muralis</i>	IV	LPE	
<i>Rhinechis scalaris</i>		LPE	
<i>Timon lepidus</i>		LPE	

Especies protexidas pola normativa europea [UE], indicando o Anexo da Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE), na que figura. Especies protexidas pola normativa española: [Estado]. Especies incluídas unicamente no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LPE), ou ben neste e no Catálogo Español de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En), ou Vulnerable (Vu). Especies protexidas pola normativa da Xunta de Galicia [CCAA], incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En), ou Vulnerable (Vu).

Tabla 4.6. Relación de especies de fauna [I] de interese para a conservación na Reserva de Biosfera Terras do Miño.

Especies de Fauna [II]

Taxón	UE	Estado	CCAA
Aves			
<i>Accipiter gentilis</i>		LPE	
<i>Accipiter nisus</i>		LPE	
<i>Acrocephalus arundinaceus</i>		LPE	
<i>Acrocephalus paludicola</i>	I	LPE	
<i>Acrocephalus scirpaceus</i>		LPE	
<i>Actitis hypoleucos</i>		LPE	
<i>Aegithalos caudatus</i>		LPE	
<i>Alcedo atthis</i>	I	LPE	
<i>Anas crecca</i>			E [1]
<i>Anthus campestris</i>	I	LPE	
<i>Anthus pratensis</i>		LPE	
<i>Anthus spinoletta</i>		LPE	
<i>Anthus trivialis</i>		LPE	
<i>Apus apus</i>		LPE	
<i>Ardea cinerea</i>		LPE	
<i>Ardea purpurea</i>	I	LPE	
<i>Asio flammeus</i>	I	LPE	
<i>Asio otus</i>		LPE	
<i>Athene noctua</i>		LPE	
<i>Botaurus stellaris</i>	I	En	En
<i>Bubo bubo</i>	I	LPE	Vu
<i>Bubulcus ibis</i>		LPE	
<i>Bucephala clangula</i>	II	LPE	
<i>Burhinus oedicephalus</i>	I	LPE	En
<i>Buteo buteo</i>		LPE	
<i>Calidris alba</i>		LPE	
<i>Calidris alpina</i>		LPE	
<i>Caprimulgus europaeus</i>	I	LPE	
<i>Carduelis spinus</i>		LPE	
<i>Certhia brachydactyla</i>		LPE	
<i>Cettia cetti</i>		LPE	
<i>Charadrius dubius</i>		LPE	
<i>Chlidonias hybridus</i>	I	LPE	
<i>Chlidonias niger</i>	I	En	
<i>Ciconia ciconia</i>	I	LPE	
<i>Cinclus cinclus</i>		LPE	
<i>Circaetus gallicus</i>	I	LPE	
<i>Circus aeruginosus</i>	I	LPE	
<i>Circus cyaneus</i>	I	LPE	Vu
<i>Circus pygargus</i>	I	Vu	Vu
<i>Cisticola juncidis</i>		LPE	
<i>Cuculus canorus</i>		LPE	

Especies protexidas pola normativa europea [UE], indicando o Anexo da Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE), na que figura. Especies protexidas pola normativa española: [Estado]. Especies incluídas unicamente no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LPE), ou ben neste e no Catálogo Español de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En), ou Vulnerable (Vu). Especies protexidas pola normativa da Xunta de Galicia [CCAA], incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En), ou Vulnerable (Vu).

Tabla 4.6. Relación de especies de fauna [III] de interese para a conservación na Reserva de Biosfera Terras do Miño

Especies de Fauna [III]

Taxón	UE	Estado	CCAA
Aves			
<i>Delichon urbica</i>		LPE	
<i>Dendrocopos major</i>		LPE	
<i>Egretta alba</i>	I	LPE	
<i>Egretta garzetta</i>	I	LPE	
<i>Elanus caeruleus</i>	I	LPE	
<i>Emberiza cia</i>		LPE	
<i>Emberiza cirius</i>		LPE	
<i>Emberiza citrinella</i>		LPE	
<i>Emberiza schoeniclus</i> subsp. <i>lusitanica</i>		En	En
<i>Erethacus rubecula</i>		LPE	
<i>Falco columbarius</i>	I	LPE	
<i>Falco naumanni</i>	I	LPE	
<i>Falco peregrinus</i>	I	LPE	
<i>Falco subbuteo</i>		LPE	
<i>Falco tinnunculus</i>		LPE	
<i>Fringilla montifringilla</i>		LPE	
<i>Galerida cristata</i>		LPE	
<i>Gyps fulvus</i>	I	LPE	
<i>Hieraaetus fasciatus</i>	I	Vu	Vu
<i>Hieraaetus pennatus</i>	I	LPE	
<i>Himantopus himantopus</i>	I	LPE	Vu
<i>Hippolais polyglotta</i>		LPE	
<i>Hirundo daurica</i>		LPE	
<i>Hirundo rustica</i>		LPE	
<i>Ixobrychus minutus</i>	I	LPE	Vu
<i>Jynx torquilla</i>		LPE	
<i>Lanius collurio</i>	I	LPE	
<i>Lanius meridionalis</i>		LPE	
<i>Locustella naevia</i>		LPE	
<i>Lullula arborea</i>	I	LPE	
<i>Luscinia megarhynchos</i>		LPE	
<i>Milvus migrans</i>	I	LPE	
<i>Monticola saxatilis</i>		LPE	
<i>Monticola solitarius</i>		LPE	
<i>Motacilla alba</i>		LPE	
<i>Motacilla cinerea</i>		LPE	
<i>Motacilla flava</i>		LPE	
<i>Numenius arquata</i>		En	En [1]
<i>Oenanthe oenanthe</i>		LPE	
<i>Oriolus oriolus</i>		LPE	
<i>Otus scops</i>		LPE	
<i>Parus ater</i>		LPE	

Especies protexidas pola normativa europea [UE], indicando o Anexo da Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE), na que figura. Especies protexidas pola normativa española: [Estado]. Especies incluídas unicamente no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LPE), ou ben neste e no Catálogo Español de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En), ou Vulnerable (Vu). Especies protexidas pola normativa da Xunta de Galicia [CCAA], incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En), ou Vulnerable (Vu).

Tabla 4.6. Relación de especies de fauna [III] de interese para a conservación na Reserva de Biosfera Terras do Miño

Especies de Fauna [IV]

Taxón	UE	Estado	CCAA
Aves			
<i>Parus caeruleus</i>		LPE	
<i>Parus cristatus</i>		LPE	
<i>Parus major</i>		LPE	
<i>Pernis apivorus</i>	I	LPE	
<i>Petronia petronia</i>		LPE	
<i>Philomachus pugnax</i>	I	LPE	
<i>Phoenicurus ochruros</i>		LPE	
<i>Phoenicurus ochruros</i>		LPE	Vu
<i>Phoenicurus phoenicurus</i>		Vu	
<i>Phylloscopus bonelli</i>		LPE	
<i>Phylloscopus collybita</i>		LPE	
<i>Phylloscopus ibericus</i>		LPE	
<i>Phylloscopus trochilus</i>		LPE	
<i>Picus viridis</i>		LPE	
<i>Platalea leucorodia</i>	I	LPE	
<i>Pluvialis apricaria</i>	I	LPE	
<i>Podiceps cristatus</i>		LPE	
<i>Prunella modularis</i>		LPE	
<i>Ptyonoprogne rupestris</i>		LPE	
<i>Pyrrhocorax pyrrhocorax</i>	I	LPE	
<i>Pyrrhula pyrrhula</i>		LPE	
<i>Rallus aquaticus</i>		LPE	
<i>Regulus ignicapilla</i>		LPE	
<i>Riparia riparia</i>		LPE	
<i>Saxicola rubetra</i>		LPE	
<i>Saxicola torquata</i>		LPE	
<i>Scolopax rusticola</i>	II		
<i>Serinus citrinella</i>		LPE	
<i>Sitta europaea</i>		LPE	
<i>Streptopelia decaocto</i>	II		
<i>Streptopelia turtur</i>	II		
<i>Strix aluco</i>		LPE	
<i>Sturnus vulgaris</i>	II		
<i>Sylvia atricapilla</i>		LPE	
<i>Sylvia borin</i>		LPE	
<i>Sylvia communis</i>		LPE	
<i>Sylvia undata</i>	I	LPE	
<i>Tachybaptus ruficollis</i>		LPE	
<i>Tadorna tadorna</i>		LPE	
<i>Tetrax tetrax</i>	I	Vu	En
<i>Tringa nebularia</i>		LPE	
<i>Tringa ochropus</i>		LPE	

Especies protexidas pola normativa europea [UE], indicando o Anexo da Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE), na que figura. Especies protexidas pola normativa española: [Estado]. Especies incluídas unicamente no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LPE), ou ben neste e no Catálogo Español de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En), ou Vulnerable (Vu). Especies protexidas pola normativa da Xunta de Galicia [CCAA], incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En), ou Vulnerable (Vu).

Tabla 4.6. Relación de especies de fauna [IV] de interese para a conservación na Reserva de Biosfera Terras do Miño

Especies de Fauna [V]

Taxón	UE	Estado	CCAA
Aves			
<i>Tringa totanus</i>		LPE	
<i>Troglodytes troglodytes</i>		LPE	
<i>Tyto alba</i>		LPE	
<i>Upupa epops</i>		LPE	
<i>Vanellus vanellus</i>	II		En [1]

Especies protexidas pola normativa europea [UE], indicando o Anexo da Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE), na que figura. Especies protexidas pola normativa española: [Estado]. Especies incluídas unicamente no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LPE), ou ben neste e no Catálogo Español de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En), ou Vulnerable (Vu). Especies protexidas pola normativa da Xunta de Galicia [CCAA], incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En), ou Vulnerable (Vu).

Tabla 4.6. Relación de especies de fauna [V] de interese para a conservación na Reserva de Biosfera Terras do Miño.

Especies de Fauna [VI]

Taxón	UE	Estado	CCAA
Mamíferos			
<i>Barbastella barbastellus</i>	II,IV	LPE	
<i>Canis lupus</i>	V	LPE	
<i>Eptesicus serotinus</i>	IV	LPE	
<i>Felis silvestris</i>	IV	LPE	
<i>Galemys pyrenaicus</i>	II,IV	Vu	Vu
<i>Genetta genetta</i>	V		
<i>Lutra lutra</i>	II,IV	LPE	
<i>Martes martes</i>	V		
<i>Miniopterus schreibersii</i>	II,IV	Vu	Vu
<i>Mustela erminea</i>		LPE	
<i>Mustela putorius</i>	V		
<i>Myotis daubentonii</i>	IV	LPE	
<i>Myotis myotis</i>	II,IV	Vu	
<i>Myotis nattereri</i>	IV	LPE	
<i>Nyctalus leisleri</i>	IV	LPE	
<i>Pipistrellus pipistrellus</i>	IV	LPE	
<i>Pipistrellus pygmaeus</i>	IV	LPE	
<i>Plecotus auritus</i>	IV	LPE	
<i>Plecotus austriacus</i>	IV	LPE	
<i>Rhinolophus euryale</i>	II,IV	Vu	Vu
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	II,IV	Vu	Vu
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	II,IV	LPE	Vu
<i>Tadarida teniotis</i>	IV	LPE	

Especies protexidas pola normativa europea [UE], indicando o Anexo da Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE), na que figura. Especies protexidas pola normativa española: [Estado]. Especies incluídas unicamente no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LPE), ou ben neste e no Catálogo Español de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En), ou Vulnerable (Vu). Especies protexidas pola normativa da Xunta de Galicia [CCAA], incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En), ou Vulnerable (Vu).

Tabla 4.6. Relación de especies de fauna [VI] de interese para a conservación na Reserva de Biosfera Terras do Miño.

4.9. Especies de importancia económica

Relacionados co establecemento e dinámica dos agrosistemas tradicionais existe un importante elenco de razas gandeiras de vacún, equino, ovino, caprino, e cultivares locais tanto de especies leñosas (*Castanea sativa*, *Juglans regia*, *Malus domestica*, *Prunus avium*, *Prunus cerasus*, *Prunus domestica*), como de cereais (*Triticum aestivum*, *Secale cereale*), e diferentes especies hortícolas (*Brassica oleracea*, *Brassica rapa*, *Brassica napus*, *Solanum tuberosum*), acompañadas con outras de orixe máis dispar e destinadas maioritariamente ao autoconsumo (acelgas, allos, cebolas, leitugas, pementos, tomates, remolacha, cenorias, etc).

Nos prados de dente e de sega consérvase ademais un importante grupo de especies (*Achillea millefolium*, *Agrostis spp.*, *Anthoxanthum odoratum*, *Arnica montana*, *Arrhenatherum elatius*, *Campanula patula*, *Cynosurus cristatus*, *Dactylis glomerata*, *Dactylorhiza elata*, *Dactylorhiza maculata*, *Daucus carota*, *Festuca pratensis*, *Heracleum sphondylium*, *Holcus lanatus*, *Juncus ssp.*, *Lathyrus pratensis*, *Leucanthemum vulgare*, *Linum bienne*, *Lotus corniculatus*, *Malva moschata*, *Molinia caerulea*, *Narcissus asturiensis*, *Narcissus bulbocodium*, *Narcissus pseudonarcissus*, *Orchis morio*, *Plantago lanceolata*, *Poa pratensis*, *Rhinanthus minor*, *Sanguisorba officinalis*, *Serapias spp.*, *Trifolium pratense*, *Vicia cracca*, etc). A diversidade destas fitocenoses contrasta coa pobreza específica que mostran os pasteiros que frecuentemente se establecen cun número moi reducido de especies de ballico (raigrás inglés; *Lolium perenne*, raigrás italiano, *Lolium multiflorum*, e formas híbridas entre ambos; *Lolium multiflorum* x *L. perenne*), o dácilo (*Dactylis glomerata*) e trébol (*Trifolium pratense*, *Trifolium repens*), empregando xeralmente cultivares selectos de orixe moderno.

4.9. Instrumentos de Xestión

Dada a configuración da Reserva de Biosfera Terras do Miño, o instrumento de planificación das áreas naturais protexidas é o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Ramil-Rego & Crecente Maseda, 2012) aprobado mediante o Decreto 37/2014 (Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. DOG 62, 31/03/2014). Este plan artículase como instrumento de planificación e xestión, adaptándose á figura dun Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) prevista na normativa estatal e autonómica de biodiversidade, complementando os obxectivos expostos nas propias normativas autonómica e estatal, cos obxectivos e directrices da Rede Natura 2000. A finalidade deste Plan é asegurar o mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats e especies de interese comunitario, así como as aves recollidas na DC 2009/147/CEE. As disposicións contidas no Plan Director da Rede Natura 2000 constitúen un límite para calquera outro instrumento de ordenación territorial ou física, prevalecendo sobre os xa existentes, condición indispensable para evitar a actual perda de biodiversidade e afeccións sobre o medio natural producido polo home.

Na Reserva de Biosfera inciden ademais distintos instrumentos básicos referidos á xestión territorial, como as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), a Estratexia da paisaxe galega e a Estratexia Nacional de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas (Orde PCM/735/2021, do 9 de xullo, pola que se aproba a Estratexia Nacional de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas (BOE 116, 13/07/2021).

A maioría das especies catalogadas en En Perigo ou Vulnerables, carecen dos correspondentes instrumentos de xestión dacordo coas figuras contempladas na normativa estatal e autonómica para as especies que forman parte do Catálogo Español de Especies Ameazadas e/ou do Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

4.10. Estado de conservación

A Directiva Aves e a Directiva Hábitat fixaron unha listaxe de hábitats e especies de flora e fauna de interese comunitario, que se complementa coas listaxes de protección que se establecen no Estado e na Comunidade Autónoma de Galicia. En ámbalas normativas europeas fíxase ademais a obriga de someter a avaliación periódica o estado de conservación destes compoñentes (artigo 12 da Directiva Aves, artigo 17 da Directiva Hábitat), que inclúe tanto a avaliación do devandito estado en distintos períodos sexenais, como a identificación dos factores que inciden sobre o estado de conservación, así como unha previsión da súa evolución futura. Os resultados da avaliación nos últimos 4 períodos (1994-2000, 2001-2006, 2007-2012, 2013-2018) poden consultarse no servidor da Axencia Europea de Medio Ambiente (<https://ec.europa.eu/environment/nature/knowledge/>). Nunha recente publicación (Ramil-Rego et al. 2021), recóllense e discútense os datos referidos a Galicia en relación cos tipos de hábitats de interese comunitario, concluíndo que ningún deles pode considerarse que se atopa nun estado de conservación favorable.

Paralelamente ao procedemento de avaliación do estado de conservación dos hábitats e as especies de interese comunitario, a Comisión Europea estableceu na Directiva Marco da auga, un procedemento para a avaliación dos ecosistemas acuáticos. Procedemento de avaliación periódica que no caso do territorio da Reserva de Biosfera Terras do Miño realiza as demarcacións hidrográficas, especialmente a do Miño-Sil, dado que a maior parte da superficie da Reserva inclúese nesta demarcación hidrográfica.

5 Poablación y actividade humana

Poboación de la Reserva de Biosfera Terras do Miño (1900-2022)




Figura 5.1. Poboación humana na Reserva de Biosfera Terras do Miño entre 1900 e 2022. Fonte: INE – IGE.

Con todo, esta cifra esconde importantes cambios demográficos e sociais que se produciron no territorio, marcado por un importante despoboamento nos pequenos termos municipais e sobre todo das zonas de montaña, adquirindo perdas moi significativas como as rexistradas no concello de Muras, que, de posuír 3.647 habitantes en 1900, rexistra 606 no ano 2022. A situación de Muras contraponse coa rexistrada no municipio de Vilalba, capital administrativa da comarca de Terra Chá, que logra manter case os mesmos valores no período analizado (1900-2022), mentres que o termo municipal de Lugo e especialmente a súa zona urbana-periurbana incrementa considerablemente a súa poboación, pasando de representar a

comezos do século o 15,55% (28.024 habitantes) do total da Reserva, para alcanzar na actualidade o 55,81%.

Poboacións da Reserva de Biosfera Terras do Miño

Poboación por Termo Municipal											
Concellos	1900	1910	1930	1950	1970	1981	1991	2001	2011	2021	2022
Abadín	5.042	5.664	6.175	6.576	5.315	4.885	4.100	3.399	2.858	2.322	2.259
Alfoz	3.795	3.947	4.066	4.219	3.253	2.916	2.690	2.382	2.078	1.659	1.585
Baralla	6.102	7.256	8.098	7.174	5.107	4.484	3.868	3.305	2.916	2.482	2.436
Begonte	6.311	6.481	6.994	7.174	5.256	4.753	4.606	3.674	3.413	2.978	2.951
Castro Rei	7.216	7.604	8.087	7.557	6.585	6.290	5.879	5.850	5.566	5.073	5.033
Castroverde	6.232	7.007	8.283	8.585	5.373	4.617	3.945	3.378	3.012	3.595	2.592
Corgo	7.180	7.495	8.957	8.806	5.524	5.057	4.806	4.280	3.938	3.422	3.429
Cospoito	7.147	7.650	8.270	8.013	7.621	7.002	6.474	5.658	5.170	4.395	4.342
Friol	8.871	8.907	10.788	10.246	7.368	5.878	5.152	4.685	4.246	3.664	3.627
Guitiriz	10.572	11.367	11.250	11.767	8.967	7.633	6.984	6.259	5.821	5.490	5.328
Guntín	6.339	7.042	8.627	6.438	5.040	4.394	4.005	3.423	3.075	2.628	2.627
Láncara	5.187	5.707	6.902	5.848	4.558	4.270	3.588	3.186	2.930	2.584	2.501
Lugo	28.024	35.889	32.259	52.093	63.604	72.574	83.242	88.414	97.635	98.519	97.211
Meira	1.939	2.205	2.126	2.271	2.000	2.004	1.874	1.798	1.787	1.748	1.742
Mondonedo	10.619	9.881	9.107	8.827	7.173	6.946	5.843	5.007	4.406	3.539	3.503
Muras	3.467	3.522	3.549	3.157	2.433	2.228	1.437	1.044	787	619	606
Ourol	5.968	6.358	6.103	5.132	3.726	2.626	1.959	1.445	1.175	995	999
Outeiro Rei	5.903	6.094	6.536	5.904	5.132	5.109	4.213	4.447	4.936	5.210	5.296
Páramo	3.838	3.861	3.920	3.739	2.568	2.429	2.106	1.907	1.632	1.344	1.322
Pastoriza	7.921	8.142	8.324	7.434	5.438	5.050	4.492	3.959	3.496	2.963	2.879
Pol	5.427	5.513	5.226	4.268	3.484	2.878	2.456	2.058	1.797	1.623	1.612
Rábade	514	612	1.043	1.559	1.828	1.890	1.751	1.583	1.723	1.505	1.503
Riotorto	4.928	4.916	4.138	4.101	3.327	2.715	2.257	1.799	1.500	1.235	1.187
Valadouro	3.921	4.165	4.300	4.404	3.441	3.155	2.815	2.377	2.185	1.978	1.938
Vilalba	13.686	14.894	17.417	20.444	17.464	16.640	16.110	15.365	15.327	14.079	13.881
Pastoriza, A	392	3.870	22	9	566	7.411	282	6	7	0
Pol	208	2.474	33	48	232	2.545	116	3	6	1
Rábade	5	24	1	1	5	28	1	0	2	0
Riotorto	63	333	4	1	117	1.075	56	1	4	0
Valadouro, O	85	110	16	8	196	3.650	54	2	7	1
Vilalba	915	2.566	60	13	1.251	10.384	456	10	14	0
Xermade	192	651	26	47	232	3.853	108	3	13	1
Reserva	7.317	34.738	1.222	850	10.066	111.028	4.906	121	193	24
Provincia	706	57.820	84	4.166	788	220.194	410	295	17	47

Superficie agraria útil (SAU), valores en hectáreas (ha) e porcentaxe da SAU con respecto á superficie total do termo municipal. Distribución da SAU segundo o tipo de aproveitamento: Labradíos (Labradíos). Cultivo de plantas leñosas (Leñosas). Pastos, prados e pasteiros (Pastos). Hortas (Horta). Cultivo en invernadoiro e outros cultivos intensivos (Invernadeiro).

Táboa 5.16. Superficie agraria útil (SAU) nos termos municipais da Reserva de Biosfera Terras do Miño. Fonte: IGE a partir dos datos do Censo Agrario 2020.

O gando extensivo en semiliberdade, especialmente o equino, pode ser un elemento positivo na xestión e conservación de determinados territorios, a condición de que non se supere a capacidade de carga ecolóxica do mesmo, un aspecto que lamentablemente se está producindo en numerosos terreos da montaña galega, e especialmente na Serra do Xistral, onde un manexo inadecuado está a afectar de forma negativa á conservación das turbeiras e dos queirogais húmidos, efectos negativos que se suman a unha progresiva redución da súa superficie e sobre todo da alteración da súa cobertura mediante rozas mecanizadas. Outro elemento que caracteriza a dinámica dos agrosistemas no Territorio de Terras do Miño, é o abandono dos modelos de explotación tradicional que conformaron o “Agrosistema tradicional” para ser reempresados por modelos máis intensivos, nos que se incorpora maquinaria pesada, incrementáanse as achegas de fertilizantes e o uso de biocidas, á vez que se abandonan os ecotipos tradicionais, tanto agrícolas e gandeiros, e se reempresan por outros de orixe máis recente obtidos en programas de selección e mellora. O desequilibrio e a escasa resiliencia que mostran os “Agrosistemas intensivos” é aproveitada por distintas especies exóticas para establecerse e expandirse territorialmente, mostrando comportamentos característicos de especies exóticas invasoras.

Número e tamaño de explotacións agrarias								
Concello	Explt	Distribución das explotacións con SAU					Explt NSAU	
	Total	SAU	<5 ha	≥5 <10	≥10 <20	≥2 <50		≥50 ha
Abadín	575	572	222	104	106	104	36	3
Alfoz	272	271	185	35	26	21	4	1
Baralla	450	444	144	87	125	76	12	6
Begonte	341	333	211	57	36	26	3	8
Castro de Rei	703	696	289	135	136	111	25	7
Castroverde	558	548	222	116	130	65	15	10
Corgo, O	569	561	220	143	119	73	6	8
Cospeito	759	748	394	127	126	87	14	11
Friol	731	715	228	140	180	151	16	16
Guitiriz	615	600	213	94	140	127	26	15
Guntín	585	582	230	107	143	88	14	3
Láncara	440	434	121	66	135	104	8	6
Lugo	1056	1033	476	191	204	137	25	23
Meira	142	138	67	19	28	21	3	4
Mondoñedo	486	478	319	60	54	35	10	8
Muras	212	206	43	31	39	72	21	6
Ouro	221	217	129	32	23	29	4	4
Outeiro de Rei	459	448	245	101	57	31	14	11
Páramo, O.	288	287	78	63	92	47	7	1
Pastoriza, A	626	611	160	109	137	176	29	15
Pol	324	319	117	43	59	84	16	5
Rábade	10	9	4	1	1	2	1	1
Riotorto	206	204	113	33	26	28	4	2
Valadouro, O	223	220	139	16	21	35	9	3
Vilalba	1372	1358	742	292	192	113	19	14
Xermade	379	376	164	64	62	61	25	3
Reserva	12602	12408	5475	2266	2397	1904	366	194
Provincia	25458	25075	11472	4339	4685	3863	711	383

Número total de explotacións agrícolas [Explt]. Número total de explotacións con superficie agraria útil [Explt SAU].
Número de explotacións con SAU en función do tamaño da explotación expresado en ha [Distribución das explotacións con SAU]. Número de explotacións agrícolas sen SAU [NSAU].

Táboa. 5.17. Número e tamaño de explotacións agrarias nos termos municipais da Reserva de Biosfera Terras do Miño. Fonte: Datos IGE, 2009

Explotacións gandeiras na Reserva de Biosfera Terras do Miño

Municipios	Bovinos		Ovino-Caprino		Porcino		Aves	
	Cabezas	UGT	Cabezas	UGT	Cabezas	UGT	Cabezas	UGT
Abadín	11.702	8.419	1.714	171	242	71	11.620	86
Alfoz	2.315	1.702	877	88	137	36	7.515	53
Baralla	6.982	4.814	869	87	2.198	651	242	3
Begonte	2.948	2.140	764	76	1.204	359	52.408	372
Castro de Rei	23.087	17.650	1.246	125	2.677	800	344.033	2.413
Castroverde	11.348	8.880	976	98	0	0	38.625	1.156
Corgo, O	8.474	6.057	1.225	123	5.265	1.450	230.739	4.205
Cospeito	16.365	12.392	1.414	141	1.407	369	958	9
Friol	18.653	12.957	2.372	237	3.646	1.168	1.108.629	13.141
Guitiriz	16.235	12.421	1.336	134	11.760	3.413	138.198	968
Guntín	14.619	11.584	1.403	140	3.431	1.032	139.126	1.209
Láncara	12.760	9.277	888	89	8.148	2.425	335.334	5.798
Lugo	18.472	13.915	1.757	176	4.146	980	372.362	3.363
Meira	3.039	2.428	646	65	73	16	90.036	630
Mondoñedo	5.130	3.644	755	75	140	35	977	11
Muras	7.008	4.509	215	22	9.921	3.058	29.281	205
Oourol	2.375	1.649	315	32	46	12	70	1
Outeiro de Rei	5.262	4.110	1.205	121	191	38	37.865	266
Páramo, O.	8.436	6.467	644	64	5.864	1.553	129.846	1.406
Pastoriza, A	27.444	21.271	1.741	174	1.975	580	120	1
Pol	12.239	9.776	1.233	123	2.485	646	112.994	791
Rábade	0	0	38	4	0	0	0	0
Riotorto	2.589	1.981	779	100	5.972	1.704	114	1
Valadouro, O	3.589	2.590	732	73	39	13	33	0
Vilalba	18.044	13.156	1.729	173	1.304	355	83.977	636
Xermade	8.548	6.420	629	63	64	21	16.122	225
Reserva	267.663	200.209	27.502	2.774	72.335	20.785	3.281.224	36.949
Lugo	477.247	353.207	62.162	6.216	254.777	69.685	6.473.339	72.898

Táboa 5.18. Número de explotacións gandeiras indicando cabezas de gando e unidades gandeiras totais (UXT). Datos tomados do IGE elaborados a partir do Censo Agrario 2020.

Explotacións gandeiras na Reserva de Biosfera Terras do Miño



Figura 5.12. Cabalos nunha turbeira alta da Serra do Xistral (Abadín, Lugo).

Máis do 30% da superficie da Reserva de Biosfera posúe carácter forestal e unha parte significativa desta atópase integrada dentro das áreas naturais protexidas que foron declaradas en aplicación da normativa europea, nacional e autonómica. Os diferentes montes da Reserva poden ser de titularidade pública, privada ou montes privados de uso público. Este último tipo merece unha especial atención por ser unha forma de organización característica do Norte de España, sobre todo de Galicia e Asturias, coñecida como “Montes veciñais en Man Comúm, MVMC” (Lei 55/1980, do 11 de novembro, de montes veciñais en man común. BOE 280, 21/11/1980. Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común. DOG 202, 20/10/1989). Os límites entre os distintos tipos de explotacións (públicas, privadas, comunais), foi obxecto dunha continua controversia, agudizada pola dificultade de dispoñer dunha base cartográfica fiable. Iso dificulta a xestión dos montes e especialmente dos MVMC, chegando a xerar conflitos entre diferentes comunidades, así como entre comunidades e particulares. A pesar diso, unha parte importante dos montes veciñais teñen convenios ou consorcios coa administración autonómica, que lle permiten o coidado, mantemento das plantacións e posterior explotación.

No uso forestal conviven actuacións desenvolvidas polos propietarios privados e pola administración. As explotacións privadas restrínxense, na maioría dos casos, a áreas de pequena superficie na que se manteñen os métodos tradicionais de explotación que facilitan a persistencia das especies nativas. Aínda que algunhas zonas tras as cortas de vexetación nativa introducíronse especies alóctonas como chopos (*Populus nigra*), carballos americanos (*Quercus rubra*), piñeiro de Oregón (*Pseudotsuga menziesii*), piñeiros (*Pinus pinaster*, *Pinus sylvestris*, *Pinus radiata*) e o eucalipto (*Eucalyptus globulus*, *Eucalyptus nitens*). As actuacións promovidas pola administración forestal inciden sobre grandes superficies establecendo na maioría dos casos plantacións monoespecíficas e monoestrato de especies exóticas ou de especies extintas en estado silvestre.

❖ Sector industrial.

Galicia segue sendo un territorio eminentemente rural. Inclúe varias áreas con máis de 3.000 traballadores no sector industrial, entre elas inclúese a Comarca de Lugo, a única que alcanza este valor no conxunto da provincia, aínda que moi afastada dos valores de poboación vinculada co sector industrial que se rexistran en distintas comarcas da provincia da Coruña e Pontevedra. O sector industrial está moi ligado na Reserva de Terras do Miño á valoración dos recursos naturais, predominando as empresas relacionadas coa industria da alimentación (fabricación de produtos de panadería e pastas alimenticias; procesado e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos; fabricación de produtos lácteos; fabricación de produtos para a alimentación animal; fabricación doutros produtos alimenticios; procesado e conservación de froitas e hortalizas), así como as destinadas á fabricación de produtos metálicos, industria da madeira (fabricación de produtos de madeira, aserrado e cepillado da madeira), fabricación de produtos minerais non metálicos, reparación e instalación de maquinaria e equipo, fabricación de mobles artes gráficas e reprodución de soportes gravados, fabricación de bebidas, fabricación de maquinaria etc.

A enerxía que se consome no territorio da Reserva de Biosfera procede tanto de instalacións situadas dentro da mesma, como de enerxía importada desde outros territorios. O balance enerxético mostra a importante dependencia das fontes externas e especialmente as relacionadas cos combustibles fósiles (gasolina, gasoil, gas). En canto á produción interna de enerxía, os últimos datos divulgados polo Instituto Enerxético de Galicia refírense a setembro de 2022, e evidencian a importancia que adquire a xeración de enerxía eólica no ámbito da Reserva de Biosfera, onde se atopan en funcionamento 28 Parques Eólicos, a maioría deles supramunicipais, cunha potencia instalada de 439.880 kw, aos que habería que unir outros 6 Parques Eólicos distribuídos entre o límite da Reserva coa provincia da Coruña, que suman unha potencia de 115.400 kw, polo que o conxunto dos 34 Parques Eólicos supón unha potencia instalada de 555.280 kw.

Parques eólicos na Reserva de Biosfera Terras do Miño



Figura 5.13. Fotografía aérea da Serra do Xistral (Zona núcleo da Reserva de Biosfera Terras do Miño), onde se construíron distintos parques eólicos sobre humidaes de montaña (Turbeiras de cobertor activas, Queirogais húmidos, Turbeiras altas activas, etc).

Producción de enerxía na Reserva de Biosfera Terras do Miño

Concellos	Eólica	Solar		Minihidráulica		Biogás	
	Aerox	Inst	kw	Inst	kw	Inst	kw
Abadín	198	2	42,6	--	--	--	--
Alfoz	35	--	--	1	750	--	--
Baralla	--	2	39,9	--	--	--	--
Begonte	--	--	--	--	--	--	--
Castro de Rei	--	3	47,9	--	--	--	--
Castroverde	24,5	11	111,9	--	--	--	--
Corgo, O	--	5	45,3	--	--	--	--
Cospeito	--	12	172,5	--	--	1	50
Friol	33	3	50,00	--	--	--	--
Guitiriz	39	4	174,6	--	--	--	--
Guntín	--	20	1750,3	--	--	--	--
Láncara	--	1	7,0	2	185	--	--
Lugo	--	22	299,3	--	--	--	--
Meira	30	1	20,0	1	250	--	--
Mondoñedo	39	--	--	--	--	--	--
Muras	381	--	--	3	4.060	--	--
Ourol	156,5	1	8,0	1	1.140	--	--
Outeiro de Rei	--	9	174,7	4	15.340	--	--
Páramo, O.	4	0	--	--	--	--	--
Pastoriza, A	5	2	25,0	--	--	--	--
Pol	4,5	14	176,0	--	--	--	--
Rábade	--	--	--	--	--	--	--
Riotorto	2,5	--	--	--	--	--	--
Valadouro, O	120	--	--	--	--	--	--
Vilalba	129	17	607,9	--	--	--	--
Xermade	43,5	1	19,8	--	--	--	--
Reserva	1.244,5	130	3.772,7	13	22.164	1	50
Provincia	1.602,5	283	6.202,0	28	39.373	1	50
Galicia	4.026,0	806	17.764,0	113	323.471	12	100.934

Producción de enerxía [Eólica], [Solar], [Minihidráulica], [Biogás], Número Instalacións [Inst] e de aeroxeradores instalados [Aerox] segundo o Observatorio Eólico de Galicia. Potencia instalada en quilowatts [kw] segundo o Instituto Galego de Estatística.

Táboa 5.19.- Potencia enerxética instalada nos termos municipais que conforman a Reserva de Biosfera Terras do Miño. Fonte: Observatorio Eólico de Galicia (Datos ano 2019), e o Instituto Galego de Estatística (Registro de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica. Datos 09/2022).

A potencia instalada nos Parques Eólicos situados na área de influencia socio-económica da Reserva de Biosfera representa o 72,96% da potencia eólica instalada na provincia de Lugo (493.380 kw en 32 Parques Eólicos situados exclusivamente na provincia de Lugo, 139.600 kw en 7 Parques compartidos con municipios da provincia da Coruña, e 128.000 kw en 4 Parques compartidos coa provincia de Pontevedra, que suman 760.980 kw) e o 14,13% da potencia instalada en Galicia (3.878.171 kw),

Segundo os datos divulgados polo Observatorio Eólico de Galicia, no ámbito socioeconómico da Reserva de Biosfera Terras do Miño, estaban instalados e operativos no ano 2019 máis de 1.240 aeroxeradores, a maioría dos cales se sitúan dentro da Zona Núcleo (ZEC Serra do Xistral). O número de aeroxeradores incluídos en Terras do Miño representa o 77,65% dos aeroxeradores existentes na provincia de Lugo e o 30,91% dos existentes na Comunidade Autónoma de Galicia. Os cinco concellos con máis número de aeroxeradores en funcionamento son Muras (381), Abadín (198), Ourol (156,5), Vilalba (129) e O Valadouro (120).

O número de instalacións de enerxía solar foise incrementando nos últimos anos, rexistrándose 130 instalacións nos concellos de configuran a Reserva de Biosfera, un dato elevado se se compara co total provincial (Lugo, 283) ou co resto de Galicia (A coruña, 253. Lugo, 283. Ourense, 97. Pontevedra, 173), representado a potencia instalada na Reserva de Terras do Miño, o 60,3% da potencia instalada na provincia de Lugo e o 21,23% da potencia instalada en Galicia.

❖ Sector construción

O sector da construción está pouco desenvolvido no ámbito da Reserva de Biosfera, dando emprego a unha porcentaxe moi pequena da poboación activa. A actividade está desempeñada na maioría dos casos por autónomos que desenvolven a súa actividade de forma temporal, principalmente na primavera e o verán, cando as condicións climáticas máis favorables permiten executar as obras. As empresas están pouco especializadas, levando a cabo na maioría dos casos traballos derivados da construción e do arranxo establecemento e/ou mantemento de instalacións eléctricas, auga ou gas, de novo vinculadas coas construcións rurais e as súas explotacións.

❖ Sector servizos

Este sector económico rexistra un progresivo aumento nos termos municipais que conforman a Reserva de Biosfera desde mediados do século XX, de modo que na actualidade é o sector dominante, tanto en número de persoas como porcentualmente nos distintos termos municipais da Reserva, alcanzándose os valores máximos de poboación activa dedicada a este sector nos concellos de Lugo e Vilalba.

Na capital provincial e nas principais capitais municipais da Reserva de Biosfera Terras do Miño, sitúanse a maior parte das instalacións (servizos médicos, educativos, administrativos, establecementos comerciais, etc) que presentan servizos á poboación que vive na Reserva, configurándose estas contornas urbanas, como dadores de servizos públicos e privados tanto a nivel local, como para unha área de influencia socioeconómica eminentemente rural.

Subsector comercio

Ata o comezo da década dos noventa o comercio na Reserva de Biosfera Terras do Miño era fundamentalmente minorista, con empresas medianas ou pequenas de carácter familiar que empregaban ao 14-20% da poboación ocupada. A partir desta data prodúcese a instalación en Lugo, de grandes centros comerciais, á vez que, nas principais capitais, instálanse delegacións e sucursais de importantes cadeas comerciais. O funcionamento destes establecementos contribúe a incrementar a atracción comercial da capital provincial, e da capital dos principais termos municipais (Vilalba, Castro de Rei, Outeiro de Rei), mentres que se reducen os establecementos nas áreas máis afastadas, onde persiste un comercio non especializado que tenta ofertar aos seus clientes locais os produtos máis básicos e cotiáns.

Subsector turismo

O turismo é considerado como un dos sectores económicos de gran potencial e en auxe na zona de influencia socioeconómica da Reserva de Biosfera Terras do Miño. A estrutura actual do sector mestura establecementos de carácter tradicional con outros máis modernos. Na área rural, mantéñense un importante número de pequenos establecementos que ofrecen distintos servizos, que en moitos casos cobren os propios das cafeterías, restaurantes e pensións, aínda que tamén son numerosos os que ofrecen unicamente un ou dous destes servizos, establecementos que se nutren maioritariamente da clientela local e/ou da que presta distintas actividades no medio rural (traballadores na construción e mantemento de infraestruturas e explotacións, traballadores do sector servizos, etc). Son negocios explotados en réxime familiar que se mantiveron en moitos casos activos durante dous ou máis xeracións. Estes establecementos teñen ademais unha gran importancia como lugar de encontro social no ámbito rural.

Establecementos hoteleiros e turísticos									
Número de establecementos									
Concellos	H	P	AB	TR	CT	AT	VT	VU	Total
Abadín	--	2	4	--	--	--	--	2	6
Alfoz	1	--	--	1	--	--	5	7	14
Baralla	--	2	--	--	--	--	--	7	9
Begonte	--	4	1	--	--	--	1	2	8
Castro de Rei	--	1	--	--	--	1	--	3	5
Castroverde	--	1	2	2	--	--	--	2	7
Corgo, O	2	1	--	1	--	--	1	1	6
Cospeito	--	1	--	2	--	1	--	5	9
Friol	2	2	4	--	--	--	2	6	16
Guitiriz	1	5	1	1	1	--	--	5	14
Guntín	--	3	2	--	--	1	--	3	9
Láncara	--	--	--	1	--	1	--	1	3
Lugo	18	21	10	2	1	8	--	193	253
Meira	--	2	--	2	--	--	1	--	5
Mondónedo	1	7	2	3	--	1	--	20	33
Muras	--	--	--	--	--	--	--	1	1
Ourol	--	--	--	2	--	--	--	1	3
Outeiro de Rei	1	3	--	2	--	--	--	2	8
Páramo, O.	--	--	--	1	--	--	--	10	11
Pastoriza, A	1	2	--	1	--	--	--	1	4
Pol	--	1	--	--	--	--	--	2	3
Rábade	1	--	--	--	--	--	--	--	1
Riotorto	--	--	--	--	--	1	--	3	4
Valadouro, O	1	2	--	--	--	--	--	7	10
Vilalba	5	9	4	--	--	1	--	14	33
Xermade	--	2	--	1	--	--	1	7	11
Reserva	34	71	30	22	2	15	11	305	490
Total Provincia	131	292	162	140	21	85	42	2.363	3.236

Establecementos turísticos e hostaleiros: Hoteis [H]. Pensións [P]. Albergues turísticos [AB]. Turismo rural [TR]. Campamentos de turismo [CT]. Apartamentos turísticos [AT]. Vivendas turísticas [VT]. Vivendas de uso turístico [VU].

Táboa 5.20.- Número de establecementos hostaleiros e turísticos existentes nos termos municipais da Reserva de Biosfera Terras do Miño. Fonte: IGE (Datos do ano 2023).

O auxe do Camiño de Santiago, do turismo rural e natural, propiciou a creación no ámbito da Reserva de Biosfera Terras do Miño de distintos establecementos que se foron adaptando ás novas demandas do sector. Segundo os datos recompilados polo Instituto Galego de Estatística o territorio da Reserva de

Biosfera Terras do Miño, conta no ano 2023, con 490 establecementos que representan o 15,14% dos establecementos da provincia de Lugo. A maioría dos establecementos, e especialmente os de maior capacidade (número de habitacións, número de prazas), concéntranse nos termos municipais de Lugo, Vilalba e Mondoñedo, reducíndose o seu número nos concellos de menor entidade poboacional. Entre os hoteis que operan na Reserva de Biosfera Terras do Miño, inclúese un Parador de Turismo (Vilalba), e nove hoteis de 4 estrelas (1 Vilalba, 7 en Lugo, 1 en Rábade). Tres dos hoteis da Reserva ofertan servizos de balneario e un deles posúe instalacións de golf.

Establecementos hostaleiros e turísticos									
Número de habitacións									
Concellos	H	P	AB	TR	CT	AT	VT	VU	Total
Abadín	--	21	19	--	--	--	--	8	48
Alfoz	11	--	--	4	--	--	4	23	42
Baralla	--	16	--	--	--	--	--	26	42
Begonte	--	42	--	--	--	--	3	3	48
Castro de Rei	--	5	--	--	--	--	--	7	12
Castroverde	--	9	3	16	--	--	--	6	34
Corgo, O	46	5	--	9	--	--	10	3	73
Cospeito	--	8	--	15	--	6	--	22	51
Friol	16	17	8	--	--	--	4	21	66
Guitiriz	16	38	1	6	32	--	--	19	112
Guntín	--	22	9	--	--	--	--	10	41
Láncara	--	--	--	10	--	--	--	3	13
Lugo	888	314	44	14	--	110	--	458	1.828
Meira	--	9	--	14	--	--	3	--	26
Mondoñedo	17	77	2	19	--	40	--	52	207
Muras	--	--	--	--	--	--	--	4	4
Ouro	--	--	--	20	--	--	--	5	25
Outeiro de Rei	32	65	--	15	--	--	--	8	120
Páramo, O.	--	--	--	7	--	--	--	18	25
Pastoriza, A	6	22	--	6	--	--	--	2	36
Pol	--	4	--	--	--	--	--	5	9
Rábade	40	--	--	--	--	--	--	--	40
Riotorto	--	--	--	--	--	7	--	8	15
Valadouro, O	18	19	--	--	--	--	--	22	59
Vilalba	137	137	6	--	--	4	--	55	339
Xermade	--	17	--	10	--	--	4	22	53
Reserva	1.227	847	92	165	32	167	28	810	3.368
Total provincia	3.515	2.660	688	927	1.253	639	97	6.154	15.933

Establecementos turísticos e hostaleiros: Hoteis [H]. Pensións [P]. Albergues turísticos [AB], Turismo rural [TR], Campamentos de turismo [CT]. Apartamentos turísticos [AT]. Vivendas turísticas [VT]. Vivendas de uso turístico [VU].

Táboa 5.21.- Número de habitacións nos establecementos hostaleiros e turísticos existentes nos termos municipais da Reserva de Biosfera Terras do Miño. Fonte: IGE (Datos do ano 2023).

Os hoteis que operan na Reserva de Biosfera ofrecen 1.227 habitacións (36,43% das prazas ofertadas na Reserva e o 7,7% da provincia) e 2.133 prazas (29,84% da Reserva e 5,7% da provincia), mentres que nas pensións a oferta de habitacións é de 847 (25,14% da Reserva e 7,7% da provincia) e as de prazas de 1.471 (20,58% da Reserva e 3,95% da provincia). As distintas ofertas de turismo adquiriron nos últimos anos unha crecente importancia, destacando a oferta de vivendas de turismo rural, con 305 establecementos (62,24% da Reserva) que ofertan 810 habitacións e 1.603 prazas. A oferta de hoteis e establecementos turísticos da Reserva de Biosfera resulta reducida se a comparamos coas grandes áreas turísticas da Península Ibérica, pero é equiparable á existente noutras Reservas de Biosfera, non situadas no medio litoral, nas que o turismo posúe unha certa relevancia.

Ao redor de moitos dos negocios de hostalería existen outra serie de establecementos, como tendas de artesanía e de produtos tradicionais, que se ven moi favorecidas pola presenza de turistas. Esta situación obsérvase especialmente nas capitais municipais. Por outra banda, numerosos produtores locais (queixos, grelos, xamóns, embutidos, mel e distintos produtos artesanais), logran mellorar a súa comercialización ofrendándose aos visitantes nas súas casas ou en tendas e establecementos de hostalería.

Establecementos hostaleiros e turísticos

Prazas disponibles

Concellos	H	P	AB	TR	CT	AT	VT	VU	Total
Abadín	--	40	133	--	--	--	--	13	186
Alfoz	22	--	--	8	--	--	8	40	78
Baralla	--	28	--	--	--	--	--	56	84
Begonte	--	68	82	--	--	--	6	8	164
Castro de Rei	--	10	--	--	--	12	--	14	36
Castroverde	--	17	59	31	--	--	--	12	119
Corgo, O	81	10	--	17	--	--	10	6	124
Cospeito	--	16	--	29	--	18	--	51	114
Friol	35	28	94	--	--	--	8	41	206
Guitiriz	30	75	9	12	96	--	--	38	260
Guntín	--	35	34	--	--	8	--	19	96
Láncara	--	--	--	20	--	18	--	7	45
Lugo	1.486	490	229	27	13	536	--	896	3.677
Meira	--	17	--	28	--	--	4	--	49
Mondoñedo	33	149	64	37	--	28	--	107	418
Muras	--	--	--	--	--	--	--	8	8
Ouro	--	--	--	39	--	--	--	10	49
Outeiro de Rei	64	128	--	29	--	--	--	16	237
Páramo, O.	--	--	--	14	--	--	--	38	52
Pastoriza, A	16	38	--	12	--	--	--	3	69
Pol	--	8	--	--	--	--	--	13	21
Rábade	72	--	--	--	--	--	--	--	72
Riotorto	--	--	--	--	--	7	--	15	22
Valadouro, O	34	36	--	--	--	--	--	40	110
Vilalba	260	244	131	--	--	2	--	103	740
Xermade	--	34	--	20	--	--	8	49	111
Reserva	2.133	1.471	835	323	109	629	44	1.603	7.147
Provincia	6.245	4.923	5.452	1.857	3.563	2.494	179	12.469	37.182

Establecementos turísticos e hostaleiros: Hoteles [H]. Pensións [P]. Albergues turísticos [AB], Turismo rural [TR], Campamentos de turismo [CT]. Apartamentos turísticos [AT]. Vivendas turísticas [VT]. Vivendas de uso turístico [VU].

Táboa 5.22.- Número de prazas disponibles nos establecementos hostaleiros e turísticos existentes nos termos municipais da Reserva de Biosfera Terras do Miño. Fonte: IGE (Datos do ano 2023).

Os datos estatísticos sobre resultados do sector turístico elabóranse a nivel nacional, por comunidades autónomas, provincias e por zonas turísticas. A información a nivel municipal é reducida e antiga, o que dificulta realizar unha valoración para o conxunto da Reserva de Biosfera Terras do Miño. A esta problemática únese os efectos provocados polo COVID que alteraron a demanda e oferta da ocupación hostaleira nos últimos anos. No gráfico adxunto móstranse os niveis de ocupación hostaleira no concello de Lugo entre novembro do 2018 e decembro do 2022, nos que se aprecia un réxime de ocupación fortemente estacional, con valores máximos, nos meses de verán (xuño-outubro) que no caso de Lugo,

prolóngase ata a primeira semana de outubro ao coincidir este período coas festas patronais, para descender progresivamente no resto dos meses. Durante este período a estancia media por viaxeiro establécese en 2 días.

Nivel de ocupación hostaleira no concello de Lugo




Figura 5.14.- Nivel de ocupación na hostaleira do termo municipal de Lugo (11/2019-12/2022). Fonte: INE. Enquisa hostaleira. Gráfica tomada de EPdata.

Estancia media en hoteis no contello de Lugo




Figura 5.15.- Estancia media (días) en hoteis no termo municipal de Lugo (11/2019-12/2022). Fonte: INE. Enquisa hostaleira. Gráfica tomada de EPdata.

Subsector Educativo

Na Reserva de Biosfera Terras do Miño inclúense dous centros universitarios. Na cidade de Lugo atópase unha das sedes da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) e un campus con docencia presencia e virtual, adscrito á Universidade de Santiago de Compostela (USC), o “Campus de Lugo”, con instalacións centradas igualmente no termo municipal de Lugo, pero que tamén dispón doutras instalacións en distintos concellos da provincia (leiras de prácticas, estación científica, etc). O Campus de Lugo (USC), representa un dos seis Campus Universitarios, de titularidade pública, existentes na Comunidade Autónoma de Galicia. O Campus de Lugo inclúe un campus de especialización científico-

técnica, o “Campus Terra”, que busca converterse nun referente científico e social nos ámbitos de coñecemento vinculados á sustentabilidade económica, social e ambiental do uso da terra, poñendo en valor as capacidades existentes e xerando outras novas para contribuír á construción dun novo modelo de crecemento intelixente, sostible e integrador.

O Campus de Lugo (USC) presenta unha ampla oferta académica, pero con especial atención ás titulacións no ámbito da enxeñería e o medio rural. Impartíndose de 15 títulos que se agrupan en oito centros docentes con sede na cidade. As posibilidades formativas deste campus tamén cobren as diferentes posibilidades de formación especializada que se especifican nos posgraos e masters a través dos cales os estudantes definen aínda máis as súas expectativas profesionais para a súa integración no mercado laboral. Os máster son tamén o camiño cara ao doutoramento e a investigación, capítulo no que o Campus Terra ten unha historia de gran impacto en diversas áreas temáticas. O Campus de Lugo (USC) alberga ademais varios centros de investigación, entre eles o Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER), considerados como un referente na planificación e xestión do territorio rural, e que participa en distintas actuacións levadas a cabo pola Rede Española de Reservas de Biosfera e a Rede Galega de Reservas de Biosfera. A atención ás necesidades da comunidade universitaria complétase con instalacións e servizos específicos no ámbito deportivo ou cultural, así como coas súas propias iniciativas que ofrecen un abanico de posibilidades co que os membros da comunidade universitaria poden complementar a formación recibida nos graos.

Centros docentes universitarios



Figura 5.16.- Vista aérea da cidade de Lugo no que se aprecian os edificios e instalacións do Campus Universitario. Fotografía: Google Earth.

Xunto á formación universitaria no ámbito da Reserva de Biosfera Terras do Miño existe unha ampla oferta non universitaria que inclúe 92 centros (49,72% da provincia nos que traballan 2.262 profesores e impártese formación a máis de 22.700 alumnos (57,39% da provincia).

Centros docentes non universitarios										
Concellos	Centros	EI	EP	ES	BO	CG	EA	EE	Alumnos	Profesores
Abadín	1	●	●						63	10
Alfoz	2	●	●						147	25
Baralla	1	●	●						147	28
Begonte	2	●	●						113	18
Castro de Rei	3	●	●	●	●	●	●		565	73
Castroverde	1	●	●						208	35
Corgo, O	1	●	●						79	12
Cospello	2	●	●						277	35
Friol	2	●	●						249	36
Guitiriz	3	●	●	●		●			468	62
Guntín	2	●	●						168	32
Láncara	1	●	●						186	32
Lugo	43	●	●	●	●	●	●	●	16.272	1.397
Meira	2	●	●	●					294	46
Mondoñedo	3	●	●	●	●	●	●		518	72
Muras	1	●	●						14	2
Ourol	1	●	●						12	2
Outeiro de Rei	2	●	●				●		328	26
Páramo, O.	1	●	●						51	9
Pastoriza, A	3	●	●						196	36
Pol	1	●	●						52	7
Rábade	3	●	●	●		●			425	56
Riotorto	1	●	●						61	8
Valadouro, O	1	●	●						83	13
Vilalba	8	●	●	●	●	●	●		1.744	182
Xermade	1	●	●						68	8
Reserva	92								22.788	2.262
Provincia	185								39.705	4308

Tipoloxía de centros: Educación infantil [EI]. Educación primaria [EP]. Educación secundaria obrigatoria [É]. Bacharelato ordinario [BO]. Ciclos formativos de grao medio e superior [CG]. Educación para adultos [EA], Educación especial [EE].

Táboa 5.23. Número de centros non universitarios, alumnos e profesores nos termos municipais da Reserva de Biosfera Terras do Miño. Datos: IGE (referidos ao ano 2013).

O número de alumnos en educación infantil alcanza os 3.941 (17,29%), mentres que en Educación primaria é de 7.379 (32,38%) e na Educación secundaria obrigatoria é de 5.322 (23,35%). O número de alumnos que cursan Bacharelato ordinario é de 1908 (8,37%), mentres que nos Ciclos formativos acollen a 2068 alumnos (9,07%), e 242 (1,06%) alumnos en programas de cualificacións profesional inicial. Na formación para adultos están matriculados 1.282 alumnos (5,62%) e na educación especial 56 alumnos (0,24%)

Centros docentes non universitarios na Reserva de Biosfera

Municipios	EI	EP	ESO	BO	CGM	CGS	PCP	BA	CMA	CSA	ESA	EE
Abadín	17	46	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Alfoz	15	53	79	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Baralla	33	63	51	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Begonte	35	78	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Castro de Rei	94	186	145	61	--	68	10	--	--	1	--	--
Castroverde	35	71	102	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Corgo, O	25	54	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Cospeito	56	132	89	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Friol	41	103	105	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Guitiriz	88	164	160	42	--	--	14	--	--	--	--	--
Guntín	35	74	59	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Láncara	38	72	76	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Lugo	2.734	4.943	3.481	1.467	776	1.048	134	540	467	292	334	56
Meira	57	84	90	44	--	--	19	--	--	--	--	--
Mondoñedo	63	146	193	56	--	29	8	--	23	--	--	--
Muras	4	10	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Ourol	5	7	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Outeiro de Rei	81	121	--	--	--	--	--	--	21	--	105	--
Páramo, O.	7	44	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Pastoriza, A	40	86	70	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Pol	10	42	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Rábade	49	104	218	44	--	--	10	--	--	--	--	--
Riotorto	24	37	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Valadouro, O	38	45	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Vilalba	295	568	404	194	89	58	47	50	--	--	39	--
Xermade	22	46	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Reserva	3.941	7.379	5.322	1.908	865	1.203	242	590	511	293	478	56
Provincia	6.739	13.204	9.470	3.348	1.768	1.823	481	830	760	379	810	93

Número de alumnos: Educación infantil [EI]. Educación primaria [EP]. Educación secundaria obrigatoria [ESO]. Bacharelato ordinario [BO]. Ciclos formativos de grao medio ordinarios [CGM]. Ciclos formativos de grao superior ordinarios [CGS]. Programas de cualificación profesional inicial [PCP]. Bacharelato para adultos [BA]. Ciclos formativos de grao medio para adultos [CMA]. Ciclos formativos de grao superior para adultos [CSA]. Ensinos básicos iniciais e ESO para adultos [ESA]. Educación especial [EE].

Táboa 5.24. Número de alumnos en centros non universitarios nos termos municipais que conforman a Reserva de Biosfera Terras do Miño. Datos: IGE (referidos ao ano 2013).

5.4. Apoio loxístico

Nos últimos anos a área da Reserva da Biosfera incluíuse como elemento referente no desenvolvemento de distintos proxectos de investigación financiados pola Unión Europea, o Estado Español, ou a Comunidade Autónoma de Galicia.

Desde a Reserva puxéronse en marcha unha serie de actuacións para o fomento do apoio loxístico e a promoción da aprendizaxe e a investigación no seu territorio. Tamén se realizaron accións no campo da cooperación e o asociacionismo, fomentando de forma interna a agrupación dos diferentes axentes implicados, e tendendo pontes de forma externa a socios ou actividades, nacionais e internacionais, que permitan reforzar o cumprimento das funcións da Reserva. Así mesmo, a Reserva xerou unha gran cantidade de materiais expositivos e divulgativos que permitiron chegar a un gran público os valores, as actividades tradicionais, o saber popular e os produtos que se xeran e producen no seu ámbito territorial.

Neste contexto, os aspectos relacionados coa xestión do uso público constitúen un elemento clave na xestión de calquera espazo que recibe unha afluencia significativa de visitantes e máis aínda cando se trata dun espazo que posúe unha designación internacional, como ocorre coa Reserva de Biosfera. É por iso polo que entre as actividades de apoio loxístico débense fortalecer as actuacións de información e/ou vixilancia que preveñan potenciais impactos causados por prácticas que son susceptibles de superar a capacidade de carga ambiental do espazo e que faciliten o achegamento dos visitantes aos valores naturais e culturais da Reserva, dunha forma ordenada, segura e que garanta a conservación, a comprensión e o aprecio de tales valores a través da información, a educación e a interpretación do patrimonio.

O ente xestor da Reserva de Biosfera fixo un especial esforzo na promoción e difusión dos valores naturais e culturais da Reserva. Con todo, considérase estratéxico incrementar as labores de divulgación e difusión do coñecemento, así como fortalecer as sinerxias entre os diferentes axentes implicados no territorio, aspecto que redundaría no éxito das devanditas actuacións. Neste sentido, os órganos de xestión e participación da Reserva poden constituír unha valiosa ferramenta como foro de discusión para a promoción de iniciativas e ideas innovadoras neste campo.

5.1. Patrimonio cultural

A Reserva de Biosfera Terras do Miño alberga un importante Patrimonio Cultural material e inmaterial vinculado coas distintas ocupacións humanas que se desenvolveron neste territorio e que se remontan ao Paleolítico Superior, vestixios que en épocas máis recentes, inclúen abundantes manifestacións monumentais e artísticas, tres das cales designadas pola UNESCO como bens do Patrimonio Mundial: os Camiños a Santiago de Compostela, a Muralla de Lugo e a Catedral de Lugo.

Paleolítico

A primeira presenza humana na área remóntase aos comezos do Paleolítico Superior, entre 150-120.000 anos, con abundantes ocupacións relacionadas co final do último estadio do Würm (ocupacións Magdalenenses e Azilienses), así como do Epipaleolítico. As ocupacións corresponden tanto a xacementos en covas (A Valiña, Castroverde), abrigos rochosos (Pena Grande, Vilalba) como a campamentos ao aire libre (Xestido, Abadín). A investigación sobre este período estivo centrada ata hai uns anos no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba que chegou albergar unha das mellores coleccións de pezas líticas referidas aos primeiros poboadores de Galicia, así como un grupo interdisciplinar de investigadores que desde o ámbito arqueolóxico e paleoambiental levaron a cabo numerosos estudos e publicacións científicas.

Neolítico - Idade dos Metais

As ocupacións postpaleolíticas relacionadas coa adopción das prácticas agrícolas e gandeiras, o uso dos metais, a pedra puída e a cerámica son igualmente abundantes no territorio, incluíndo tanto xacementos ocupacionais (Prado do Inferno, Muras), como elementos funerarios coñecidos localmente como "Medoñas". Os monumentos funerarios emprázanse en lugares recollidos e preferentemente altos; atópanse significativamente orientados ao sol e nalgúns casos decorados, o que indica a existencia de crenzas relixiosas e ritos asociados. Na Reserva de Biosfera Terras do Miño rexistráronse máis de 200 restos de monumentos funerarios correspondentes á Idade dos Metais. Estes vestixios concéntranse fundamentalmente na zona centro, destacando pola súa abundancia os municipios de Vilalba e Guntín. A este período cultural vincúlase a presenza de gravados rupestres que representan escenas de caza, guerras ou interpretacións cósmicas. Trátase de gravados realizados na rocha mediante técnicas de percusión directa e que, co paso do tempo e a erosión, adquiriron unha textura suave e redondeada. A temática destes adoita ser moi variada, representando desde animais a figuras xeométricas de escuro significado. Dentro da zona de estudo Guitiriz é o termo municipal onde existe unha mellor representación destes elementos. Vestixios deste período atópanse no Museo Provincial de Lugo e no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba.

O complexo período cultural que comprende a Idade do Bronce, Ferro e a Romanización vén marcado por unha intensificación da produción agrícola e gandeira que conlevou un aumento da poboación no territorio e a aparición de fortificacións defensivas contorna aos principais núcleos habitados, os Castros.

Os castros son emprazamentos de poboación situados en lugares altos de difícil acceso, preferentemente nas cimas de montes. Devanditos poboados, cuxo deseño carece de criterios urbanísticos previos, están protexidos por sólidos sistemas defensivos, o cal é signo da belicosidade imperante naquela época. Existe un gran número de castros catalogados; concretamente dentro da Reserva de Biosfera de Terras do Miño atopámonos cun total de 302; aínda que tan só uns poucos foron escavados e mostran estruturas visibles. A cultura castrexa complementábase cunha plástica rudimentaria e unha ourivaría en pleno apoxeo, das cales se atopan restos no Museo Provincial de Lugo, Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba e Museo Monográfico do Castro de Viladonga.

Invasión Romana

Debido a que o principal obxectivo do imperio romano na zona de estudo era a explotación mineira e o control das infraestruturas, existen abundantes construcións funcionais (pontes, murallas etc.), e, pola contra, non hai grandes monumentos (circos, teatros etc.). Destaca a cidade de Lucus Augusti, fundada no ano 25 AC. por intereses estratéxicos da conquista e que entre os anos 260 e 310 foi rodeada por unha muralla de 2.140 m de perímetro; esta última foi declarada patrimonio da humanidade no ano 2000. Entre os principais vestixios da romanización desta cidade destacan obras como a Ponte Romana, as Termas ou os numerosos restos que se atopan no museo provincial. Hai que destacar a existencia de restos romanos noutras zonas do territorio, como é o caso do templo de Santa Eulalia de Bóveda, que data de finais do século III.

Invasións Xermánicas

O período marcado pola chegada dos pobos xermánicos e o establecemento do Reino Suevo, deixou unha rica documentación da importancia que tivo a cidade e o territorio de Lugo na configuración do novo reino, así como algúns restos, como é o Crismón da Hermida, peza de gran perfección realizada en mármore. O Reino Suevo sucumbe ao ser incorporado polo Reino Visigodo, iniciando así un período do que se conservan distintos restos arqueolóxicos, destacando os Relevos das Saamasas (s. VI) ou o Broche de Baamorto (s. VII).

Reino de Galicia

O Reino Visigodo sucumbe de forma tumultuosa trala chegada dos bereberes á Península Ibérica, que exercerán un curto dominio en terras da Reserva de Biosfera, para tras a súa retirada do territorio ser anexionado polo monarca con sede en Asturias Alfonso I o Católico, quen instaura na cidade de Lugo ao bispo Odoario (750 AD), quen inicia a recuperación da cidade e do medio rural. Durante esta época e ata mediados do século XIX, a cidade de Lugo, foi a única urbe de Galicia e a única que merecería tal nome en todos os dominios cristiáns Ibéricos. Os bispos de Lugo, actuarían ata a reconquista de Braga, como metropolitanos ao incorporar aos seus títulos o de bispos de Braga. A comezos do século IX Teodomiro, bispo de Iria Flavia, afirmou atopar a tumba do Apóstolo Santiago nun lugar despoboado da actual Santiago de Compostela. Tras este descubrimento os peregrinos comezaron a chegar desde todos os puntos de Europa, percorrendo a Reserva de Biosfera a través do coñecido como Camiño Primitivo que discorría de Oviedo a Lugo e de aquí a Santiago. En 833 AD naceu na cidade de Lugo o monxe Froilán, nomeado bispo de León e recoñecido como santo pola Igrexa católica, sendo considerado na actualidade como patrón de Lugo e da diocese de León. Cento cincuenta anos despois da recuperación levada a cabo por Odoario, Lugo seguía a medio poboar

No ano 1129 iniciase a construción da Catedral de Lugo, seguindo o estilo románico, incorporando posteriormente elementos propios do estilo gótico. A catedral de Lugo é un ben incluído na Lista de Patrimonio Mundial da UNESCO. En data máis recente dátase a construción do Convento de Santo Domingo (s. XIII) e do Claustro do Convento de San Francisco (s. XV), ambos en Lugo, ou a fachada do Mosteiro de Santa María de Meira.

Xunto ás construcións de carácter relixioso atópanse outras de carácter civil, entre as que destacan as distintas fortificacións medievais que se atopan diseminadas polo territorio da Reserva de Biosfera. Entre elas cabe resaltar a Torre Homenaxe do Castelo dos Andrade en Vilalba, reconvertida en tempos recentes en Parador de Turismo.

Idade Moderna e Idade Contemporánea.

Ao longo deste amplo e complexo período constrúense numerosos elementos de gran singularidade que conforman na actualidade bens relevantes do Patrimonio Cultural da Reserva de Biosfera Terras do Miño. A construción destes elementos adáptase aos modelos construtivos vixentes en cada época (renacentistas, barrocos, neoclásico). Entre os elementos de estilo renacentista debe resaltar a Torre Vella da Catedral de Lugo e o claustro do mosteiro cisterciense de Sta. María de Meira. Consérvanse ademais distintas pinturas e esculturas da época en distintas localidades da Reserva (Parga, Fonteita, Ferreira de Pallares e Lugo).

As principais manifestacións artísticas do barroco atópanse en Lugo e en Mondoñedo. En Lugo destaca a Capela da Virxe dos Ollos Grandes situada na Catedral, así como claustro. De estilo barroco é tamén a Igrexa de San Roque e a actual casa do concello, obra do arquitecto Lucas Ferro construída no século XVIII e considerada como un dos máximos expoñentes do barroco civil galego. En Mondoñedo hai que destacar o Santuario dos Remedios e o retablo maior e os órganos da catedral. Desta época consérvanse tamén numerosas esculturas, pinturas e obras de ourivaría.

Coincidindo co barroco as grandes casas rurais adquiren unha maior relevancia e poderío, transformándose en palacios rurais (pazos), onde os señores, habitualmente representantes da nobreza civil e/ou eclesiástica, realzan os elementos construtivos integrando elementos de carácter relixioso (capelas, portas enmarcadas con volutas, ménsulas caixadas, claustros), civil ou mesmo militar (torres, murallas, patios exteriores). Algúns dos elementos que caracterizan os pazos son: as chemineas de gran tamaño xeralmente de granito con vistosos remates de pináculos; os brasóns como sinais identificatorias da liñaxe señorial e a capela como mostra da importancia da relixión. Outros elementos significativos son os xardíns e parques forestais, as fontes, os hórreos de gran tamaño, os pombais, os lavadoiros e as adegas.

Co período Neoclásico identifícase a fachada da Catedral de Lugo, que é a máis neoclásica de todas as galegas, e tamén a capela e o retablo maior. Desta época data tamén os coñecidos como Frescos de Terán, existentes na Catedral de Mondoñedo.

6

Zonificación da Reserva de Biosfera

O Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas de Biosfera (RMRB), aprobado na Conferencia Xeral da UNESCO celebrada en Sevilla en novembro de 1995, establece no seu artigo 4 unha serie de criterios xerais que deben conter os territorios para ser designados Reserva de Biosfera. O 4º dos devanditos criterios é que a zona para designar teña dimensións suficientes para cumprir as tres funcións das Reservas de Biosfera definidas no artigo 3 do Marco Estatutario da RMRB (é dicir, conservación, desenvolvemento sostible e apoio loxístico).

A memoria declarativa da Reserva de Biosfera Terras do Miño (2002) incluía unha delimitación e zonificación acorde cos criterios fixados pola UNESCO e os establecidos na normativa estatal. No ano 2012 realizase un axuste técnico de límites da Reserva de Biosfera derivada da publicación de límites oficiais dos termos municipais máis precisos. A cartografía oficial de referencia sufriu posteriormente pequenas modificacións, polo que no ano 2023, procedeuse a realizar un novo axuste de límites. As modificacións dos límites da Reserva obrigan a realizar pequenos axustes na superficie das unidades de zonificación, datos que se mostran nas táboas, que se inclúen neste capítulo e que se expresan na cartografía que acompaña a esta memoria.

Na configuración inicial da Reserva de Biosfera Terras do Miño (2002), a superficie da mesma era de 363.668,90 ha. As Zonas Núcleo representaban 35.505,1 ha (9,8%), as Zona Tampón 79.934,5 ha (22,0%) e as Zonas de Transición 248.299,3 ha (68,2%). A zona núcleo engloba a totalidade da superficie de dúas áreas protexidas da Rede Natura 2000 designadas provisionalmente (pLIC Serra do Xistral e o pLIC Parga-Ladra-Támoga). No ano 2004 os espazos da Rede Natura 2000 pasan a designarse de forma definitiva (LIC Serra do Xistral e o LIC Parga-Ladra-Támoga), sendo ademais designados como espazos naturais protexidos a través da figura de Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais. DOG 69, 12/04/2004). Ademais da área comprendida por estes dous espazos naturais inclúense na zona núcleo distintos tramos de corredores fluviais, así como de humidais asociados a estes, cuxa protección xeral vincúlase coa lexislación de augas e dos ecosistemas acuáticos. A totalidade das Zonas Núcleo da Reserva de Biosfera atópanse rodeadas por Zonas Tampón.

No ano 2012 a Reserva de Biosfera de Terras do Miño realiza un reaxuste técnico dos seus límites tendo en conta tanto os cambios rexistrados na definición dos límites dos termos municipais, a configuración dos espazos da Rede Natura 2000 e a existencia de áreas de contacto con outras Reservas de Biosfera. Deste xeito a superficie consignada para a Reserva de Biosfera Terras do Miño increméntase ata as 364.748,72 ha, das que 35.501,85 ha (9,76) correspóndense con Zonas Núcleo. 79.984,54 (21,99%), con Zonas Tampón e 248.262,34 ha (68,25%) con Zonas de Transición.

No ano 2014, a Xunta de Galicia aproba o plan de xestión para os espazos da Rede Natura 2000, o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, instrumento que responde á figura dun Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. DOG 62, 31/03/2014). A aprobación do Plan Director conleva a transformación dos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) en Zonas de Especial Conservación (ZEC), efectuándose con este proceso pequenos axustes técnicos dos seus límites. Posteriormente, a aprobación da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia (DOG 149, 7/08/ 2019.), modifica a tipoloxía e denominacións das áreas naturais protexidas, de modo que as Zonas de Especial Conservación dos Valores Naturais transfórmanse en Espazos Protexidos Rede Natura 2000.

Os pequenos cambios que se producen nos límites dos termos municipais e dos propios espazos da Rede Natura 2000 desde o ano 2012, así como a necesidade de adecuar as áreas de contacto de Terras do Miño coas doutras Reservas de Biosfera de Galicia, xustifican a necesidade de levar a cabo un novo reaxuste cartográfico (2003), asignándose así á Reserva de Biosfera Terras do Miño unha superficie de 363.752,64 ha, das que 35.502,50 ha (9,76%) correspóndese coas Zonas Núcleo, 79.982,44 ha (21,99%) coas Zonas Tampón e 248.267,70 ha (68,25%) coas Zonas de Transición

Na configuración actual da zonificación da Reserva de Biosfera Terras do Miño (2023), as Zonas Núcleo atópanse rodeadas por Zonas Tampón. Nas zonas Núcleo e Tampón a presenza de núcleos de poboación é reducida, e na maioría dos casos correspóndense con explotacións familiares de agricultores. A maioría da poboación da Reserva distribúese na ampla zona de transición que inclúe a capitalidade provincial (Lugo) e a capitalidade dos distintos termos municipais. A cidade de Lugo posúe dous elementos declarados pola UNESCO como Patrimonio Mundial, a Muralla (2000) e a Catedral (2015). Xunto a estas designacións especiais, debe destacarse que o territorio da Reserva de Biosfera Terras do Miño é percorrido por distintas vías do “Camiño de Santiago de Compostela”, que posúen igualmente a designación de Patrimonio Mundial (Camiño Francés, Camiños do Norte de España).

Axustes na zonificación da Reserva de Biosfera

Zonas	Declaración - 2002		Reaxuste - 2012		Reaxuste - 2023	
	Superficie	Porcentaxe	Superficie	Porcentaxe	Superficie	Porcentaxe
Núcleo	35.505,1	9,8 %	35.501,85	9,76%	35.502,50	9,76%
Tampón	79.934,5	22,0 %	79.984,54	21,99%	79.982,44	21,99%
Transición	248.229,3	68,2 %	248.262,34	68,25%	248.267,70	68,25%
Reserva	363.668,9	100,00%	364.748,72	100,00%	363.752,64	100,00%


Táboa 6.1. Superficies (ha) consignadas na declaración da Reserva de Biosfera (2002) e valores tralos procedementos de reaxuste cartográfico realizados no ano 2012 e no 2023.

Datos actuais de superficies da Reserva de Biosfera

Zonas	Mariña	Terrestre	Total	%
Núcleo	-----	35.502,50	35.502,50	9,76%
Tampón	-----	79.982,44	79.982,44	21,99%
Transición	-----	248.267,70	248.267,70	68,25%
Reserva	-----	363.752,64	363.752,64	100,00%

Tabla 6.2. Superficies (ha) actuais da Reserva de Biosfera Terras do Miño.

Datos actuais de superficies da Reserva de Biosfera



Zonificación da Reserva: Zonas Núcleo ■, Zonas Tampón ■, Zonas Transición ■

Figura 6.1. Distribución porcentual das unidades de zonificación da Reserva de Biosfera Terras do Miño

As dimensións da zona núcleo permiten o cumprimento das funcións de conservación que debe posuír unha Reserva de Biosfera, posto que a mesma comprendería unha mostra significativa de ecosistemas e paisaxes naturais e seminaturais de diferentes dominios nos que se inclúe un notable elenco de tipos de hábitats e especies de interese para a conservación.

❖ Zonas núcleo

Na Estratexia de Sevilla (UNESCO, 1995), considérase que as zonas núcleo son áreas nas que se permita e asegure, a longo prazo, a conservación da Diversidade Biolóxica. Nelas é posible efectuar aproveitamentos e actividades que non supoñan unha diminución do seu estado de conservación, ademais de actuacións de investigación, vixilancia e restauración dos ecosistemas, ou ben actuacións de tempo libre e formativas pouco perturbadoras.

Na Memoria de declaración da Reserva de Biosfera Terras do Miño, as zonas núcleo identifícanse con dúas unidades. 1.- Os paisaxes da auga, estruturados os corredores ecolóxicos fluviais que percorren a Conca Alta do Miño. E 2.- A paisaxe da montaña do Xistral, como área central das Serras Setentrionais de Galicia.

A paisaxe destas zonas aparece conformada maioritariamente por hábitats naturais e seminaturais, así como de agrosistemas e silvosistemas. No límite establecido para ámbalas unidades non se atopan asentamentos importantes de poboación, aínda que se poden atopar vivendas ou pequenos grupos de vivendas illadas de agricultores. As zonas núcleo da Reserva de Biosfera Terras do Miño, abarcan unha superficie de 35.500 ha (9,76%).

Os paisaxes da auga, que comprende os leitos e ribeiras dos principais tramos do do río Miño, integrando os bosques aluviais asociados a eles e os diversos medios lacunares e outros tipos de humidais (queirigais húmidos, herbais higrófilos, turbeiras). Trátase pois dun complexo sistema de corredores ecolóxicos que percorre a Reserva de Biosfera, desde os tramos altos aos tramos medios e maduros. Esta unidade ocupa unha superficie de máis de 14.000 ha (41% da zona núcleo da Reserva), da que un 30% atópase estritamente protexida, ao formar parte da ZEC Parga-Ladra-Támoga.

Mapa de zonificación da Reserva de Biosfera




Figura 6.2. Imaxe esquerda: zonificación tomada da Memoria declarativa. Imaxe dereita: espazos da Rede Natura sobre os que se configura a delimitación das zonas núcleo da Reserva.

A outra gran zona núcleo da Reserva de Biosfera, correspóndese coas paisaxes de montaña do Xistral. Esta unidade designa ao contraforte principal do conxunto montañoso coñecido como Serras Setentrionais de Galicia, a cal actúa de divisoria entre o espazo litoral-sublitoral do Norte de Galicia e a Galicia Interior. A área núcleo establecida no ámbito das Serras Setentrionais de Galicia (Serra do Xistral), comprende unha superficie de máis de 21.000 ha (59 % da zona núcleo da Reserva de Biosfera). Incluída dentro da ZEC Serra do Xistral. Esta zona alberga un complexo mosaico de humidaís de montaña, cuxa configuración é o resultado dos grandes cambios climáticos e ambientais que se produciron durante o Plistoceno e o Holoceno, así como dos usos e aproveitamentos que desde a Prehistoria e durante os tempos históricos, realizaron as comunidades humanas. Os hábitats característicos desta zona correspóndense con: Turbeiras de Cobertor Activas, Turbeiras Altas Activas, Mires de Transición, Turbeiras Boscosas, Queirogais húmidos, Lagoas distróficas e Oligotróficas, así como distintos tipos de ecosistemas ligados aos afloramentos rochosos silíceos, bosques antigos de especies caducifolias (*Quercus robur*, *Quercus pirenaica*), aveledos, bosques de barrancos, bidueirais, acebedas (*Ilex aquifolium*).

❖ Zonas tampón

As zonas tampón ou de amortecemento xeralmente circunda ás zonas núcleo ou colinda con elas. Estas unidades poden acoller distintos tipos actividades e aproveitamentos sostibles, tanto produtivos (agricultura, gandería, explotacións forestais), como vinculados con actividades formativas (educación ambiental, educación regrada), o uso público (recreación, educación ambiental, turismo ecolóxico) e a investigación. Na Reserva de Biosfera Terras do Miño, as Zonas Tampón ocupan 79.984,54 ha, representando un 21,99% do total da Reserva. A paisaxe destas zonas aparece conformada maioritariamente por hábitats naturais, seminaturais, agrosistemas e silvosistemas. Do mesmo xeito que nas zonas núcleo, nos límites establecidos para as distintas zonas tampón non se atopan asentamentos

importantes de poboación, aínda que se poden observar vivendas ou pequenos grupos de vivendas illadas de agricultores.

As Zona Tampón da Reserva de Biosfera Terras do Miño pódense agrupar en 3 unidades: 1.- Unidade contigua aos paisaxes da auga. 2.- Unidade contigua ás paisaxes de montaña do Xistral e 3.- Os contrafortes montañosos non integrados na unidade Sierra do Xistral.

A **zona tampón dos paisaxes da auga** abarca unha franxa de 300 m de ancho en ámbalas marxes rodeando aos leitos de auga das zonas núcleo. Esta anchura pode verse incrementada en lugares puntuais debido á presenza de hábitats de interese comunitario. Na memoria Declarativa indícase que nesta zona promoverase unha xestión acorde cos obxectivos de conservación da zona núcleo adxacente, particularmente coas actividades implicadas directa ou indirectamente nos cursos de auga: actividades agrogandeiras, xestión de bosques aluviais, restauración de áreas degradadas etc.

A **zona tampón das paisaxes de montaña** do Xistral rodea externamente o espazo ZEC Serra do Xistral. Na memoria Declarativa indícase que nesta zona levaranse a cabo formas de manexo compatibles coas paisaxes, ecosistemas e as especies para protexer, así como a restauración e cambio de uso daqueles incompatibles coas funcións das Reservas da Biosfera.

A terceira unidade de zona tampón: "**Zona tampón dos contrafortes montañosos**", abarca aqueles espazos situados a máis de 600 m de altitude que non se integran na unidade Serra do Xistral, e que comprende aos rebordes montañosos que delimitan externamente a Reserva. Esta área inclúe un gran número de nacentes e humidais que alimentan os distintos cursos fluviais que alimentan a Conca Alta do río Miño.

❖ Zonas de transición

O Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas de Biosfera (UNESCO, 1995), define as zonas de transición como unha zona exterior (ás zonas núcleo e tampón) onde se fomenten e practiquen formas de explotación sostible dos recursos". As zonas de transición poden ter diferentes tipos de aproveitamentos dos recursos naturais, así como de asentamentos humanos, establecendo un marco adecuado onde as comunidades locais, os organismos de xestión, os científicos, as organizacións non gobernamentais, os grupos culturais, o sector económico e outros interesados traballen conxuntamente na administración e o desenvolvemento sostible dos recursos da zona.

A zona de transición da Reserva da Biosfera de Terras do Miño, ocupa unha superficie de 248.262,34 ha, representado o 68,25% da superficie total. Alberga a maioría dos núcleos de poboación existentes na Reserva e a maior parte das zonas onde se desenvolven actividades produtivas. A maior parte da superficie está representada por distintos tipos de agrosistemas. Na zona de transición aséntase o 90% da poboación humana que vive na Reserva de Biosfera Terras do Miño.

Mapa de zonificación da Reserva de Biosfera Terras do Miño

Ano 2023




Figura 6.3. Mapa de zonificación da Reserva de Biosfera Terras do Miño (2023)

Mapa de zonificación da Reserva de Biosfera Terras do Miño

Ano 2012




Figura 6.4. Mapa de zonificación da Reserva de Biosfera Terras do Miño (2012)

Mapa de zonificación da Reserva de Biosfera Terras do Miño

Ano 2012




Figura 6.5. Mapa de zonificación da Reserva de Biosfera Terras do Miño. Delimitación das zonas núcleo (2012)

Mapa de zonificación da Reserva de Biosfera Terras do Miño

Ano 2002





Figura 6.6. Mapa de zonificación da Reserva de Biosfera Terras do Miño incluída na memoria declarativa (2002)

6.1 Conectividade entre as Reservas de Biosfera

Trala declaración da Reserva de Biosfera Terras do Miño (2002) declarouse en Galicia a Reserva de Biosfera do Área de Allariz (2005), a Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Navia e Becerreá (2006), a Reserva de Biosfera Río Eo, Oscos, e Terras de Burón (2007), a Reserva de Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés (2009), a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (2013) e finalmente a Reserva de Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel (2021).

Reservas de Biosfera en Galicia




Reservas de Biosfera en Galicia: Reserva interautonómica Río Eo, Oscos e Terras de Burón [1]. Terras do Miño [2]. Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo [3]. Os Ancares Lucenses e Montes de Navia e Becerreá [4]. Área de Allariz [5]. Reserva de Biosfera Transfronteiriza de Gerês-Xurés [6]. Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel [7]

Figura 6.7. Situación actual (2023) das Reservas da Biosfera en Galicia.

A Reserva de Biosfera de Terras do Miño contacta con tres das Reservas de Galicia: Eo, Oscos e Terras de Burón; Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, e Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, o que obrigou a axustar os límites entre as devanditas Reservas e as súas unidades de zonificación, evitando tanto solapes, como áreas mortas, ou discordancia entre as unidades zonificación e áreas contiguas. Así a zonificación exposta en Terras do Miño en relación cos corredores ecolóxicos fluviais se continúa na Reserva de Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, conectando así a conca Alta do Miño coa conca Media (Miño-Sil). Esta mesma coherencia apréciase nos límites de Terras do Miño coa Reserva de Biosfera Río Eo, Oscos, e Terras de Burón e coa Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Reservas de Biosfera en Galicia



Reservas de Biosfera en Galicia: Terras do Miño [A]. Reserva interautonómica Río Eo, Oscos e Terras de Burón [B]. Os Ancares Lucenses e Montes de Navia e Becerreá [C]. Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel [D]. Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo [E]

Figura 6.8. Zonificación da Reserva de Biosfera Terras do Miño.

7

Órganos de Gobierno e participación da Reserva de Biosfera

A Estratexia de Sevilla e o Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas de Biosfera (Conferencia Xeral da UNESCO, 1995, 28th. sesión), así como a normativa española (Lei 42/2007, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade; Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público), regulan os aspectos básicos para articular os órganos dunha Reserva de Biosfera.

126

O Boletín Oficial da Provincia de Lugo publicou no ano 2010, o Regulamento do Órgano de Xestión da Reserva da Biosfera de Terras do Miño (Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 274, Luns 29/11/2010).

No Regulamento indícase que o “Órgano de Xestión” da Reserva de Biosfera de Terras do Miño é un órgano especial da administración sen personalidade xurídica propia, para a xestión da Reserva, que se constitúe ao amparo do disposto no artigo 85.2.A).a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 67.1.b) do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e que se rexe polo presente Regulamento e sometido ao resto do ordenamento xurídico. O órgano de xestión da Reserva da Biosfera de Terras do Miño (en diante, órgano de xestión da Reserva) está integrado na Deputación Provincial de Lugo, tendo por obxecto a realización de accións para a planificación e xestión da Reserva da Biosfera de Terras do Miño designada pola UNESCO o 16/12/2002.

O órgano de xestión da Reserva está composto polos seguintes órganos:

- 1.- Un Órgano Reitor
- 2.- Un Órgano de Participación
- 3.- Un Director-Xerente

Son fins xerais do órgano de xestión:

- 1.- Supervisión e tutela da planificación e xestión da Reserva, coordinando e colaborando na execución de actuacións de conservación e desenvolvemento sostible, incluíndo desde a sensibilización, educación e formación, ata o deseño, desenvolvemento, execución e xestión de proxectos e promoción da investigación sobre a conservación e xestión dos recursos naturais e o desenvolvemento compatible das sociedades humanas, así como a realización de actividades relacionadas cos principios e obxectivos da cooperación para o desenvolvemento
- 2.- Contribuír á conservación das paisaxes, os ecosistemas, as especies e a diversidade xenética.
- 3.- Fomentar un desenvolvemento económico e humano sostible desde os puntos de vista sociocultural e ecolóxico.
- 4.- Prestar apoio a proxectos de demostración, de educación e capacitación sobre o medio ambiente e a proxectos de investigación e observación permanente en relación con cuestións locais, rexionais, nacionais e mundiais de conservación e desenvolvemento sostible.
- 5.- Colaborar coa Rede Española de Reservas da Biosfera e contribuír á transferencia de información entre os distintos escenarios no que resulte de aplicación, en canto ao resultado de investigacións, métodos de xestión ou experiencias para a solución de problemas concretos.

Para o cumprimento das súas finalidades e obxectivos, e daccordo coa normativa aplicable, o órgano de xestión pode:

- 1.- Realizar actos de administración e de administración de bens.
- 2.- Obter subvencións e axudas de persoas públicas e privadas.
- 3.- Regulamentar o seu propio funcionamento.
- 4.- Realizar, en xeral, todos os actos necesarios para cumprir os obxectivos establecidos no presente Regulamento.

3.1. Órgano Reitor da Reserva de Biosfera

O Órgano Reitor é o órgano de goberno e xestión da Reserva, desde o cal se asumen as funcións de deliberación, decisión e execución. Son competencias do Órgano Reitor:

- 1.- Supervisar e tutelar a dirección, administración e conservación da Reserva.
- 2.- Promover a elaboración dos instrumentos de planificación e seguimento específicos, así como das súas revisións periódicas, proponendo a súa aprobación, previo informe non vinculante do Órgano de Participación.
- 3.- Exercer a representación da Reserva no marco do Programa MaB e nas distintas redes de Reservas da Biosfera.
- 4.- Proponer aos órganos competentes a celebración dos convenios de colaboración que se estimen necesarios.
- 5.- Aprobar a memoria anual de actividades e cantos outros informes sexa preceptivo emitir.
- 6.- Aceptar calquera tipo de achega ou doazón de persoas físicas ou xurídicas destinadas a mellorar a Reserva.
- 7.- Definir a composición do Órgano de Participación.
- 8.- Proponer o nomeamento ou cesamento do Director-Xerente.
- 9.- Todas aquelas actuacións que se consideren necesarias para o mellor cumprimento dos obxectivos do órgano de xestión da Reserva.
- 10.- Actuará como Comisión de Seguimento do presente Regulamento, tendo como función o seguimento e control do cumprimento dos acordos, resolvendo as dúbidas que poida suscitar a

súa interpretación ou aplicación.

11.- Proponer as modificacións do presente Regulamento, para o que será necesario o voto favorable da maioría dos votos dos seus membros.

12.- Coordinar a participación da Reserva nas Redes de Reservas da Biosfera e no Comité Español do Programa MaB da UNESCO.

O Órgano Reitor está composto por: Presidente, Vicepresidente, Secretario e Vocais. O número de membros do Órgano Reitor non poderá exceder de nove (9), dos cales máis da metade dos compoñentes haberán de ser deputados provinciais electos, podendo ser o resto nomeados entre persoas de adecuados coñecementos técnicos e de recoñecido prestixio.

Os membros do Órgano Reitor exercerán o seu cargo o tempo máximo dun mandato da Corporación Provincial, podendo ser designados e nomeados unha ou máis veces por períodos de igual duración, todo iso sen prexuízo de que os vogais poidan ser removidos con anterioridade por acordo da institución ou órgano que os designara.

Ocupará a Presidencia do Órgano Reitor o Presidente da Deputación Provincial de Lugo ou deputado/a en quen delegue. O Presidente do Órgano Reitor exercerá as seguintes funcións:

- 1.- Ostentar a representación do órgano de xestión da Reserva, salvo naquelas funcións de carácter técnico encomendadas ao Director-Xerente, exercendo a súa dirección, así como executar os acordos adoptados nas sesións da mesma.
- 2.- Visar as actas e certificacións dos acordos dos órganos.
- 3.- Acordar a convocatoria das sesións, fixando a orde do día das mesmas.
- 4.- Presidir as sesións e moderar os debates que se produzan no desenvolvemento destas, velando polo cumprimento das funcións que lle competen ao órgano. Para os efectos da adopción de acordos, o voto do Presidente ou de quen legalmente o substitúa será cualificado e dirimirá para o suposto de empate.
- 5.- Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal o Presidente será substituído polo Vicepresidente.
- 6.- Solicitar en nome do Órgano Reitor a colaboración que estime pertinente a institucións, autoridades, organismos, asociacións e particulares.
- 7.- Asumir ou delegar nalgún outro membro do Órgano Reitor as responsabilidades e atribucións do Director/a Xerente no caso deste cargo quedar vacante.
- 8.- No caso de non crear a figura do Director-Xerente, designar á persoa que asumirá as responsabilidades previstas por este Regulamento para este cargo, ou asumir, se así o decide, as súas funcións.
- 9.- Cumprir e facer cumprir o presente Regulamento e os acordos que se tomen por parte do Órgano Reitor.
- 10.- Exercer todas aquelas funcións que sexan inherentes á súa condición de Presidente.

O Presidente poderá nomear suplentes dos vogais para os casos en que estea xustificada a ausencia dos membros titulares. Os membros suplentes substituirán aos titulares nos supostos de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa lexítima que poida ser debidamente xustificada.

Será Vicepresidente o deputado delegado da área de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo ou deputado/a en quen delegue. Correspóndelle ao Vicepresidente as seguintes funcións:

- 1.- Substituír ao Presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, exercendo as funcións que lle foron atribuídas.
- 2.- Todas aquelas funcións que lle delegue o Presidente.

Será Secretario o Secretario Xeral da Deputación de Lugo ou funcionario xurídico da Deputación en quen delegue. Correspóndenlle á Secretaría as seguintes atribucións:

- 1.- Efectuar a convocatoria das sesións por orde do seu Presidente/a, así como proceder á citación dos membros do Órgano Reitor.
- 2.- Recibir calquera comunicación ou certificación dos membros do Órgano Reitor das que deba ter coñecemento.
- 3.- Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións e dar curso aos acordos que se adopten.
- 4.- Expedir certificacións das actas, consultas, informes, ditames, votos particulares e outros documentos confiados á súa custodia.
- 5.- Aquelas outras funcións que lle sexan inherentes á súa condición de secretario/a.

Son vogais do Órgano Reitor da Reserva:

- 1.- Un representante de cada un dos grupos constituídos no seo da Corporación da Deputación Provincial de Lugo.
- 2.- Un representante da Administración Xeral do Estado: Ministro/a para a Transición ecolóxica e Reto demográfico ou persoa en quen delegue.
- 3.- Un representante da Xunta de Galicia: Conselleiro/a de Medio Ambiente, Territorio e Vivendia ou persoa en quen delegue.
- 4.- Dous técnicos de recoñecido prestixio e de adecuados coñecementos técnicos, do ámbito universitario e científico, que serán nomeados polo Presidente do Órgano Reitor a proposta dos demais membros do Órgano Reitor previa consulta ao Órgano de Participación.

Poderán incorporarse ao Órgano Reitor como asesores os funcionarios da Deputación Provincial de Lugo ou de Concellos relacionados coa Reserva e a requirimento do Presidente do Órgano Reitor. O Órgano Reitor reunirse semestralmente como mínimo, previa convocatoria da Presidencia, ou do Secretario por orde do Presidente, cunha antelación non inferior a 10 días.

129

Correspóndenlles os seguintes dereitos:

- 1.- Recibir, cunha antelación mínima de 48 horas, a convocatoria na que figurará a orde do día previsto para as reunións.
- 2.- Participar nos debates que se susciten nas reunións.
- 3.- Participar con voz e voto nas sesións do Órgano Reitor.
- 4.- Exercer o seu voto e formular, se se dan as circunstancias, o seu voto particular.
- 5.- Propoñer o nomeamento de especialistas de recoñecido prestixio para aqueles supostos en que así se estipule.
- 6.- Acceder a toda a documentación que obre en poder da Secretaría do Órgano Reitor.
- 7.- Todas aquelas funcións que sexan inherentes ao desempeño do seu cargo.

Os membros do Órgano Reitor teñen os seguintes deberes:

- 1.- Asistir ás sesións do Pleno ás que fosen convocados e, participar nesas actividades. No caso de que non poidan asistir deberán comunicarllo ao seu suplente coa debida antelación.
- 2.- Adecuar a súa conduta ao presente Regulamento e ás directrices e instrucións que, no seu propio desenvolvemento, dite o Órgano Reitor.
- 3.- Gardar reserva en relación coas actuacións do Órgano Reitor que, por decisión dos seus órganos, declárense reservadas.

4.- Non facer uso da condición de membro do Órgano Reitor para o exercicio de actividades non relacionadas estritamente con este órgano.

3.2. Director/a Xerente da Reserva de Biosfera

O Director/a Xerente é un órgano facultativo que será nomeado ou cesado polo Presidente do Órgano Reitor a proposta do devandito órgano e previo debate no Órgano de Participación. No caso de vacante as súas responsabilidades e atribucións recaerán na Presidencia do Órgano Reitor, que poderá delegalas en calquera membro deste órgano. O Director/a-Xerente, é o responsable da dirección administrativa e técnica da Reserva. O cargo de Director/a-Xerente poderá ser gratuito ou retribuído, segundo decida o Presidente do Órgano Reitor. O Director/a Xerente participará nas reunións do Órgano reitor con voz e sen voto.

Corresponden ao Director/a-Xerente as seguintes atribucións e funcións:

- 1.- A dirección administrativa e técnica da Reserva.
- 2.- Supervisar e coordinar a redacción dos instrumentos e informes específicos de xestión da Reserva, así como os derivados do Plan de Acción da Reserva.
- 3.- Elaborar proxectos ou plans de actuación e programas seguindo as directrices do Órgano Reitor, para o seu debate e aprobación por este órgano.
- 4.- Informar sobre o funcionamento, custo e rendemento dos servizos ao seu cargo, propondo as medidas oportunas para a súa mellora.
- 5.- Levantar acta das deliberacións e acordos adoptados no Órgano de Participación.
- 6.- O cumprimento dos deberes documentais nos termos que legalmente correspondan.
- 7.- Elaborará e presentará ao Órgano Reitor un informe anual das actividades e do estado económico das mesmas.
- 8.- Ostentar a representación da Reserva da Biosfera nas reunións técnicas do Consello de Xestores de Reservas da Biosfera no marco do Comité Español do Programa MaB da UNESCO.
- 9.- Informar ao Órgano Reitor, e no seu caso ao Órgano de Participación, sobre as decisións, programas, actividades do Consello de Reservas da Biosfera do Comité Español do Programa MaB da UNESCO.
- 10.- Elaborar os informes e documentos que solicite o Comité Español do Programa MaB da UNESCO.
- 11.- Aqueloutras funcións de carácter administrativo, técnico, ou de representación encomendadas polo Órgano Reitor.

3.3. Órgano de participación da Reserva de Biosfera

O Órgano de Participación da Reserva estará conformado por representantes tanto das administracións públicas, como de asociacións, organizacións, institucións e colectivos que desenvolvan actividades nos aspectos vinculados ao cumprimento dos obxectivos da Reserva, ou que sexan representativos de intereses sociais, económicos ou ambientais cuxos fins sexan acordos cos principios inspiradores do Programa MaB da UNESCO.

O Órgano de Participación da Reserva ten como obxectivo o de servir de apoio, asesoramento e consulta ao Órgano Reitor, mediante o estudo e debate dos instrumentos e actuacións relativas á Reserva, en particular das que se aborden no marco do seu Plan de Acción da Reserva, así como participar activamente na xeración de novas iniciativas.

O Órgano de Participación poderá ser tanto de carácter coordinador como consultivo, na forma en que se determine por parte do Órgano Reitor. En todo caso, o Órgano de Participación non terá facultades decisorias.

A composición e o funcionamento do Órgano de Participación regularase nos acordos plenarios polos que se constitúan. En todo caso terase en conta:

- 1.- O Presidente do Órgano de Participación será o da Deputación, ou deputado/a en quen delegue
- 2.- Entre os vogais haberá un representante de cada un dos grupos constituídos no seo da Corporación da Deputación, debendo así mesmo formar parte deste un representante de cada un dos 26 Concellos que teñan todo ou parte do seu termo municipal na Reserva da Biosfera
- 3.- No Órgano de Participación poderán participar os representantes sociais de sectores interesados no desenvolvemento da Reserva a través de entidades con implantación na zona. Neste caso poderán participar:

Representantes das organizacións agrarias.

Representantes das comunidades de montes veciñais en man común

Representantes das organizacións ecoloxistas.

Representantes das organizacións de turismo rural e/ou casas rurais.

Representantes das asociacións de defensa do Patrimonio.

E aqueloutros que, polo seu interese, coñecementos, experiencia ou sensibilidade, acorde incluír o Órgano Reitor da Reserva.

Na proposta e designación dos membros que non teñan a condición de cargos natos procurarase a composición de xénero equilibrada segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. O Órgano de Participación reunirse cantas veces sexa necesario para o exercicio das funcións que teñen encomendadas, cunha periodicidade mínima anual. O lugar de reunión decidirao o Presidente do Órgano de Participación e poderá ser de forma rotatoria en cada un dos concellos que integran a Reserva.

A finalidade do Órgano de Participación é a de garantir a participación e colaboración na xestión da Reserva das diferentes administracións públicas con competencias específicas neste ámbito territorial e dos representantes de colectivos que desenvolvan actividades nos aspectos vinculados ao cumprimento dos obxectivos da Reserva, e cuxos fins sexan acordes cos principios inspiradores da Estratexia de Sevilla.

O Órgano de Participación servirá de apoio ao Órgano Reitor, mediante o estudo e debate dos instrumentos e actuacións relativas á Reserva, e en particular das que se aborden no marco do seu Plan de Acción [Plan de Xestión].

Son fins xerais do Órgano de Participación:

- 1.- Promover iniciativas e programas de desenvolvemento e de conservación, e participar naqueles promovidos polas distintas Administracións Públicas.
- 2.- Contribuír á cohesión e ao dinamismo social da Reserva e posibilitar a participación e coordinación das administracións implicadas para definir solucións globais ás necesidades da Reserva.
- 3.- Promover a captación, coordinación e xestión de axudas e fondos comunitarios e doutras entidades, e Administracións que os outorguen, que revertan na mellora da calidade de vida dos habitantes da Reserva, da contorna ambiental da mesma, e no apoio á investigación no seu

ámbito.

- 4.- Promover actividades que revertan na diversificación socioeconómica da Reserva.
- 5.- Contribuír á conservación e fomento do patrimonio natural e cultural da Reserva e á difusión dos seus valores.
- 6.- Promover investimentos e servizos propios da Reserva.
- 7.- Promover acordos de colaboración con outras entidades que coincidan substancialmente cos obxectivos da Reserva.
- 8.- Posibilitar entre os asociados o intercambio de experiencias e metodoloxías de intervención no ámbito do desenvolvemento sostible.
- 9.- Participar nos plans, programas ou proxectos promovidos a nivel local ou sectorial que poidan incidir nos seus labores.
- 10.- Promover criterios e medidas para coordinar harmonicamente os intereses e as actividades dos sectores representados cos obxectivos e as actuacións na Reserva.
- 11.- Expoñer ao Órgano Reitor de Reserva iniciativas, propostas e suxestións para o mellor logro das finalidades de coordinación, harmonización e participación e, en xeral, dos obxectivos específicos da Reserva.
- 12.- Emitir informe sobre os asuntos que o Órgano Reitor da Reserva lle someta.

8

Articulación do Plan de Xestión da Reserva de Biosfera

O Plan de Xestión da Reserva de Biosfera Terras do Miño [RBTM], estrutúrase en 4 grandes liñas establecidas en conformidade cos obxectivos e directrices do Programa Home e Biosfera e, concretamente, coas contidas no Plan de Acción de Lima para a Rede Mundial das Reservas de Biosfera, e no Plan de Acción de Ordesa - Viñamala para a Rede de Reservas de Biosfera Españolas.

133

Liñas de actuación do Plan de Xestión

- Liña 1 Xestión adaptativa da Reserva de Biosfera
- Liña 2 Función de conservación da Reserva de Biosfera
- Liña 3 Función de desenvolvemento socio-económico da Reserva de Biosfera
- Liña 4 Función de apoio loxístico da Reserva de Biosfera

Táboa 8.1. Liñas de actuación do Plan de Xestión da Reserva de Biosfera Terras do Miño.

Cada unha das Liñas do Plan de Xestión vincúlase cos obxectivos contemplados no Plan de Acción de Lima para a Rede Mundial das Reservas de Biosfera e o Plan de Acción de Ordesa-Viñamala para a Rede Española de Reservas de Biosfera, incorporando no ámbito da función de conservación as liñas contempladas Convenio sobre a Diversidade Biolóxica, así como os obxectivos e metas fixados no 2022 no Marco mundial Kunming-Montreal da diversidade biolóxica. En cada unha das liñas fíxanse distintas actuacións, que se describen brevemente, indicando ademais os responsables directos da súa execución e o período temporal contemplado para o seu desenvolvemento.

O número final de accións expostas no Plan é de 15, 4 na liña de Xestión adaptativa da Reserva de Biosfera, 3 para a liña de Actuacións vinculadas coa función de conservación, cinco para a

línea de Actuacións vinculadas coa función de desenvolvemento socio-económico, e tes actividades ligadas á función de apoio loxístico da Reserva de Biosfera.

Liña 1 Xestión adaptativa da Reserva de Biosfera

✕ Accións

- **Acción 1.1.** Mellora do funcionamento da Reserva.
- **Acción 1.2.** Colaborar cos órganos de xestión doutras figuras de áreas protexidas, declaradas no territorio.
- **Acción 1.3.** Fortalecer as sinerxias coas entidades públicas e privadas do territorio.
- **Acción 1.4.** Estratexia de comunicación e difusión da Reserva.

Liña 2 Actuacións vinculadas coa función de conservación da Reserva

✕ Accións

- **Acción 2.1.** Asegurar o mantemento e o estado de conservación favorable dos compoñentes da Biodiversidade e Xeodiversidade da Reserva de Biosfera
- **Acción 2.2.** Conectividade ecolóxica
- **Acción 2.3.** Vixilancia e control de especies exóticas invasoras.

Liña 3 Actuacións vinculadas coa función de desenvolvemento socio-económico

✕ Accións

- **Acción 3.1.** Responsabilidade social.
- **Acción 3.2.** Medio rural.
- **Acción 3.3.** Medio urbano e áreas grises.
- **Acción 3.4.** Actividades de uso público.

Liña 4 Actuacións vinculadas coa función de apoio loxístico

✕ Accións

- **Acción 4.1.** Seguimento de compoñentes ecolóxicos e ambientais.
- **Acción 4.2.** Actividades educativas e desenvolvemento de capacidades.
- **Acción 4.3.** Redes.

Táboa 8.2. Accións expostas en cada unha das liñas de actuación do Plan de Xestión da Reserva de Biosfera Terras do Miño.

En cada unha das liñas establécense unha serie de indicadores para permitir unha adecuada valoración do grao de cumprimento e en consecuencia da consecución dos obxectivos do Plan. Entre os indicadores introdúcense os fixados polo Comité Español do Programa M&B no Cuestionario de seguimento da Rede Española de Reservas de Biosfera españolas.

Na descrición das distintas liñas empregáronse as seguintes abreviaturas: Reserva de Biosfera [RRBB]. Órgano Reitor da Reserva de Biosfera [ORRB]. Xestor da Reserva de Biosfera [Xestor]. Órgano de Participación da Reserva de Biosfera [OPRB].

Liña 1 Xestión adaptativa da Reserva de Biosfera

✘ Obxectivos estratéxicos:

Obxectivos estratéxicos acordados co Plan de Acción de Lima

- * Selección, planificación e implementación aberta e participativa das RRBB.
- * Integración das RRBB na lexislación, as normativas ou os programas pertinentes, xunto ao apoio ao funcionamento das RRBB.

✘ Accións.

● **Acción 1.1.** Manter os órganos da Reserva e fortalecer o seu funcionamento

O desenvolvemento normal da actividade da Reserva conleva a modificación dos seus órganos, cubrindo as vacantes nos mesmos, así como favorecendo os procesos de participación, así como a difusión dos acordos e medidas adoptadas.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Actualizar as posibles vacantes nos órganos de goberno da Reserva
 - ❖ Convocar e realizar as reunións ordinarias dos órganos da Reserva.
 - ❖ Facilitar os procesos de participación da cidadanía.
 - ❖ Difundir os acordos e medidas adoptadas na web
 - * **Axentes implicados** ORRB, OPRB, Xestor
 - * **Duración** Continuo ao longo do Plan
- #### ● **Acción 1.2.** Colaborar cos órganos de xestión doutras figuras de áreas protexidas, declaradas no territorio.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Colaborar cos xestores dos espazos naturais protexidos e dos espazos protexidos Natura 2000, existentes no ámbito territorial da Reserva de Biosfera.
- ❖ Propiciar en colaboración coas entidades xestoras dos espazos naturais protexidos e dos espazos protexidos Natura 2000, actuacións de restauración ambiental da contorna e de integración paisaxística.
- ❖ Coordinar as actuacións de uso público no territorio da Reserva, propiciando que estas se realicen de forma racional, sostible e segura para os usuarios, evitando ou reducindo ao mínimo os posibles impactos sobre os compoñentes do Patrimonio Natural e Cultural.
- ❖ Propiciar a integración do Patrimonio Natural e Cultural da Reserva na promoción e difusión desta, tanto no ámbito local, rexional como internacional.
- * **Axentes implicados** ORRB, Xestor, OPRB, outras entidades.
- * **Duración** Continuo ao longo do Plan.

● **Acción 1.3.** Fortalecer as sinerxias coas entidades públicas e privadas do territorio.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Promover, de ser necesario, acordos con entidades públicas ou privadas, para lograr o cumprimento dos obxectivos e fins da Reserva de Biosfera.
- ❖ Fomentar as actuacións coas entidades de custodia do territorio e as ONG de carácter ambiental.
- ❖ Fomento de experiencias de custodia do territorio en colaboración público-privada para poñer en marcha prácticas de manexo sostibles.
- ❖ Difusión da custodia do territorio, obxectivos e beneficios como fórmula adecuada de xestión.
- * **Axentes implicados** ORRB, OPRB, Xestor, outras entidades.
- * **Duración** Continuo ao longo do Plan.

- **Acción 1.4.** Estratexia de comunicación e difusión da Reserva.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Aprobar e difundir a memoria anual de actividades da Reserva de Biosfera.
- ❖ Creación dunha estratexia de comunicación da Reserva de Biosfera
- ❖ Manter e implementar a información da Reserva a través da súa propia páxina web e doutros medios de comunicación.
- ❖ Avaliar en coordinación coas administracións competentes a sinalización existente na Reserva, repoñendo a imprescindible e eliminando a reiterativa, innecesaria ou que xere un impacto visual.
- ❖ Establecer acordo co Comité Español de Reservas da Biosfera a sinalética da Reserva nas principais vías de Comunicación.
- ❖ Adecuar as instalacións de uso público no medio natural, tomando, no seu caso, medidas para mitigar os seus posibles impactos, e dotándoas dos servizos necesarios acordos coa súa tipoloxía e características.
- ❖ Elaboración de documentación divulgativa sobre a Reserva (guías, folletos, mapas, etc).
- * **Axentes implicados** Xestor, OPRB,
- * **Duración** Continuo ao longo do Plan.

✘ **Indicadores**

- ❖ Aprobación e difusión da memoria anual de actividades.
- ❖ Número de reunións dos órganos da Reserva realizadas por ano.
- ❖ Publicación dos acordos máis importantes na web e medios de comunicación.
- ❖ Elaboración da estratexia de comunicación da Reserva de Biosfera.
- ❖ Cumprimento dos apartados 1 a 4 do Cuestionario de seguimento das Reservas de Biosfera españolas aprobado no ano 2022 polo Comité Español do Programa M&B.

✘ **Valoración dos indicadores**

Valoración de 1 a 10 dos efectos/impactos das distintas iniciativas vinculadas coas distintas accións sobre o grado de cumprimento dos obxectivos estratéxicos considerados para a liña 1.

Liña 2 Actuacións vinculadas coa función de conservación da Reserva

✘ Obxectivos estratéxicos:

Obxectivos estratéxicos acordados co Plan de Acción de Lima.

- ✱ Recoñecemento das Reservas de Biosfera (RRBB) como modelos que contribúen á implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e dos Acordos Multilaterais Ambientais (AMUMA).
- ✱ Recoñecemento das RRBB como xeradoras e protectoras de servizos dos ecosistemas.

Obxectivos estratéxicos contemplados no Marco Global da Diversidade Biolóxica (CDB, 2022)

- ✱ Mantense, auméntase ou se restablece a integridade, a conectividade e a resiliencia de tódolos ecosistemas, aumentando substancialmente a superficie dos ecosistemas antes de 2050; Detense a extinción inducida polos seres humanos, e, para 2050, o ritmo e o risco da extinción de tódalas especies redúcese á décima parte, e a abundancia das poboacións silvestres autóctonas elévase a niveis saudables e resilientes; A diversidade xenética e o potencial de adaptación das especies silvestres e domesticadas mantense, salvagardando o seu potencial de adaptación.
- ✱ A diversidade biolóxica utilízase e xestionase de maneira sostible e as contribucións da natureza ás persoas, tales como as funcións e os servizos dos ecosistemas valóranse, mantéñense e mellóranse, cun restablecemento dos actualmente en declive, apoiando o logro do desenvolvemento sostible dentro dos límites planetarios.
- ✱ Os beneficios monetarios e non monetarios da utilización dos recursos xenéticos e dos coñecementos tradicionais asociados conexas, segundo proceda, compártense en forma xusta e equitativa, e en particular, cando corresponda, cos pobos indíxenas e as comunidades locais, e para 2050 incrementáanse substancialmente, á vez que se protexen os coñecementos tradicionais asociados cos recursos xenéticos, contribuíndo así á conservación e utilización sostible da diversidade biolóxica de conformidade cos instrumentos de acceso e participación nos beneficios acordados internacionalmente.
- ✱ Os medios de implementación adecuados, incluídos recursos financeiros, creación de capacidade, cooperación técnica e científica, e acceso a tecnoloxía e a súa transferencia, para implementar plenamente o Marco mundial Kunming-Montreal da diversidade biolóxica resérvanse e son accesibles de maneira equitativa a tódalas Partes, especialmente aos países en desenvolvemento e os países menos adiantados, os pequenos Estados insulares en desenvolvemento, e os países con economías en transición, reducindo gradualmente o déficit de financiamento da biodiversidade de 700.000 millóns de dólares dos Estados Unidos ao ano, e harmonizando os fluxos financeiros co Marco mundial Kunming-Montreal da diversidade biolóxica coa Visión da Diversidade Biolóxica para 2050.

✘ Accións.

- **Acción 2.1.** Asegurar o mantemento e o estado de conservación favorable dos compoñentes da Biodiversidade e Xeodiversidade da Reserva.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Propiciar o seguimento e avaliación do estado de conservación dos compoñentes da Biodiversidade e do Patrimonio Natural.
- ❖ Colaborar no mantemento ou mellora do estado de conservación de hábitats naturais – seminaturais, en especial aqueles incluídos no Anexo I da DC 92/43/CEE.
- ❖ Colaborar no mantemento ou mellora do estado de conservación das especies protexidas.
- ❖ Colaborar na sustentabilidade da actividade cinexética e piscícola.
- ❖ Fomentar a aplicación de medidas de adaptación fronte ao Cambio Climático Global.
- ✱ **Axentes implicados** Xestor, OPRB
- ✱ **Duración** Continuo ao longo do Plan.

● **Acción 2.2.** Conectividade ecolóxica e infraestruturas verdes.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Avaliar necesidades e medidas para a mellora da conectividade ecolóxica na Reserva.
- ❖ Promoción de medidas de restauración vinculadas coa infraestruturas verde.
- ❖ Favorecer a creación de illas de Biodiversidade nas grandes superficies de espazos artificiais.
- ❖ Promover e colaborar na redución ou mitigación dos impactos paisaxísticos.
- ❖ Promover a restauración, conservación ou creación de sebes vexetais nos agrosistemas.
- ❖ Promover a recuperación e mantemento de pequenas charcas e estanques especialmente como hábitats de poboacións de anfibios e invertebrados protexidos.
- ❖ Inventariar e avaliar os recursos etnobiolóxicos que forman parte da paisaxe rural tradicional e dos agrosistemas, incorporándoos ao catálogo aberto do Patrimonio inmaterial das Reservas de Biosfera Españolas.
- ❖ Fomentar a aplicación de medidas de adaptación fronte ao Cambio Climático Global.

* **Axentes implicados** Xestor, OPRB

* **Duración** Continuo ao longo do Plan.

● **Acción 2.3.** Vixilancia e control de especies exóticas invasoras.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Promover o seguimento e avaliación das especies exóticas e especialmente daquelas que manifestan un comportamento invasor no territorio e que sexan susceptibles de ser controladas.
- ❖ Promover accións de control (prevención, mitigación, erradicación) e restauración das áreas afectadas por especies exóticas invasoras.

* **Axentes implicados** Xestor, OPRB

* **Duración** Continuo ao longo do Plan.

✂ **Indicadores**

- ❖ Actuacións ligadas directamente cos ODS e os obxectivos do Marco Global da Biodiversidade (CDB-2022).
- ❖ Actuacións de diagnoses e seguimento dos compoñentes da biodiversidade.
- ❖ Actuacións para mellorar ou manter o estado de conservación favorable dos compoñentes da biodiversidade.
- ❖ Actuacións de restauración ou mellora da conectividade ecolóxica.
- ❖ Actuacións de control ou mitigación de especies exóticas invasoras.
- ❖ Cumprimento do apartado 5 do Cuestionario de seguimento das reservas de biosfera españolas aprobado no ano 2022 polo Comité Español do Programa M&B.

✂ **Valoración dos indicadores**

Valoración de 1 a 10 dos efectos/impactos das distintas iniciativas vinculadas coas distintas accións sobre o grao de cumprimento dos obxectivos estratéxicos considerados para a liña 2.

Liña 3 Actuacións vinculadas coa función de desenvolvemento socio-económico

✘ Obxectivos estratéxicos:

Obxectivos estratéxicos acordes co Plan de Acción de Lima

- * Recoñecemento das Reservas de Biosfera (RRBB) como modelos que contribúen á implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e dos Acordos Multilaterais Ambientais (AMUMA).
- * Sostibilidade Económica das RRBB.
- * Recoñecemento das RRBB como xeradoras e protectoras de servizos dos ecosistemas.
- * Xeración dos seus propios ingresos por parte das RRBB e as redes rexionais.
- * Recoñecemento do Programa MaB como socio clave por parte do sector privado.
- * Recoñecemento de que o Programa MaB contribúe ao cumprimento dos obxectivos dos programas de financiamento nacionais e rexionais.
